

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA 23 DE FEBREIRO DE 2015

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos.
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de febreiro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Escudero, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA

conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratarlos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(27).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 22.12.2014).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 22 de decembro de 2014.

(28).-INTERVENCIÓN DE D^a. XULIA ALONSO DÍAZ PARA EXPOR A PROBLEMÁTICA DOS AFECTADOS/AS POLA ENFERMIDADE DA “HEPATITE C”. EXPTE. 1049/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de febreiro de 2015, número 1049/1101, D^a Xulia Alonso Díaz presenta escrito solicitando a súa intervención no Pleno, para expoñer a problemática dos afectados/as pola enfermidade da Hepatite “C”.

PRESIDENCIA: Que tomen asento as representantes que son dona Xulia Alonso Díaz e D^a Julia Llopiz Pereira, como representantes da Plataforma Galega de Afectados Hepatite C.

SRA. ALONSO DÍAZ: Alcalde, concelleiros e concelleiras, antes de nada, agradecer a posibilidade de poder dirixinos directamente a vostedes e así expoñer con toda

claridade a insoportable situación que estamos vivindo ás persoas afectadas pola hepatitis C. Esta oportunidade de trasladar as nosas demandas de viva voz é moi valiosa para nós e queremos agradecer sinceramente o apoio mostrado dende a Alcaldía. Igualmente, agradecer ao Bloque Nacionalista Galego o interese mostrado desde o primeiro momento pola nosa situación, e o seu compromiso expreso cara a nós tanto no Parlamento de Galicia como nos concellos, tamén en Vigo. Grazas a todos e todas.

Nesta dolorosa situación na que está en xogo a supervivencia de moitos de nós, hai unha parte de sufrimento emocional na que sentir a proximidade dos que nos rodean, se ben non nos cura, si nos da forza para seguir adiante na nosa lexítima loita polo dereito constitucional da protección da saúde.

Señores/as cremos que é necesario facer un primeiro repaso polos antecedentes desta situación. Sabemos que o escandaloso do que acontece en relación coa hepatitis C fai que, aínda hoxe, moita xente non acabe de crelo. Mesmo para nós resulta inaudito, pero a contundencia da realidade golpéanos cada día que pasa sen unha solución e nos obriga, non só a encaixala senón tamén a repoñernos inmediatamente para facerlle fronte.

Os feitos son os seguintes: a hepatitis C é unha enfermidade causada por un virus que se transmite polo sangue, polo tanto, non é fácil de contraer. É un becho que vai roendo o fígado pouco a pouco sen dar mostras claras da súa actividade e, de feito, poden pasar moitos anos sen que o seu portador note os efectos devastadores da súa acción.

Por outra banda, a expansión da infección entre a poboación en todo o mundo ten moito que ver co feito de que o virus non se identificara cientificamente ata o ano 1989, polo que antes de esa data dificilmente se podía traballar eficazmente contra el. Así, e paradoxalmente, foi a través dos propios sistemas sanitarios onde o virus atopou un eficaz mecanismo de transmisión, a través do uso de material mal esterilizado ou transfusións sanguíneas contaminadas, non por negligencia, senón por falta de coñecemento suficiente.

E finalmente, mencionar os casos de transmisión de nai a fillo, onde a transmisión do virus se manifesta do xeito máis perverso. Non é unha vía frecuente, pero tendo en conta a proliferación da infección nas últimas décadas,

o número de casos ten que ser tomado en consideración, remarcando o feito de que estes nenos e nenas, mozos e mozas, conviven co virus desde o seu nacemento e moitos deles xa teñen o fígado danado. Por iso, desde a Plataforma Galega de afectados pola Hepatite C facemos fincapé nestes casos desde o primeiro día, porque son fillos nosos e a súa vida é, incluso, máis valiosa que a nosa.

Unha gran parte dos casos ata agora identificados de doentes de hepatite C estamos nunha fase avanzada, o que quere dicir que levamos moitos anos convivindo con este inquilino indesexable. Levamos moito tempo sendo atendidos por médicos especialistas nos hospitais públicos e estamos afeitos a manexar, con todas as dificultades facilmente imaxinables, a dor, o medo, a angustia e a tristeza. Así e todo, a forza da vida permite, non sabemos como, que sexamos capaces de tirar para adiante sempre coa esperanza de que apareza un novo avance científico que chegue a tempo de salvarnos. Ata agora, a única posibilidade de tratamento que os especialistas nos podían propoñer era unha longa e dura quimioterapia de entre seis a doce meses de duración que ofrecía unha taxa de curación baixa, pero curación en todo caso, e graves e duros efectos secundarios. Así, e este dato é moi importante, moitos de nós nos temos sometido a estes tratamentos non unha, senón dúas e ata tres veces.

A nula resposta por parte dalgúns e a gravidade dos efectos secundarios fan que os xa tratados sen éxito non teñamos posibilidades de curación coas terapias convencionais.

SRA. LLÓPIZ PEREIRA: E é neste punto onde se produce o gran acontecemento. Un acontecemento extraordinario que debería ser motivo dunha enorme alegría colectiva acompañada dun inmenso alivio para os afectados. O descubrimento de novos fármacos capaces de curar esta enfermidade. Este acontecemento ven precedido de anos de investigación. Como resultado, a finais do ano 2012, nas áreas sanitarias era de sobra coñecida a inminente chegada desta batería de fármacos de gran eficacia na eliminación do Virus da hepatite C, cunha toxicidade infinitamente menor que os usados ata ese momento. A maioría dos doentes tivemos coñecemento destes avances pola boca dos nosos especialistas,

ansiosos de ofrecernos algunha expectativa positiva para manternos fortes, pois a afectación emocional para calquera enfermo dunha doenza grave e incurable é facilmente entendible. Esta información tamén estaba dispoñible no ano 2012 no ámbito político competente nesta materia, como non pode ser doutro xeito, tendo en conta que entre os seus asesores contan con xente altamente cualificada.

Por fin, a aprobación polas autoridades europeas do primeiro destes fármacos, o famoso “sofosbuvir”, fíxose pública na segunda semana de xaneiro de 2014.

E é a partir desta data que a nosa espera comeza en converterse nunha tortura, un proceso na que todos os anuncios son esperanzadores pero que nunca se traducen en feitos concretos.

Como é posible que a chegada ao sistema sanitario público de novos fármacos que curan unha enfermidade mortal se converta nun pesadelo para os doentes da mesma?

Primeiro, o tempo de negociación cos laboratorios desde o Ministerio de Sanidade durou nove meses, ata o 1 de outubro de 2014.

Imaxinan o estado no que nese momento nos atopabamos xa as persoas afectadas por esta enfermidade? Imaxinan como se vive unha espera de esta envergadura?

Á impaciencia acumulada de tantos meses de espera engádese agora á fundada esperanza de que os tratamentos cheguen a tempo para moitos de nós. Xa están aquí, incluídos no catálogo de medicamentos do Sistema Nacional de Saúde.

Mais os tratamentos non chegan. Os doentes temos que cumprir certos criterios, non vale con padecer a enfermidade, hai que estar suficientemente grave. A información é confusa. Os nosos médicos tramitan as primeiras solicitudes e chegan as primeiras denegacións. Outras non teñen resposta. Ata finais de decembro o número de aprobacións é ínfimo. A desesperación se instala entre os pacientes. Non é ata mediados de xaneiro de 2015 cando o Ministro de Sanidade decide deseñar un plan estratéxico para a abordaxe da hepatitis C.

Que estiveron facendo durante todo este tempo? Como é posible que durante os meses de negociación cos laboratorios, durante nove meses non se realizara este traballo?

Mais a mobilización dos doentes consegue visibilizar ante a opinión pública esta escandalosa situación. As nosas demandas foron moi claras desde o primeiro momento, e quedaron recollidas no texto da moción que se levou ao Parlamento de Galicia e a este Concello. Dous puntos concretos.

1, garantir o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan, e que o acceso ás novas terapias se produza de acordo co criterio dos médicos especialistas que os atenden en cada caso.

2, que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias, de xeito inmediato á súa prescrición.

Esta moción foi aprobada neste Pleno coa abstención dos membros do grupo Popular, sen que podamos entender o por que dese posicionamento, tendo en conta, ademais, que o contido do Borrador do Plan Estratéxico anunciado desde o Ministerio hai uns días ven a darnos a razón logo de tantos meses de espera.

Como se xustifica todo este atraso? Son conscientes do sufrimento gratuito, o cansazo, a angustia que todo este despropósito provoca a milleiros de persoas enfermas con posibilidades reais de curación? Son conscientes de que, co seu apoio, axudaron a manter viventes unhas restricións que nada teñen que ver con criterios médico-científicos? Están dispostos a manternos máis tempo nesta insoportable situación?

O anuncio feito desde o Ministerio de Sanidade non pode ser un novo engano e isto só é posible se hai un compromiso presupostario que o sosteña. Isto aínda está por chegar e nós xa non podemos esperar máis.

É imprescindible, ademais, que ese compromiso sexa adquirido desde o goberno de Galicia, ata agora especialmente restritivo na aplicación destes criterios obsoletos e crueis.

Por iso, que neste crucial momento precisamos de tódolos apoios para conseguir que este anuncio se traduza, por fin, nunha realidade canto antes, pois o tempo xoga na nosa contra. Esta tortura ten que rematar e nas mans dos responsables políticos está a solución. Os criterios médicos avalan as nosas demandas, por tanto o noso tempo de espera ten que rematar xa, para que poidamos centrarnos na nosa saúde que é o prioritario.

Pero non podemos fiarnos, pois foron xa demasiados anuncios baleiros os que

recibimos ata agora. Desde aquí pedimos a toda a cidadanía de Vigo que acuda á manifestación que temos convocada para o vindeiro día 1 de marzo en Santiago de Compostela. Polo dereito á saúde, polo dereito á vida. Moitas grazas.

A Alcaldía-Presidencia dá as grazas pola súa intervención ás señoras dona Xulia Alonso e dona Julia Llopiz.

SRA. VELOSO RÍOS: Moitas grazas ás persoas que hoxe están aquí falando, poñendo voz ás demandas das persoas enfermas de Hepatite C que no noso país están vendo negado o seu dereito básico á vida. Deste tema xa falamos no anterior Pleno, e dende o Bloque Nacionalista Galego solicitamos e volvemos facelo hoxe, o apoio de tódalas forzas políticas que representamos á cidadanía de Vigo aquí neste Pleno, ás persoas enfermas de Hepatite C que están pedindo que se respecte o seu dereito á vida e que a administración lles dea os tratamentos que lles corresponden, estamos falando como moi ben explicaron e creo que xa no compre dar máis explicacións porque a situación quedou perfectamente explicada, correspóndelle un tratamento, un medicamento que está dentro do catálogo de medicamentos e polo tanto, teñen dereito a recibilo cando o seu médico especialista considera que é o máis oportuno e ademais está demostrado que pode curar unha grave enfermidade e se lles está negando por cuestión basicamente económicas. Nestes momentos, nesta situación vemos como a administración, o Estado, convertese en inimigo do cidadá/án, convertese no seu verdugo, e as persoas que estamos aquí elixidas cos votos democraticamente non estamos para iso, non estamos para ser os verdugos da cidadanía, senón que estamos para garantir en primeiro lugar, os dereitos básicos, que é do que estamos a falar aquí, do dereito básico á vida das persoas enfermas de Hepatite C que teñen todo o dereito a recibir o tratamento que lle corresponde. Nós insistimos, hoxe é o momento de manifestar o noso apoio firme ás persoas que están aquí reclamando un tratamento ao que teñen dereito, e que pode ser a diferenza entre a vida e a morte, son persoas con nomes e apelidos, con familias, non son números, non son partidas orzamentarias, son persoas que hoxe están aquí reclamando o seu dereito a vivir.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Hoxe é un día para a esperanza porque realmente o venres aprobouse o Plan estratéxico para a posibilidade e posibilitar o tratamento a tódolos pacientes que o requiran da Hepatite C. Hoxe é un día tamén para a esperanza e que coincide ese Plan estratéxico coas propostas que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego fixeron neste Pleno e que se negaron a votar o Partido Popular, non só neste Pleno senón noutras institucións e órganos de representación da sociedade civil. Unha vitoria sen dúbida importante, pero amarga porque nese camiño quedaron vidas humanas que xa non poderán beneficiarse gracias á obstrución, á negativa, o mal tratamento que se fixo deste tema por parte das autoridades sanitarias. Polo tanto, non pode ser doutra forma que nós rendamos dende aquí primeiro o noso parabén a vós que loitastes tanto por vós e pola sociedade, porque todos somos potencialmente pacientes desta enfermidade, polos nosos fillos, por todo, sodes un exemplo do que é o mellor da sociedade civil, sodes un exemplo que reproduce os valores mellores de tódolos comportamentos exemplares do que é a sociedade civil, organizada ao redor dun tema fundamental, a loita pola vida, e por iso paréceme dunha hipocrisía absoluta que aqueles que se lle enchen a boca de defender a vida humana, despois poñan obstrución, dificultades para defender a vida humana de persoas que xa existe e que teñen responsabilidades. Por iso non podo entender que dende as administracións da Sra. Mato, Sra. Farjas, en definitiva, do Goberno do Sr. Rajoy, se haxan posto dificultades que haxan atrasado o poder ter acceso a uns fármacos fundamentais que xa están non en catro países, en dez países de Europa e xa están aceptados e que realmente non hai límite para poder beneficiar aos cidadáns que o necesitan, haberá límites para outras cousas, pero para o que é a defensa da vida, da vida das persoas, non pode haber límite nin ampararse en supostas situacións económicas, non hai, e nunca o perdoaremos este tempo perdido e o dano que se fixo.

Por iso, paréceme que realmente algúns representantes deste Concello do Partido Popular poden a continuación poder falar se non é pedindo perdón por non haber apoiado no seu momento o que o propio ministerio avalou, que tiña toda a razón, o venres pasado. Creo que se merece a sociedade que se lle pida perdón porque

realmente se lle fixo moito dano, e nese sentido hoxe en día, día da esperanza porque estamos nesa liña, hoxe realmente creo que temos que ter a satisfacción inmensa de como vós, pacientes, fostes capaces de sensibilizar á sociedade para loitar por aquilo que é fundamental para a condición humana. Vós reconciliádenos co mellor da condición humana, vós sodes o mellor da representación da sociedade. Vós gañastes para todos, non para vós, unha paso máis na loita polo dereito á saúde e polos dereitos fundamentais da persoa, porque este é en definitiva o que se trataba e o que se nos negou a todos.

SRA. CENDÓN ALONSO: Unha vez máis reitero a nosa vontade de diálogo, nós estamos abertos a escoitalas cando queiran e cando o consideren oportuno, como xa o fixemos noutras ocasións e como seguiremos facendo. Nunca se lle pecharon as portas, sábeno ben, espero que se me escoite hoxe polo menos. Dicía no anterior Pleno que tiñamos tódalas nosas expectativas postas na redacción do Plan estratéxico, dicía no anterior Pleno que este Plan ía chegar antes de marzo, que ía chegar este mes, que o Sr. Rubén Moreno anunciara que se non o presentaba era por respecto aos afectados que serían os primeiros en coñecelo e as comunidades autónomas que tiñan aprobada unha estratexia común.

O venres foi presentado e penso que todos deberíamos congratularnos deste Plan porque hai unha satisfacción plena por parte das sociedades científicas que comunicaron que acadaran as súas expectativas de tratamento a todos aqueles que o precisaban sen criterios económicos, o que nós mantiñamos tamén naquela ocasión, satisfacción plena por parte das plataformas de afectados porque creo lembrar que o Sr. Mario Cortés, o presidente de tódalas plataformas de España é o Sr. Bernal que é o presidente da Federación Nacional de Enfermos e Transplantados Hepáticos fixeron declaracións congratulándose do Plan, o propio Sr. Bernal dixo, palabras textuais, “el Plan frente a la Hepatitis C no podía ser mejor”, é que estas declaracións por parte do Presidente dos enfermos hepáticos penso que din moito respecto do Plan, nós dende logo felicitámonos tamén, felicitámonos de que tódolos pacientes con Hepatite C poidan ser tratados.

Seguimos pedíndolles a súa colaboración que é importante porque hai cousas por facer aínda, o rexistro de pacientes que lle anunciaba eu o outro día é moi importante para ver a evolución destes fármacos que saen día a día, que son moi novidosos e que descoñecemos cal vai ser a súa eficacia na aplicación da poboación xeral. Neste rexistro vostedes teñen que facilitar moita información porque diso vai a depender o futuro do tratamento da Hepatite C, nese ámbito pedimos colaboración e pedimos colaboración tamén aos afectados no apoio doutra cousa que eu propuxen no anterior Pleno e que é moi importante non só para afectados da Hepatite C senón para os afectados doutras moitas enfermidades que están á espera de fármacos de nova innovación.

Pedímoslle a colaboración na loita contra o diálogo coas multinacionais, díxenlle no outro Pleno que a política de adquisición de fármacos e a de fixación de prezos tiña que ter unha política unánime de unión de tódolos países europeos, eu pídolle que se unan a esta petición, fágolles esta petición porque é un tema moi importante porque os criterios económicos nunca poden estar por enriba do criterios de saúde, non se pode consentir sen pisar ás patentes, que as multinacionais pretendan no primeiro ano conseguir os beneficios que tiñan que acadar en 10 anos, e para iso necesitamos o seu apoio porque é unha forza moi importante a que temos en fronte.

En calquera caso, eu quero facer un recoñecemento a tódalas persoas que loitaron e achegaron para o Plan estratéxico, para que ese Plan estea aí, e aínda poden chegar novas achegas, sempre en positivo para que os enfermos poidan ter o tratamento que precisen con criterios unicamente médicos e científicos como dixemos no outro Pleno e deixando atrás os criterios económicos.

PRESIDENCIA: Aquí hai unha norma que non se pode rachar, a norma é de entrada e teño que respectar o Regulamento. Eu quérolle dicir, e seguramente me faga o voceiro de toda a cidade de Vigo, dos 300.000 vigueses/as, que teñen vostedes o noso apoio incondicional, a nosa proximidade, cariño, comprensión e a nosa vixilancia permanente para que este acordo que se acaba de asinar se cumpra e estea dotado de orzamentos, non haxa ningunha traba administrativa, burocrática ou de calquera outro estilo que impida o seu lexítimo dereito que é

ter o tratamento que a ciencia proporciona. Levan vostedes o noso apoio, dígolle de verdade, o que máis sento, a nosa defensa de igualdade e o noso cariño, moitas grazas.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN

3.1(29).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS CORRESPONDENTE Ó ANO 2014. EXPTE. 102474/140 (REXISTRO PLENO 1044/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do decreto da Alcaldía, de data 29 de xaneiro de 2015, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus Organismos Autónomos, correspondente ao exercicio 2015, que di:

“En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (Art. 191.3 do T.R.L.R.F.L. e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda de data 5 de febreiro, en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local, e incorpóranse as Liquidacións dos Organismos Autónomos Administrativos. En consecuencia, a Liquidación queda conformada polas seguintes institucións:

Entidade Local

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo

Organismo Autónomo Administrativo, Instituto Municipal dos Deportes

Organismo Autónomo Administrativo, Escola Municipal de Artes e Oficios

Organismo Autónomo Administrativo, Parque das Ciencias Vigo Zoo

R E S O L V O:

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus Organismos Autónomos, propostos polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2014 cos estados que conforman os catro tomos que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e un por cada un dos Organismos Autónomos, que reproducen toda a documentación que obriga a Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes mas importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade o longo do ano 2013, conformada por:

Entidade Local

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo
Organismo Autónomo Administrativo, Instituto Municipal dos Deportes
Organismo Autónomo Administrativo, Escola Municipal de Artes e Oficios
Organismo Autónomo Administrativo, Parque das Ciencias Vigo Zoo

Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario dos Organismos Autónomos Administrativos

XMU			IMD			EMAO			VIGO-ZOO		
R. Tesourería		R. orzamentario	R. Tesourería		R. orzamentario	R. Tesourería		R. orzamentario	R. Tesourería		R. orzamentario
2013	2014		2013	2014		2013	2014		2013	2014	
1.234.222,62	1.133.230,03	113.385,00	6.510,64	-4.361,22	-10.871,86	1.506.573,34	1.671.529,43	164.956,09	1.281.416,21	1.021.921,83	110.885,36

Remanente de Tesourería Entidade Local e estados consolidados cos axustes pertinentes

Compoñentes	Entidade		Estados Consolidados	
	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2014
1. (+) Fondos Líquidos				
		77.677.952,61	81.496.922,08	89.192.548,40
2. (+) Dereitos pendentes de cobro				
(+) Do Orzamento Corrente		26.216.245,32	95.267.903,20	26.516.775,97
(+) De Orzamentos Pechados	28.449.871,67	70.276.175,98	29.344.982,39	102.391.910,29
(+) De Operacións non Orzamentarias		1.236.045,11		72.835.338,87
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación	71.644.916,04	2.460.563,21	74.870.813,02	1.263.745,62
		20.607.630,39		4.792.068,53
3. (-) Obrigas pendentes de Pagamento				
(+) Do Orzamento Corrente	1.383.573,81	99.531,04	1.441.425,10	30.759.311,76
(+) De Orzamentos Pechados	3.255.925,18	12.316.829,94	3.265.310,22	20.998.459,06
(+) De Operacións non Orzamentarias		0,00		109.605,62

(-) Pos realizados pendentes de aplicación	17.570.935,18			18.613.746,97	12.988.784,03
	119.130,75			271.833,72	0,00
	11.158.070,17			11.878.833,14	
	5.102,07			5.102,07	
I Remanente de Tesourería Total (1 + 2 + 3)	147.057.354,92		143.740.833,91	155.254.993,99	150.919.491,62
II Saldos de dubidoso cobro	-65.127.982,52		-63.740.747,72	66.645.865,52	-65.271.664,31
III Excesos de financiamento afectado	-5.201.038,69		-5.675.806,01	8.222.451,69	-7.495.831,00
IV Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III)	76.728.333,71		74.324.280,18	80.386.676,78	78.151.996,31

Resultado Orzamentario Entidade Local e estados consolidados

Resultado Orzamentario	Entidade				Estados consolidados			
	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario
a) Operacións correntes	231.578.611,88	201.437.869,59		30.140.742,29	233.297.169,13	202.749.250,11		30.547.919,02
b) Outras operacións non financeiras	45,38	8.508.023,66		-8.462,63	285,25	9.006.471,22		-8.721.212,30
1. Total Operacións non financeiras (a+b)	3,92			9,74	8,92			
2. Activos Financeiros	231.623,99	209.945.893,25		21.678,10	233.582,42	211.755.721,33		21.826.706,72
3. Pasivos Financeiros	5,80	521.100,00		2,55	570,90	570.900,00		0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	0,00	16.987.099,04		0,00	4.756,25	16.987.099,04		-12.230.844,36
	4.756,25			12.230.844,36	4,68			
	236.901,35	227.454,092,29		9.447,258,19	238.909,582,73	229.313,720,37		9.595.862,36
Axustes								
4. Créditos gastados financiados con RTGX			13.653.740,19				13.653.740,19	
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			2.352.004,90				2.778.363,05	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			4.186.700,60				4.383.308,33	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				21.266.302,68				21.644.657,27

Hai un Remanente de tesourería positivo na Entidade e nos seus Organismo Autónomos, coa excepción do IMD, así como no perímetro de consolidación.

Hai Resultado Orzamentario positivo na Entidade e nos seus Organismo Autónomos, coa excepción do IMD, así como no perímetro de consolidación.

Dáse cumprimento ao principio de Estabilidade Orzamentaria regulamentado no artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, pechándose cun superávit

Estabilidade orzamentaria

Obrigas e recadación	Entidade	Axustes		Total	Consolidados	Axustes		Total
		Maior déficit	Menor déficit			Maior déficit	Menor déficit	
Empregos non financeiros	-209.945.893,25	-	4.265.995,34	211.482.182,85	-	-	4.265.995,34	-
Recursos non financeiros	226.715.046,63	,00	,00	226.715.046,63	228.605.161,62	,00	,00	228.605.161,62
Capacidade de financiamento (+), Saldo non financeiro	16.769.153,38	-	4.265.995,34	15.232.863,78	16.849.440,29	-	4.265.995,34	15.313.150,69

Dado o nivel endebedamento, dáse cumprimento a sustentabilidade financeira tendo en conta o previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012.

Situación da débeda e do endebedamento

31/12/14		
Ingresos Correntes liquidados est. consolidados	Débeda financeira	% endebedamento
232.324.875,00	26.725.665,51	11,50

Regra de gasto

Dáse cumprimento a Regra de Gasto, tendo os estados consolidados un nivel algo máis baixo de gasto computable co legalmente previsto tendo en conta a TRCPIB e o gasto computable na Liquidación do ano 2013, polo tanto, cúmprese co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira.

Institución	GC Liqu.2013	TRCPIB (1,5%)	V.Per m.	DA 6ª LOEOe SF	Máx. Total legal	Real	Axu. grupo	Sbv.final ista	Trf. Out. Admistr.	Liquidación axust.	Diferencia
CONCELLO	196.841.123,33	199.793.740,18	,00	871.223,73	199.793.740,18	-	13.514.180,58	3.877.376,49	819.761,66	-	7.895.531,09
Oper. ptes aplicar variación						-	1.536.289,60				

Inv. Sostibiles Da 6 L.O.						871.223,73						
Total gasto computable						- 210.109.527,82	13.514.180,58	3.877.376,49	819.761,66			
IMD	7.570.591,06	7.684.149,93	,00	,00	7.684.149,93	- 7.618.352,65	29.164,52				-7.589.188,13	94.961,80
VIGO-ZOO	1.393.647,24	1.414.551,95	,00	,00	1.414.551,95	- 1.366.038,97					-1.366.038,97	48.512,98
EMAO	1.173.456,04	1.191.057,88	,00	,00	1.191.057,88	- 1.097.676,41					-1.097.676,41	93.381,47
XMU	5.342.769,83	5.422.911,38	,00	,00	5.422.911,38	- 6.923.171,17	1.652.065,99	169.285,03			-5.101.820,15	321.091,23
Total	212.321.587,50	215.506.411,32	,00	,00	871.223,73	215.506.411,32	- 227.114.767,02	28.709.591,67	4.046.661,52	819.761,66	- 207.052.932,75	8.453.478,57

Dáse cumprimento ao período medio de pagamentos dentro dos límites que establece a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, facéndose o pagamento no ano 2014 nun período medio de 14,49 días. O período de pago en aplicación do Real Decreto 635/2014 para os meses de setembro-decembro foi de 17,07 días.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Local e a Disposición Final Trixésima primeira da Lei 17/2012, de Orzamentos Xerais para o ano 2013.

2) En cumprimento do regulamentado no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do R.P., da liquidación do Orzamento, unha vez aprobada, darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano celebre .

Han de remitirse copias das liquidacións dos Orzamentos á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda antes de rematar o vindeiro mes de marzo (artigo 193.5 TRLRHL. e 91 do R.P.). A remisión farase seguindo o procedemento de reporting electrónico dos datos económicos, financeiros e orzamentarios referentes a Entidade Local e OO.AA coa taxonomía LENLOC.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro, quedou informada.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Neste punto debo dicir que a nosa liquidación non hai nin unha soa magnitude negativa, o Concello liquidou un 100,9% dos ingresos e acadou unha porcentaxe de execución por enriba do 90%, unha elevada porcentaxe de execución. A modo de comparación a Xunta de Galicia mostra unha execución total dos gastos do 77,9% e a dos gastos de capital só do 40,7%, dígoos para poñer de manifesto a boa xestión deste Goberno. Agora vou detallar o relato máis importante, no ano 2006 gobernando o Partido Popular co apoio do Bloque Nacionalista Galego, o coeficiente de endebedamento en Vigo era do 33,03%, no 2014 do 11,5% e no 2015 débeda cero. Se falamos da Xunta de Galicia a débeda aumentou nun 148% con respecto ao goberno do Sr. Pérez Touriño, a candidata do Partido Popular en Vigo elevou a débeda nun 148%, se falamos do endebedamento por habitante no 2006, gobernando o Partido Popular co apoio do Bloque Nacionalista Galego, ascendía a 226,74 euros, no 2015 non haberá débeda. Se falamos da Xunta de Galicia sitúase por enriba dos 3.500 euros, a candidata do Partido Popular en Vigo nos deixa aos galegos e aos vigueses endebedados ata as cellas.

As contas do Concello en Vigo, atópanse en superávit, as da Xunta de Galicia por exemplo, en déficit, un déficit do -1,18%, as nosas contas en superávit, as da responsable da Xunta de Galicia e agora candidata do Partido Popular en Vigo, en déficit. Esta excelente situación en Vigo permite ademais unha rebaixa de impostos do 1,4%, ningún outro concello rebaixou os impostos temos a presión fiscal máis baixa de Galicia, díoo Sr. Montoro. A enviada do Sr. Feijóo como candidata a Vigo parece que non se decata, normal, ela sabe da A Coruña e Santiago de Compostela pero nada de Vigo. Así o Concello de Vigo ten unha situación económica financeira envexable, todo este esforzo pretende mellorar a cidade e a vida das viguesas/es, cando nos chegamos a este goberno as políticas sociais ascendían a 5,6 millóns, no 2014 máis de 22 millóns, pola contra a candidata do Partido Popular en Vigo recortou as políticas sociais, en A Coruña aumentoulle os investimentos para a Dependencia, a Vigo recortoulle. Somos nós os que temos que facer fronte a teleasistencia, o Goberno de España suprimiu as

políticas e a Deputación de Pontevedra deixou de prestar o servizo.

Cando nos chegamos había en Vigo listas de espera en comedores escolares, hoxe que se triplicou a demanda, non hai listas de espera e iso que a súa candidata, exconselleira encargada do Orzamento da Xunta de Galicia, recortou as bolsas de comedor na nosa cidade e aumentounas no norte. Cando nós chegamos había persoas durmindo nas rúas, en Príncipe, na Porta do Sol, hoxe ninguén dorme na rúa. Estes días líamos a terrible noticia de que dúas persoas sen recursos tiñan morto en Valencia onde governa o Partido Popular, e se imos máis preto vemos a persoas durmindo nas rúas de Pontevedra onde governa o Bloque Nacionalista Galego, en Vigo non, en Vigo hai un albergue da dignidade, en Vigo ademais multiplicamos as axudas de emerxencia social e é a única cidade que ten un programa con dous millóns de euros de axudas ao aluguer, á loita contra a pobreza enerxética e de alimentación coa tarxeta da dignidade. Cando nós chegamos ós programas de emprego se lle adicaban 2,3 millóns de euros, no 2014 máis de 5,5 millóns, cando nós chegamos o gasto en Educación era de 7,1 millóns, hoxe supera os 11 millóns, suplindo así os recortes da Sra. Muñoz na Xunta de Galicia, e do Sr. Wert no Estado. Cando nós chegamos as rúas de Vigo eran un desastre, hoxe temos unha cidade que é a envexa de tódolos que nos visitan, e un orgullo para as viguesas/es.

Tamén apostamos pola competitividade da nosa cidade e por iso aprobamos axudas para o Aeroporto de Vigo, a candidata do Partido Popular en Vigo deu axudas a A Coruña e Santiago de Compostela e cero euros para o Aeroporto de Peinador, hoxe as nosas contas permítennos que por nós mesmos só cos investimentos deste Concello poidamos dar resposta ás necesidades de tódolos cidadáns.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Xa queda claro Sra. Silva que vostede coñece á candidata do Partido Popular a que vai ser alcaldesa dentro de tres meses. Chámanos a atención que vostede que sempre dixo que é de letras, tamén lea o que lle escribiron sobre a liquidación dos Orzamentos, nin sequera debe ler ben porque fala de que a liquidación de ingresos é de 109,3% e é de 103,9%, tamén di que non hai ningunha magnitude negativa e tódalas magnitudes, o resultado do

Orzamento, o remanente de Tesourería, o aforro neto é peor que o do ano pasado.

No Pleno anterior, no mes de xaneiro, eu lles dicía que era imposible falar de estabilidade do Orzamento simplemente porque Vigo a día de hoxe ten un proxecto de orzamentos para o 2015, antes as representantes dos afectados pola Hepatite C falaban de que si que está moi ben as declaracións de intencións pero que teñen que ter o seu reflexo orzamentario, e aquí en Vigo non hai orzamento, por que? Porque en Vigo goberna o partido que perdeu sempre as eleccións, aquí goberna un Alcalde que está en minoría e que ademais carece de valentía política para presentar nin sequera un borrador de contas para este ano.

Hoxe tócanos falar da liquidación do Orzamento de 2014, eu non vou falar da candidata do Partido Popular que será a alcaldesa porque xa vostedes falan da futura alcaldesa de Vigo, a Sra. Muñoz. Hoxe tócanos falar, Sra. Silva, que vostede é de letras, céntrese polo tanto, do comportamento dos ingresos e dos gastos durante o ano pasado, unhas contas que por primeira vez na historia, esquecese diso, tiveron o voto favorable dende a oposición do Partido Popular, un acordo que os cidadáns nos pedían na rúa e que contribuíu a que Vigo non se paralizase, a que non sufriran máis atrasos os grandes proxectos da cidade, como o hospital, a depuradora, como a cidade da xustiza, si, non se ría, como o novo hospital que abrirá no mes de setembro, e que non se paralizasen como sempre paralizaron vostedes os grandes proxectos da cidade, como a ampliación do Areal, como o segundo cinto, etc. Ese apoio do Partido Popular introduciu ademais facilidades de pago aos vigueses para pagar os impostos, agora que, por exemplo en A Coruña onde é fillo predilecto e adoptivo o Alcalde, onde sempre se presentaba dende o ano 1982, o Alcalde que é de A Coruña e que defendeu sempre ao Aeroporto de Alvedro, ese acordo permitiu facilidades fiscais, a primeira rebaixa fiscal real de impostos, unha iniciativa do Partido Popular de Vigo e que imos continuar baixando os impostos porque hai moito marxe para baixar os impostos, esta baixada vai permitir que este ano os vigueses/as paguemos un IBI menor, un lixo, e tamén o Imposto de Circulación, sen ser a costa, ademais, das persoas que peor o están a pasar, porque ese Orzamento que nós apoiamos contén ata 19 millóns de euros para a protección e

promoción social.

Unhas contas negociadas nun proceso que non foi para nada sinxelo, onde recibimos moitas críticas, onde o Partido Popular soubo estar á altura, pensando en Vigo con maiúsculas, apostando por un novo modelo de facer política, antepoñendo sempre os intereses xerais da cidade aos puramente políticos.

Nós cumprimos sempre, quedan cousas por facer, vostedes teñen tres meses aínda para facelo, o que a cidade sempre saberá é que o Partido Popular cumpriu a súa parte, alá vostedes se non cumpren a súa.

PRESIDENTE: Sr. Fidalgo, dicir que eu son de A Coruña habendo nacido en Ponteareas, casado en Salvaterra. Este último fin de semana que si estiven en A Coruña vendo un partido de fútbol a quen vin moi serio co resultado foi ao Sr. Feijóo, pódolle dicir que non estaba moi contento, os de Vigo estábamos moi felices.

SRA. SILVA REGO: Sr. Fidalgo, eu comprendo que vostede teña que facer méritos porque desde a Xunta do Sr. Feijóo, o seu xefe de filas, xa lles dixo que vostedes todos non lles servían e tivo que traer outra candidata, por certo unha que defende e nos seus orzamentos contempla partidas para A Coruña, Santiago de Compostela e para Vigo, non, vostede ten que facer méritos para ver se o deixan colarse na lista, vostedes teñen serias dúbidas, os que estamos aquí, todos, non so imos repetir Sr. Fidalgo, senón que imos gobernar. A miña profesión é ser profesora de Educación Especial, sempre traballando ao lado das persoas con dificultades, comprometida con aquela xente que menos ten, vostede mente é un mentireiro, vostede viume pouco en política, o voceiro do seu grupo 30 anos, eu en política 9 anos, 30 contra 9 anos, entende ben o que lle estou dicindo.

Sr. Fidalgo, vostedes como teñen a cara dura de falar de baixar impostos que foi o que prometeu o Sr. Rajoy cando gañou as eleccións no 2011 e subiu 50 impostos e sabe a quen lle subiu os impostos? Aos que menos teñen, e sabe que pasou na Xunta de Galicia? O grupo parlamentario Socialista, o Bloque Nacionalista Galego e outros grupos situados na esquerda propuxéronlle un aumento de impostos ao Sr. Feijóo para as rendas altas, e sabe o que dixo o Sr.

Feijóo? Que non, díxolle á Sra. Muñoz, esa candidata enviada polo Sr. Feijóo para Vigo, para danar á cidade, díxolle non Sra. Muñoz, non imos a subirlle os impostos aos que máis teñen, imos facer copagos en medicamentos, imos a facer que os nenos galegos teñan que pagar os libros de texto, imos a poñer copagos en tódolos servizos sociais, imos quitar profesores de apoio para os nenos con dificultades, que lle paguen as clases os seus pais, pero de que fala vostede Sr. Fidalgo se vostedes son un cancro para o benestar social, son un cancro, menos mal que lles queda moi pouco tempo de goberno en tódalas institucións.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.2(30).- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO 2014. EXPTE. 102476/140 (REXISTRO PLENO 1045/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta dos informes, de data 28 de xaneiro de 2015, do Interventor Xeral de “Avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria. Liquidación do Orzamento do Concello de Vigo do 2014”, así como da “Análise de cumprimento da regra de gasto”, que din:

“ASUNTO: INFORME DE AVALIACION DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE VIGO DO EXERCICIO ECONÓMICO DO 2014.

ÓRGANO AO QUE VAI DIRIXIDO: AO PLENO DA CORPORACIÓN

Lexislación aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.

Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda.

Informe

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Ámbito subxectivo de aplicación

O Artigo 2 da LOEOSF establece o ámbito de aplicación subxectivo da precitada norma:

- a) A Administración Central, que comprende o Estado e os organismos da Administración Central.
- b) As entidades que integran o sistema da Seguridade Social.
- b) As Comunidades Autónomas.
- d) As Corporacións locais.

O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público vinculados ou dependentes da Administración do Estado, das Administracións das comunidades autónomas ou das entidades locais e non comprendidos no número anterior, terán, así mesmo, consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto no título I desta lei e ás normas que especificamente se refiran a estas.

O artigo 4 incorpora o principio de sustentabilidade financeira

O Artigo 11 da LOEOSF e o artigo 5 do RD 1463/2007, delimitan a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.

De entre as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das Entidades Locais representadas nela, establecerá cada ano aquelas que, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. En caso de non se recibir proposta na Comisión Nacional de Administración Local, as entidades as que se refire este apartado, determinaranse polo Goberno.

O resto das entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996 .

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

O artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, considera que se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados en vigor.

O indicado no parágrafo anterior será igualmente aplicable aos supostos nos que, conforme ao artigo 169.6 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se considere prorrogado o orzamento do exercicio anterior.

En relación ás restantes entidades ás que se refire o artigo 4.2 do presente regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente consideradas, aproben, executen e liquiden os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro.

Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade

O artigo 16 do precitado Real Decreto, establece en canto ao orzamento inicial e, se é o caso, as súas modificacións, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponderá á Intervención local, nos mesmos termos previstos no apartado seguinte.

Nas restantes entidades locais, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación.

Detallarase no informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Para dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LO 2/2012) e no RD 1463/2007, determináronse os obxectivos de estabilidade para as distintas Administracións Públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95). Por acordo do Consello de Ministros de data 28 de xuño de 2013, determinouse o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2014-2016 para o conxunto do sector público. En canto ás Entidades Locais, permítese un déficit na liquidación coas porcentaxes sobre o PIB que máis adiante se indican.

OBXECTIVO	ANOS		
	2014	2015	2016
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade)	0,0%	0,0%	0,0%

Até que se produza o acordo da Subcomisión Nacional de Administración Local (CNAL), sobre a contía que supón a porcentaxe sobre os ingresos correntes, non se poderá determinar a necesidade de aprobar un Plan Económico Financeiro, se fose o caso, dunha Liquidación con necesidade de financiamento.

O obxectivo para os Entes Locais é o de obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado do indicador de capacidade (+) e o de necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0 en cada anualidade do período.

A primeira consecuencia é a necesidade de valoración do cumprimento do obxectivo de cumprimento da estabilidade orzamentaria con motivo da Liquidación do Orzamento, e a segunda, é que o informe de valoración dese obxectivo lle

corresponde ao Interventor Local.

A tal fin, elabórase o cálculo tendo en conta o Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda (Intervención Xeral da Administración do Estado), 1ª edición.

Unidade Institucional

Da información dispoñible nesta Intervención Xeral forman parte da “Unidade Institucional” ou grupo de consolidación do Concello de Vigo:

- Entidade Local, entidade matriz.
- Instituto Municipal dos Deportes (IMD).
- Parque das Ciencias Vigo Zoo (VIGOZOO).
- Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).
- Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

Por conseguinte, todos os entes que conforman a “Unidade Institucional” ou grupo local Concello de Vigo, encádranse dentro da categoría que denominamos como “entes de non mercado”.

En consecuencia co precedente, procédese ao cálculo, tendo en conta os axustes que se indicarán na táboa ao efecto. O devandito Manual, establece que a capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non se verá afectada polos importes dos impostos cuxa recadación sexa incerta.

Na análise que vai a facer, xa se van a tomar directamente dos estados de execución, a recadación neta, incorporando unha táboa tanto cos dereitos recoñecidos como ca recadación.

Capítulos I, II e III do estado de ingresos compútanse pola recadación do orzamento corrente e pechados. Os capítulos (IV e VII), pola información que se teña da administración pagadora, se non se ten, pola recadación. O estado de gastos, polas obrigas recoñecidas dos capítulos I a VII. En consecuencia, o axuste no estado de gastos virá dado exclusivamente pola variación do saldo da conta 413, e no estado de ingresos, polos Dereitos recoñecidos menos a recadación.

O saldo da conta 413 se tomará pola desviación entre o saldo acredor do peche do ano 2013 e o saldo ao peche do ano 2014.

Avaliación do cumprimento para a Entidade Local matriz e os estados consolidados

Resumo dos créditos orzamentarios, conformando os créditos iniciais, as modificacións e os definitivos.

Capítulos	Entidade	Estados Consolidados
-----------	----------	----------------------

	Previsións Estado de Ingresos			Créditos Estado de Gastos			Previsións Estado de Ingresos			Créditos Estado de Gastos		
	Iniciais	Modificacións	Definitivas	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Iniciais	Modificacións	Definitivos
I	102.241.340,00	,00	102.241.340,00	58.906.358,70	245131,25	59.151.489,95	102.241.340,00	,00	102.241.340,00	67.151.826,18	222.475,25	67.374.301,43
II	6.501.120,00	21.779,00	6.522.899,00	107.054.515,49	3.675.486,45	110.730.001,94	6.501.120,00	21.779,00	6.522.899,00	114.289.661,15	4.139.116,26	118.428.777,41
III	35.251.477,40	905.043,25	36.156.520,65	1.063.719,00	26.000,00	1.089.719,00	39.221.547,86	905.043,25	40.126.591,11	1.063.749,00	26.000,00	1.089.749,00
IV	71.116.818,09	1.251.341,05	72.368.159,14	39.253.678,62	-389.834,43	38.863.844,19	69.495.611,58	1.251.341,05	70.746.952,63	26.036.072,56	-502.566,43	25.533.506,13
V	3.180.000,00	,00	3.180.000,00	200.000,00		200.000,00	3.237.323,17	50.501,30	3.287.824,47	200.000,00	,00	200.000,00
VI	,00			10.846.071,96	11.598.936,74	22.445.008,70	,00	,00	,00	11.331.016,22	12.358.795,97	23.689.812,19
VII	,00	150.000,00	150.000,00	965.056,26	,00	965.056,26	,00	389.875,00	389.875,00	546.133,42	1.608.063,86	2.154.197,28
VIII	600.000,00	23.014.300,59	23.614.300,59	601.000,00		601.000,00	670.040,48	25.420.089,19	26.090.129,67	671.040,48	,00	671.040,48
IX	6.800.000,00	,00	6.800.000,00	6.800.355,46	10.186.743,88	16.987.099,34	6.800.000,00	,00	6.800.000,00	6.800.355,46	10.186.743,88	16.987.099,34
Total	225.690.755,49	25.342.463,89	251.033.219,38	225.690.755,49	25.342.463,89	251.033.219,38	228.166.983,09	28.038.628,79	256.205.611,88	228.089.854,47	28.038.628,79	256.128.483,26

Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	13.370.138,06	144.042,52	1.681.230,51	
OA. X.M.U.	1.652.065,99		5.436.001,44	68.326,96
OA. IMD	29.164,52		5.564.128,62	56.792,72
OA. EMAO			1.225.826,36	18.922,84
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
Total	15.051.368,57	144.042,52	15.051.368,57	144.042,52

Execución dos estados de gastos e ingresos da entidade e dos estados consolidados

Capítulo	Entidade						Estados consolidados							
	Dereito R. Neto	% ¹ Ingreso	% ² Obriga R. Neta	%	Pagamen. Neto	%	Dereito R. Neto	%	Ingreso R. Neto	%	Obriga R. Neta	%	Pagamen. Neto	%

- 1 Sobre previsións definitivas
- 2 Sobre dereitos recoñecidos netos

	Neto															
I	107.172.617,74	104,82	93.887.275,01	87,60	57.800.352,62	97,72	57.741.454,56	99,90	107.172.617,74	104,82	93.887.275,01	87,60	65.424.612,21	97,11	65.303.418,07	99,81
II	7.604.142,08	116,58	7.443.156,69	97,88	105.770.017,32	95,52	91.407.843,58	86,42	7.604.142,08	116,58	7.443.156,69	97,88	112.821.546,31	95,27	97.909.450,69	86,78
III	40.949.811,65	113,26	34.063.709,59	83,18	538.065,33	49,38	538.065,33	100,00	44.231.958,57	110,24	37.215.912,91	84,13	538.065,33	49,38	538.065,33	100,00
IV	73.399.783,80	101,43	72.711.391,22	99,06	37.329.434,32	96,35	34.048.459,03	91,21	71.718.553,29	101,37	71.030.160,71	99,04	23.965.026,26	93,86	20.904.867,46	87,23
V	2.452.256,61	77,11	2.416.101,23	98,53	,00	,00	,00	,00	2.569.897,45	78,16	2.533.653,04	98,59	,00	,00	,00	,00
VI	,00	,00	,00	,00	7.918.265,75	35,28	5.158.868,41	65,15	,00	,00	,00	,00	8.391.470,82	35,42	5.613.723,45	66,90
VII	45.383,95	30,26	45.383,92	100,00	589.757,92	61,11	443.571,95	75,21	285.258,92	73,17	153.310,90	53,74	615.000,40	28,55	487.737,27	79,31
VIII	521.100,00	86,83	118.087,50	22,66	521.100,00	86,71	521.100,00	100,00	570.900,00	85,20	129.337,50	22,66	570.900,00	85,08	570.900,00	100,00
IX	4.756.254,68	69,94	,00	,00	16.987.099,04	100,00	16.987.099,04	100,00	4.756.254,68	69,94	,00	,00	16.987.099,04	100,00	16.987.099,04	100,00
TOTAL	236.901.350,51	103,9	210.685.105,16	88,93	227.454.092,30	90,61	206.846.461,90	90,94	238.909.582,73	103,55	212.392.806,76	88,57	229.313.720,37	89,53	208.315.261,31	90,84

Variacións entre os estados iniciais e definitivos.

Institución	Créditos Extraordinarios	Suplementos de Crédito	Ampliacións de Crédito	Transferencias		Incorporacións Remanentes	Xeracións de créditos	Baixas por anulación	Total
				Positivas	Negativas				
Entidade Local	5.900.000,00	10.186.743,88	926.822,25	7.636.603,51	-7.636.603,51	6.927.556,71	1.401.341,05	,00	25.342.463,89
Estados Consolidados	5.900.000,00	10.186.743,88	926.822,25	7.552.027,51	-7.664.759,51	9.333.345,31	1.804.449,35	,00	28.038.628,79

Estabilidade Entidade

Información sobre dereitos recadación de exercicio corrente e pechados e obrigas da Entidade

Capítulos	Concello							
	Ingresos/Recadación				Gastos			
	D. Rec. Netos	Recadación		Cómputo Estabilidade	Obrigas	Axustes (Conta 413)		Cómputo Estabilidade
		Corrente	Pechados			Mayor Déficit	Menor Déficit	
I	107.172.617,74	93.887.275,01	8.053.600,44	101.940.875,45	-57.800.352,62			-57.800.352,62
II	7.604.142,08	7.443.156,69	58.379,38	7.501.536,07	-105.770.017,32	-4.430.968,38	1.939.570,68	-108.261.415,02
III	40.949.811,65	34.063.709,59	2.857.363,54	36.921.073,13	-538.065,33			-538.065,33
IV	73.399.783,80	72.711.391,22	1.248.849,55	73.960.240,77	-37.329.434,32	-1.371.316,56	2.326.424,66	-36.374.326,22
V	2.452.256,61	2.416.101,23	144.653,24	2.452.256,61				
OPC.NF	231.578.611,88		12.362.846,15		-201.437.869,59	-5.802.284,94	4.265.995,34	
VI					-7.918.265,74			-7.918.265,74
VII	45.383,92	45.383,92	1.219.122,10	1.264.506,02	-589.757,92			-589.757,92

3 Non se teñen en conta os remanentes

L. PIE2008	525.421,94			525.421,94				
L. PIE 2009	2.149.136,64			2.149.136,64				
Total	234.298.554,38		13.581.968,25				-209.945.893,25	
OP.NF				226.715.046,63				-211.482.182,85
Capacidade NF								15.232.863,78
VIII	521.100,00	118.087,50	371.378,12	521.100,00	-521.100,00			-521.100,00
IX	4.756.254,68		3.078.003,54	4.756.254,68	-16.987.099,04			-16.987.099,04
Total			3.449.381,66				-17.508.199,04	
OPF				5.277.354,68				-17.508.199,04
Necesidade F								-12.230.844,36

Estabilidade estados consolidados

Estados consolidados

Capítulos	Estados consolidados							
	Ingresos/Recadación				Gastos			
	D. Rec. Netos	Recadación		Contía Estabilidade	Obrigas	Axustes (Conta 413)		Contía Estabilidade
		Corrente	Pechados			Mayor Déficit	Menor Déficit	
I	107.172.617,74	93.887.275,01	8.053.600,44	101.940.875,45	-65.424.612,21			-65.424.612,21
II	7.604.142,08	7.443.156,69	58.379,38	7.501.536,07	-	-4.430.968,38	1.939.570,68	-115.312.944,01
					112.821.546,31			
III	44.231.958,57	37.215.912,91	3.032.791,64	40.248.704,55	-538.065,33			-538.065,33
IV	71.718.553,29	71.030.160,71	1.248.849,55	72.279.010,26	-23.965.026,26	-1.371.316,56	2.326.424,66	-23.009.918,16
V	2.569.897,45	2.533.653,04	144.653,24	2.569.897,45	,00			
OPCNF	233.297.169,13		12.538.274,25		-	-5.802.284,94	4.265.995,34	
					202.749.250,11			
VI					-8.391.470,82			-8.391.470,82
VII	285.258,92	153.310,90	1.237.268,36	1.390.579,26	-615.000,40			-615.000,40
L. PIE2008	525.421,94			525.421,94				
L. PIE 2009	2.149.136,64			2.149.136,64				
Total		212.263.469,26	13.775.542,61		-			
					211.755.721,33			
OP.NF				228.605.161,62				-213.292.010,93
Capacidade NF								15.313.150,69
VIII	570.900,00	129.337,50	413.788,34	570.900,00	-570.900,00			-570.900,00
IX	4.756.254,68		3.078.003,54	4.756.254,68	-16.987.099,04			-16.987.099,04
Total			3.491.791,88					-17.557.999,04
OPF				5.327.154,68				-17.557.999,04
Capacidade F								-12.230.844,36

Os estados consolidados, eliminan as obrigas e os dereitos recoñecidos

e recadación, tanto de corrente como de exercicios pechados de todos os entes que conforman o perímetro de consolidación.

As transferencias son mutuas, xa que a Xerencia Municipal de Urbanismo e o Instituto Municipal de Deportes, fan achegas ao Concello polo persoal que figura na Plantilla e na Relación de Postos de Traballo da Entidade, que son retribuídos con cargo ao Orzamento da Entidade, pero prestan os servizos no Organismo Autónomo, a súa vez, o Concello fai achegas de corrente e de capital.

Os artigos que son obxecto de anulación entre ambas son os seguintes:

40,41,40 e 71

De seguido, se incorpora unha táboa co cálculo do cumprimento para os Organismos Autónomos Administrativos.

Estabilidade Xerencia Municipal de Urbanismo

Información sobre dereitos recadación de exercicio corrente e pechados e obrigas do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo

Capítulos	Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU)							
	Ingresos/Recadación				Gastos			
	D. Rec. Netos	Recadación		Cómputo Estabilidade	Obrigas	Axustes (Conta 413)		Cómputo Estabilidade
		Corrente	Pechados			Maior Déficit	Menor Déficit	
I					- 3.459.344,60	,00	,00	-3.459.344,60
II					- 1.270.242,81	,00	,00	-1.270.242,81
III	983.278,51	853.334,91	140.782,58	994.117,49				
IV	5.436.001,44	5.215.184,95		5.436.001,44	- 1.652.065,99	,00	,00	-1.652.065,99
V	79.323,84	79.323,84	,00	79.323,84				
OPC.NF	6.498.603,79				- 6.381.653,40			
VI					-372.232,74	,00	,00	-372.232,74
VII	308.201,96	176.253,94	160.794,65	337.048,59	-169.285,03	,00	,00	-169.285,03
Total	6.806.805,75	6.324.097,64	301.577,23	6.846.491,36	- 6.923.171,17	,00	,00	-6.923.171,17
OP.NF				6.846.491,36				-6.923.171,17
Capacidade e NF								-76.679,81
VIII	16.800,00	3.750,00	18.649,99	16.800,00	-16.800,00			-16.800,00
OPF				16.800,00				-16.800,00
Capacidade F								,00

Estabilidade Instituto Municipal dos Deportes

Información sobre dereitos recadación de exercicio corrente e pechados e obrigas do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes

Capítulos	Instituto Municipal dos Deportes (IMD)							
	Ingresos/Recadación				Gastos			
	D. Rec. Netos	Recadación		Cómputo Estabilidade	Obrigas	Axustes (Conta 413)		Cómputo Estabilidade
		Corrente	Pechados			Maior Déficit	Menor Déficit	
I					-2.513.416,01	,00	,00	-2.513.416,01
II					-5.020.464,61	,00	,00	-5.020.464,61
III	1.984.565,59	1.984.565,59	34.645,52	2.019.211,11				
IV	5.564.128,62	5.564.128,62		5.564.128,62	-29.164,52	,00	,00	-29.164,52
V	1.993,83	1.993,83		1.993,83				
OPCNF	7.550.688,04				-7.563.045,14			
VI					-55.307,51	,00	,00	-55.307,51
VII	56.792,75	56.792,75		56.792,75				
Total	7.607.480,79	7.607.480,79	34.645,52	7.642.126,31	-7.618.352,65	,00	,00	-7.618.352,65
OP.NF				7.642.126,31				-7.618.352,65
Capacidade NF								23.773,66
VIII	21.000,00	4.375,00	14.504,06	21.000,00	-21.000,00			-21.000,00
OPF				21.000,00				-21.000,00
Capacidade F								,00

Estabilidade do Parque das Ciencias Vigo Zoo

Información sobre dereitos recadación de exercicio corrente e pechados e obrigas do Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigo Zoo

Capítulos	Parque das Ciencias Vigo Zoo (VIGOZOO)							
	Ingresos/Recadación				Gastos			
	D. Rec. Netos	Recadación		Cómputo Estabilidade	Obrigas	Axustes (Conta 413)		Cómputo Estabilidade
		Corrente	Pechados			Maior Déficit	Menor Déficit	
I					-818.285,52	,00	,00	-818.285,52
II					-514.254,68	,00	,00	-514.254,68
III	311.731,14	311.731,14	,00	311.731,14				
IV	1.144.181,64	1.144.181,64	,00	1.144.181,64	-5.730,00	,00	,00	-5.730,00
V	21.011,55	20.922,52	,00	20.922,52				
OPC.NF	1.476.924,33				-1.338.270,20			
VI					-27.768,77	,00	,00	-27.768,77

VII								
Total	1.476.924,33	1.476.835,30	,00	1.476.835,30	-1.366.038,97	,00		-1.366.038,97
OP.NF				1.476.835,30			,00	-1.366.038,97
Capacidade NF								110.796,33
VIII	9.000,00	3.125,00	8.131,17	9.000,00	9.000,00			-9.000,00
OPF				9.000,00				-9.000,00
Capacidade F								,00

Estabilidade da Escola Municipal de Artes e Ofícios

Información sobre dereitos recadación de exercicio corrente e pechados e obrigas do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Ofícios

Capítulos	Escola Municipal de Artes e Ofícios (EMAO)							
	Ingresos/Recadación				Gastos			
	D. Rec. Netos	Recadación		Cómputo Estabilidade	Obrigas	Axustes (Conta 413)		Cómputo Estabilidade
		Corrente	Pechados			Maior Déficit	Menor Déficit	
I					-833.213,46	,00	,00	-833.213,46
II					-246.566,89	,00	,00	-246.566,89
III	2.571,68	2.571,68	,00	2.571,68				
IV	1.225.826,36	1.225.826,36	,00	1.225.826,36				
V	15.311,62	15.311,62	,00	15.311,62				
OPC.NF	1.243.709,66				-1.079.780,35			
VI					-17.896,06	,00	,00	-17.896,06
VII	18.922,84	,00	,00	18.922,84				
Total	1.262.632,50	1.243.709,66	,00	1.262.632,50	-1.097.676,41			-1.097.676,41
OP.NF				1.262.632,50				-1.097.676,41
Capacidade NF								164.956,09
VIII	3.000,00			3.000,00	-3.000,00			-3.000,00
OPF				3.000,00				-3.000,00
Capacidade F								,00

Resumo Entidade matriz e estados consolidados

Obrigas e recadación	Entidade	Axustes		Total	Consolidados	Axustes		Total
		Maior déficit	Menor déficit			Maior déficit	Menor déficit	
Empregos financeiros non				-	-	-	4.265.995,34	-
	-209.945.893,25	-5.802.284,94	4.265.995,34	211.482.182,85	211.755.721,33	5.802.284,94		213.292.010,93
Recursos financeiros non	226.715.046,63	,00	,00	226.715.046,63	228.605.161,62	,00	,00	228.605.161,62

Capacidade de financiamento (+), Saldo non financeiro	16.769.153,38	-5.802.284,94	4.265.995,34	15.232.863,78	16.849.440,29	-5.802.284,94	4.265.995,34	15.313.150,69
---	---------------	---------------	--------------	---------------	---------------	---------------	--------------	---------------

Cadro de axustes de maior e menor déficit

Saldo da conta 413

CONCEPTO DE AXUSTE	Aplicación	Mayor déficit	Menor déficit
Transporte público, Novembro e Decembro	4410.4790000	1.278.868,70	2.097.846,27
Lanzadeiras ao Campus de Marcosende, decembro	4410.4700000	92.447,86	228.578,39
Subministro eléctrico decembro	1650.2210000		546.340,14
Revisión RSU e LV	1620.2270000	3.989.312,31	909.655,36
Xestión aparcadoiro Praza Portugal, decembro	1330.2279900	27.166,30	50.860,30
Servizo de cooperación recadación	9310.2270800		400.000,00
Servizo telefónico decembro	9220.2220000	,00	32.714,88
Sentenza la FE COMPAÑIA SEGUROS, ASEFAL	9200.2269903	414.489,77	
Total		5.802.284,94	4.265.995,34

Os axustes de menor déficit, corresponden ao gasto do ano 2013, polo que, a diferenza entre o saldo do peche de 2013 e o do ano 2014, será o que se reflicta como maior gasto non imputado ao orzamento, que será tido en conta aos efectos da análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do cálculo da regra da gasto.

Sustentabilidade da débeda financeira

Endebedamento

Ide. Débeda	01/01/14	Nova operac.	A.ord/extr.2014	P. 31/ 12/2014	Largo prazo	Curto prazo
Pt. Caixagalicia 2005	3.018.780,51		-1.509.390,25	1.509.390,26	,00	1.509.390,26
Ptmo. BCL2008	7.770.128,82		-1.554.025,76	6.216.103,06	4.662.077,30	1.554.025,76
Pt. Caixanova 2009	3.632.661,77		-605.443,63	3.027.218,14	2.421.774,51	605.443,63
Ptmo. BBVA 2010	15.703.378,99		-4.486.679,62	11.216.699,37	9.347.249,49	1.869.449,88
Ptmo. BBVA 2013	8.831.560,08		-8.831.560,08	,00	,00	,00
Operación 2014		4.756.254,68		4.756.254,68	4.280.629,21	475.625,47

T. D. Financeira	38.956.510,17	4.756.254,68	-16.987.099,34	26.725.665,51	20.711.730,51	6.013.935,00
------------------	---------------	--------------	----------------	---------------	---------------	--------------

Ingresos correntes liquidados

Capítulos	Entidade	Estados consolidados
I	107.172.617,74	107.172.617,74
II	7.604.142,08	7.604.142,08
III	40.949.811,65	44.231.958,57
(-) Contribucións especiais III	-972.294,13	-972.294,13
IV	73.399.783,80	71.718.553,29
V	2.452.256,61	2.569.897,45
Total	230.606.317,75	232.324.875,00

Coefficiente de endebedamento

$\frac{\sum \square \text{ Débeda viva a curto e longo prazo, incluída a op. proxectada} \square}{\text{Endebamento} = \frac{\sum \square \text{ Dtos. Rec.netos consolidados, capítulos I a V de ingresos} \square}{x}}$

100 ≤ 75%

□

∑ □ Dtos. Rec.netos consolidados, capítulos I a V de ingresos

Coefficiente de endebedamento, (26.725.665,51 / 232.324.875,00) x 100 = 11,50 %

Sustentabilidade do endebedamento comercial

O artigo 216 do TRLCSP, establece que Administración terá a obrigaón de abonar o prezo dentro do trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato . Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o debeño de intereses, o contratista deberá de cumprir a obrigaón de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

A Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro do trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo.

A información que se reflicte neste informe, foi enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con carácter trimestral.

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011		
Trimestres	PMP/días	PMPP/Días
Primeiro Trimestre	19,93	10,7
Segundo Trimestre	15,63	9,31
Terceiro Trimestre	12,04	7,8
Cuarto Trimestre	10,46	1,12

A entrada en vigor do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, establece un PMP económico que se fai efectivo a partires do mes de setembro, inclusive. Da información elaborada e remitida mensualmente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, constátase a seguinte información:

PMP , Real Decreto 635/2014				
Institución	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Entidade Local	-9,95	-12,64	-14,36	-15,63
EMAO	-9,37	-15,6	-22,95	-22,23
MARCO		33,91	9,47	13,51
XMU	-17,97	-17,2	-15,15	-17,6
IMD	-15,42	-14,97	-11,97	-14,89
VIGOZOO	-15,67	-11,47	-11,18	-21,24
PMP GLOBAL	-10,14	-12,16	-13,88	-15,54

Esta información remítese ao Ministerio de Facenda mensualmente.

Conclusión

A Entidade Local e os estados consolidados, presentan SUPERÁVIT na Liquidación do Orzamento do ano 2014.

Tanto a entidade matriz como os estados consolidados cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, xa que a diferenza entre os recursos non financeiros e os empregos non financeiros é positiva (capacidade de financiamento).

Hai sustentabilidade da débeda financeira, facéndose amortización de pasivos financeiros por unha contía de 16.987.099,34 euros e concertación de novos pasivos por unha contía de 4.756.254,6 euros, sendo o coeficiente de endebedamento ao peche do ano 2014 dun 11,5% sobre os dereitos liquidados por operacións correntes deducidos dos estados consolidados.

Hai sustentabilidade da débeda comercial, sendo o prazo medio de pago segundo a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e artigo 216 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, facéndose o pagamento nun período medio de 14,49 días.

A vista dos datos que conforman a Liquidación da entidade matriz, os estados consolidados, os Organismos Autónomos Administrativos, e en resumo, a unidade institucional, dáse cumprimento aos requirimentos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF) e do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, sendo o sumatorio da recadación dos capítulos I a VII do estado de ingresos do exercicio corrente e dos exercicios pechados, superior que a suma das obrigas recoñecidas dos capítulos I a VII do estado de gastos, polo tanto, a Liquidación dos Orzamentos do ano 2013 da entidade matriz, dos estados consolidados e dos Organismos Autónomos Administrativos, teñen SUPERÁVIT, existindo capacidades (+) de financiamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.

Na análise efectuada sobre o orzamento da Entidade Local, sobre os Organismos Autónomos Administrativos e sobre a grupo consolidado, a situación é de superávit, polo tanto, non sería necesario por en coñecemento da Consellería de Facenda o contido do devandito informe.

No entanto, como ven sendo habitual, o informe elaborado, con independencia do seu signo, superávit, déficit ou equilibrio, ven sendo posto en coñecemento do Pleno da Corporación e da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda da Xunta da Galicia, por corresponder á Comunidade Autónoma, conforme ao establecido no artigo 49.1 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a tutela financeira das entidades locais da comunidade, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o coñecemento polo Pleno da Corporación do presente informe.”

“ANÁLISE DE CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO
LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ANO 2014: CONCELLO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS
ADMINISTRATIVOS

Lexislación aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.

Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda. IGAE

Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEOeSF para as Corporacións Locais, 3ª edición. IGAE.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira.

Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.

Regra de Gasto

En cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LOEOeSF, e o desenvolvemento que está a facer a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro e a Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012 e notas publicadas polo Minhap, deberase dar a seguinte equivalencia entre os saldos da Liquidación do Orzamento do ano 2013 e a Liquidación do ano 2014.

Vaise facer o cálculo, a partires da fórmula que establece a guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da LOEOSF, 3ª edición do MINHAP.

$$\text{TV Gasto computable} = ((\text{Gasto computable ano } n / \text{Gasto computable } n-1) - 1) \times 100 \leq \text{TRCPIB}$$

Seguindo a formulación de desenvolvemento que está a facer a Orde do MINHAP 2105/2012, do 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, facendo unha comparativa entre as dúas Liquidacións, sometendo esta aos axustes da TRCPIB para o ano 2014 e aos cambios normativos, aplícase a seguinte fórmula.

Σ LGC 2013 x TRCPIB \pm Cambios normativos + Gastos en investimentos sustentables \geq Σ LGC 2014

Taxa de referencia de crecemento do PIB (TRCPIB) de medio prazo da economía española para o ano 2014, 1,5%

Detalle dos axustes Entidade Local

Administración	Concepto	Nº Modificación	Importe DR	Recadación corrente	Recadación pechados	Obrig. Recoñecidas financiadas ⁴	Total
Estatal							1.522.715,13
	Subvención ao transporte	S/m	1.148.746,99	1.148.746,99		1.148.746,99	
	Transferencia ao CZFV	S/m	,00			281.133,42	
	Modificacións	26	93.584,00	93.584,00		92.834,72	
Autonómica			,00				2.208.212,02
	Plan Concertado, Dependencia, SAF	S/m	1.362.068,52	1.362.068,52	451.452,58	1.362.018,52	
	Drogodependencia	S/m	239.590,35	239.590,35	540.390,98	239.590,35	
	Modificacións crédito emprego	2,4,5,11,15,19,21,24,52,72,75	773.034,84	195.282,59	215262,89 ⁵	606.603,15	
UE			,00				426.897,39
	Modificacións Traballar e outras	Imos 3,3A,6,14,17	508.058,09	84.328,37	35902,34 ⁶	426.897,39	
Outras Administracións							538.628,24
	Bembrive	S/m				271.797,14	
	MAIV	S/m				266.831,10	
OO.AA			1.681.230,51				
	Transferencia corrente e de capital	S/m	1.681.230,51	1.681.230,51		13.514.180,58	
Total axustes negativos							4.696.452,78

4 Solo as correspondentes á modificación. No caso que haxa cofinanciamento, as obrigas totais, aplicaráselle a porcentaxe, exemplo, se o financiamento do axente cubre o 75%, as obrigas que non computan aos efectos da regra de gasto, serán obrigas totais x 0,75

5 Vigo laborando, mantemento entorno Igrexa de Zamáns, Vigo integra, Vigo atende

6 Proxecto ENFO, San Project Interreg

Detalle axustes IMD

Administración	Concepto	Obrigas reconhecidas
Entidade Local	Transferencia persoal ao Concello	29.164,52

Detalle axustes Xerencia Municipal de Urbanismo

Administración	Concepto	Dereitos reconhecidos	Recadación corrente	Recadación pechados	Obrigas reconhecidas
Entidade Local	Transferencia persoal ao Concello				1.652.065,99
Estatal	Convenio de subvencións rehabilitación Cascos Históricos	128.125,00	93.378,90	49.736,50	97.271,18
Autonómica	Convenio de subvencións rehabilitación Cascos Históricos	111.750,00	15.548,08	111.058,15	72.013,85

Entidade Local con axustes

Concepto	Liquidac. 2013	P. aprobado 2014	Cta 413	Liquidación 2014
Capítulos I a VII, menos gastos financeiros débeda	211.983.261,76	217.237.681,43		209.444.461,95
+ operacións pendentes de aplicar ao orzamento variación	4.265.995,34		5.802.284,94	1.536.289,60
-Investimentos sustentables				-871.223,73
Empregos non financeiros SEC	216.249.257,10	217.237.681,43		210.109.527,82
-Transferencias a OO.AA	-14.023.792,19	-13.676.328,90		-13.514.180,58
-Gasto financiado con fondos finalistas	-5.384.341,58	-3.918.556,13		-4.697.138,15
UE, ingresos, financia proxectos de emprego	-467.377,40			-426.897,39
Estado, ingresos Transporte, e MC 26/14	-1.498.078,63	-1.041.381,34		-1.241.581,71
Estado, gastos a favor do CZFV		-281.133,42		-281.133,42
CA, SAF, dependencia, CEDRO e Modif. Plans específicos	-2.854.259,29	-2.054.971,85		-2.208.897,39
Deputación Pontevedra	-17.936,06			,00
Outras Administracións, MAIV e EMB	-546.690,20	-541.069,52		-538.628,24
Total	196.841.123,33	199.642.796,40		191.898.209,09

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo

Capítulos	Gastos non financeiros			
	Liquidación 2013 axustada	Gasto máximo TRCPIB (1,5% PIB)	Gasto liquidación 2014	Axuste 2014
I	3.506.688,68		-3.459.344,60	
II	1.607.098,52		-1.270.242,81	
IV	1.652.211,19		-1.652.065,99	1.652.065,99
VI	274.643,88		-372.232,74	
VII	890.386,92	,00	-169.285,03	169.285,03
TOTAL	7.931.029,19	,00	-6.923.171,17	1.821.351,02
G. Computable	5.342.769,83	5.422.911,38		-5.101.820,15
Resultado				321.091,23

Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes

Capítulos	Gastos non financeiros			
	Liquidación 2013	Gasto máximo TRCPIB (1,5% PIB)	Gasto liquidación 2014	Axuste 2014
I	2.478.667,37		-2.513.416,01	
II	5.042.592,93		-5.020.464,61	
IV	29.164,52		-29.164,52	29.164,52
VI	49.330,76		-55.307,51	
VII	,00	,00		
TOTAL	7.599.755,58	,00	-7.618.352,65	29.164,52
G. Computable	7.570.591,06	7.684.149,93		-7.589.188,13
Resultado				94.961,80

Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigo Zoo

Capítulos	Gastos non financeiros			
	Liquidación 2013	Gasto máximo TRCPIB (1,5% PIB)	Gasto liquidación 2014	Axuste 2014
I	849.260,91		-818.285,52	
II	510.591,33		-514.254,68	

IV	11.560,00		-5.730,00	,00
VI	22.235,00			
VII	,00	,00	-27.768,77	
TOTAL	1.393.647,24	,00	-1.366.038,97	,00
G. Computable	1.393.647,24	1.414.551,95		-1.366.038,97
Resultado				48.512,98

Organismo Autónomo Escola de Artes e Oficios

Capítulos	Gastos non financeiros			
	Liquidación 2013	Gasto máximo TRCPIB (1,5% PIB)	Gasto liquidación 2014	Axuste 2014
I	872.940,67		-833.213,46	
II	282.215,90		-246.566,89	
IV				,00
VI	18.299,47		-17.896,06	
VII	,00	,00		
TOTAL	1.173.456,04	,00	-1.097.676,41	,00
G. Computable	1.173.456,04	1.191.057,88		-1.097.676,41
Resultado				93.381,47

Estados consolidados incluídos os axustes de consolidación

Concepto	Liquidación 2013	TRCPIB (1,5%)	Δ/▼, art.12.4	Inv. DA 6º LOEOeSF	Límite liqu.2014	Orzamento 2014	Liquidación 2014
Entidade	196.841.123,33	199.793.740,18	,00	871.223,73	200.664.963,91	217.237.681,43	209.444.461,95
+ oper. ptes aplicar variación							1.536.289,60
- Invetimentos sustentables							-871.223,73
IMD	7.570.591,06	7.684.149,93	,00		7.684.149,93	7.960.445,68	7.618.352,65
Vigo Zoo	1.393.647,24	1.414.551,95	,00		1.414.551,95	1.514.646,64	1.366.038,97
EMAO	1.173.456,04	1.191.057,88	,00		1.191.057,88	1.254.761,22	1.097.676,41
XMU	5.342.769,83	5.422.911,38	,00		5.422.911,38	6.956.764,37	6.923.171,17
Inxecucións		,00	,00	,00		-372.840,00	
Transf. a OAAA						-13.676.328,90	-13.514.180,58
Transferir. á entidade						-1.681.230,51	-1.681.230,51
Transferencia CZFV							-281.133,42

Transferencia outras Entidades							-538.628,24
Ax. F. Finalista Concello						-3.918.556,13	-3.877.376,49
Ax. F. Finalista XMU							-169.285,03
Total	212.321.587,50	215.506.411,32	,00	871.223,73	216.377.635,05	215.275.343,80	207.052.932,75

Axustes de consolidación

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	13.370.138,06	144.042,52	1.681.230,51	
OA. X.M.U.	1.652.065,99		5.436.001,44	68.326,96
OA. IMD	29.164,52		5.564.128,62	56.792,72
OA. EMAO			1.225.826,36	18.922,84
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
Total	15.051.368,57	144.042,52	15.051.368,57	144.042,52

Resumo por cada unha das institucións.

Institución	GC Liqu.2013	TRCPIB (1,5%)	V.Pe rm.	DA 6º LOEO eSF	Máx. Total legal	Real	Axu. grupo	Sbv.fina lista	Trf. Out. Administr.	Liquidación axust.	Diferenz a
CONCELLO	196.841.123,33	199.793.740,18	,00	871.223,73	199.793.740,18	-209.444.461,95	13.514.180,58	3.877.376,49	819.761,66	-191.898.209,09	7.895.531,09
Oper. ptes aplicar variación						-1.536.289,60					
Inv. Sostibles Da 6 L.O.						871.223,73					
Total gasto computable						-210.109.527,82	13.514.180,58	3.877.376,49	819.761,66		
IMD	7.570.591,06	7.684.149,93	,00	,00	7.684.149,93	-7.618.352,65	29.164,52			-7.589.188,13	94.961,80
VIGO-ZOO	1.393.647,24	1.414.551,95	,00	,00	1.414.551,95	-1.366.038,97				-1.366.038,97	48.512,98
EMAO	1.173.456,04	1.191.057,88	,00	,00	1.191.057,88	-1.097.676,41				-1.097.676,41	93.381,47
XMU	5.342.769,83	5.422.911,38	,00	,00	5.422.911,38	-6.923.171,17	-1.652.065,99	169.285,03		-5.101.820,15	321.091,23

Total	212.321.587,50	215.506.411,32	,00	871.223,73	215.506.411,32	-227.114.767,02	28.709.591,67	4.046.661,52	819.761,66	-207.052.932,75	8.453.478,57
-------	----------------	----------------	-----	------------	----------------	-----------------	---------------	--------------	------------	-----------------	--------------

$$T. \text{ Variación} = ((GCLONF_n / GCLONF_{n-1}) - 1) \times 100 \leq 1,5$$

Gasto computable da Liquidación axustada do ano 2013 → 212.321.587,50 euros
 Gasto computable da Liquidación axustada do ano 2014 → 207.052.932,75 euros
 TRCIPB 1,5% 212.321.587,50 x 1,015 = 215.506.411,32 euros.
 Variacións permanentes → 0,00 euros
 Investimentos sustentables DA 6ª TRLRFL → 871.223,73 euros
 Máximo legal da Liquidación do ano 20 14 → 215.506.411,32 euros
 Taxa de variación real → ((207.052.932,75) / (212.321.587,50) - 1) x 100 = -2,48% < 1,5%

$$\Sigma \text{ LGC } 2013 \times \text{TRCIPB} \pm \text{Cambios normativos} + \text{Gastos en investimentos sustentables} \geq \Sigma \text{ LGC } 2014$$

En canto á óptica comparativa entre Liquidación do ano 2013 e a do ano 2014, o resultado é o seguinte:

Estados consolidados

212.321.587,50 x 1,015 = 215.506.411,32 euros < ca Liquidación real consolidada do ano 2014, que é por unha contía de 207.052.932,75 euros, que será a base de cálculo para a Liquidación do ano 2015, que terá unha TRCIPB do 1,3%.

Límite teito de gasto 2015

Institución	GC Liqu.2013	TRCIPB (1,3%)	V.Perm.	DA 6ª LOEOeSF	Máx. Total legal	Máximo Real
CONCELLO	191.898.209,09	194.392.885,81	,00	3.770.079,73	194.392.885,81	194392885,81
Oper. ptes aplicar variación						,00
Inv. Sostibles Da 6 L.O.						3.770.079,73
Total gasto computable						198.162.965,54
IMD	7.589.188,13	7.684.149,93	,00	,00	7.684.149,93	7.687.847,58

VIGO-ZOO	1.366.038,97	1.414.551,95	,00	,00	1.414.551,95	1.383.797,48
EMAO	1.097.676,41	1.191.057,88	,00	,00	1.191.057,88	1.097.676,41
XMU	5.101.820,15	5.422.911,38	,00	,00	5.422.911,38	5.168.143,81

A planificación na execución dos orzamentos do perímetro de consolidación, terá que ir na senda deste obxectivo.

Polo tanto, hai cumprimento da Regra de gasto, dando así por cumprido o previsto no artigo 12 da LOEOeSF.

En consecuencia, sen prexuízo da información que xa consta no informe de Liquidación do orzamento do ano 2014 asinado con data 28 de xaneiro de 2015, incorpórase ao expediente 102476-140, correspondente ao informe sobre o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, este informe sobre o cumprimento da Regra de Gasto.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro, quedou informada.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Eu prepárome tódalas intervencións porque é certo que son unha hiperresponsable, estúdome tódolos datos e probablemente sexa unha, e non quero presumir que me gusta ser humilde, das estudantes de dereito económico coas mellores notas da maioría das grandes promocións, e polo tanto, non só teño un enorme compromiso coa política social, cos que menos teñen, senón que ademais sei bastante de dereito e bastante de economía.

Paso a dar conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, a entidade local e os estados consolidados presentan superávit, tanto a entidade matriz como os organismos autónomos cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, isto non pasa noutros concellos, como é o caso de A Coruña, que se atopa en quebra e intervida, nin tampouco no caso da Xunta de Galicia que atópase en déficit. En A Coruña, o responsable da quebra do Concello é un Alcalde do Partido Popular, e na Xunta de Galicia a responsable do déficit é a Sra. Muñoz, a enviada do Sr. Feijóo para ser candidata do Partido Popular en Vigo. Pero o máis salientable é que nos temos superávit adicando máis axudas que

ninguén ás políticas sociais, de emprego, á educación, ao deporte, á cultura, á emerxencia social, á atención aos drogo dependentes, ás persoas en situación de exclusión social, aos comedores escolares e sociais.

A Coruña en quebra, con impostos máis altos e cunha política social e de emprego que nin se pode comparar coa que facemos en Vigo, a Xunta de Galicia en déficit e recortando asuntos sociais para Vigo, recortando as partidas para a xeración de emprego en Vigo, non investindo nin un euro en investimentos produtivos na cidade, aumentando as taxas universitarias para os estudantes de Vigo, recortando o financiamento para os nosos museos, iso si en A Coruña e en Santiago de Compostela adican miles de euros aos seus museos, a candidata da Xunta de Galicia que máis atacou a Vigo na súa historia, deixou á Xunta de Galicia en déficit, e agora o Sr. Feijóo a envía como candidata á cidade de Galicia coas contas máis saneadas, menos mal que as viguesas/es saben do maltrato da Xunta de Galicia a esta cidade e vanlle dar un apoio moi maioritario ao seu Alcalde, ó Sr. Caballero, que defende a cidade e traballa polas súas veciñas/os, ao mellor Alcalde da historia de Vigo.

Tamén cumprimos coa regra de gasto, se cumpre nas contas da entidade matriz e en tódolos organismos autónomos. Esta situación de estabilidade orzamentaria e de cumprimento da regra de gasto é a que permite que podamos aumentar en máis de 15 millóns a partida adicada a políticas sociais dende que gobernamos. É a que permite que tódolos nenos de Vigo que precisan, teñan unha beca de comedor, é a que permite que adiquemos preto dun millón de euros ao albergue, é a que permite que apoiemos ao Aeroporto de Vigo, permite que as mulleres maltratadas sexan atendidas, que as viguesas/es vivan nunha cidade fermosa e non nunha cidade gris que era como estaba Vigo cando vostedes gobernaban.

Neste intre e debido aos berros dalgunhas persoas presentes no salón de Plenos prodúcese unha interrupción.

SRA. SILVA REGO: Polo tanto, unha xestión das contas extraordinaria que redonda na mellor política social e de emprego.

Neste intre e debido aos berros dalgunhas persoas presentes no salón de Plenos prodúcese unha interrupción, pedindo silencio a Presidencia reiteradamente.

SRA. SILVA REGO: Alcalde, remato, Vigo si, calumniadores non.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade é que non dan moitas gañas de intervir vendo as argumentacións, entre comiñas, que se utilizan nestas intervencións que están bastante lonxe do debate político e xe achega a moito máis ao seudo mitín electoral, a verdade é que non dan moitas gañas iso é certo.

No anterior punto no que se falou da liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus organismos autónomos a verdade é que non intervimos porque non queríamos distorsionar o debate entre os dous grupos políticos que aprobaron eses orzamentos, que chegaron a un acordo, que asinaron un pacto nesta cidade para ter uns orzamentos neste Concello feitos a medida das dúas partes asinantes, se entende, polo tanto, uns orzamentos feitos a medida do Partido Popular, igual que o cumprimento de tódolos obxectivos establecidos polo goberno do Sr. Rajoy. Hai que recoñecer que neste mandato acábanse os catro anos cuns orzamentos aprobados polo Partido Popular e como alumnos avantaxados do Partido Popular no goberno do Estado, aplicando mellor que ninguén tódalas aquelas medidas que supostamente se criticaban hai dous anos ou tres, pero que o ano pasado no momento de pactar co Partido Popular que foi con quen pactou o Partido Socialista nesta cidade, pois se deixaron de lado para chegar a acordos e aplicar precisamente todas aquelas medidas propostas pola dereita neste país, e nesta cidade tamén, e que fan que teñamos estabilidade orzamentaria para que? Para reducir o gasto social, que teñamos superávit para que? E a cambio de que? A cambio de reducir os cartos que se adican a axudar ás familias que están pasando as peores situacións nesta cidade.

Esas foron as políticas económicas do Partido Socialista nesta cidade que pactou co Partido Popular nesta cidade e ademais prolongando ese acordo ao ano 2015, porque despois de ter uns orzamentos que hoxe liquidamos, despois de ter unha estabilidade orzamentaria en 2014, que nos ofrecen para o ano 2015? Exactamente o mesmo. Temos uns orzamentos prorrogados, polo tanto, para o

ano 2015 ese superávit, esa estabilidade orzamentaria e todas estas marabillas das que falou a Sra. Tenente de Alcalde, hoxe quero referirme a ela polo seu cargo, porque xa no último Pleno clarexoume que non era unha persoa, que era un cargo por se o dubidábamos e non quero molestala e voume referir a ela como a Sra. Tenente de Alcalde, xa nos clarexou que estas contas maravilosas son as que imos ter para o vindeiro ano, para o ano 2015, imos contar outra vez cuns orzamentos aprobados polo Partido Socialista e polo Partido Popular e non nos están contando, ofrecendo desgraciadamente que grazas a unhas contas saneadas imos ter máis axudas de emerxencia, a xente vai poder contar con axudas máis rapidamente para solucionar os problemas máis urxente, non nos están a contar que non haberá máis persoas desafiuzadas, non nos están a contar nada diso. Están a contarnos que van ter máis do mesmo para este ano, é dicir, os orzamentos aprobados polo Partido Socialista e o Partido Popular que son as forzas que si pactaron nesta cidade para gobernar.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Veloso nós tivemos que acordar un orzamento despois de que vostedes lle votasen a investidura ao Sr. Alcalde, porque o Sr. Caballero é Alcalde non porque haxa gañado as eleccións, é porque o Bloque Nacionalista Galego quixo que o Partido Popular habendo gañado as eleccións non gobernase, e vostedes aprobaron seis orzamentos co Partido Socialista e neses orzamentos non se desbloqueaban os temas importantes da cidade, non se baixaban os impostos, subíanse e tampouco había 19 millóns de euros para asuntos sociais como hai neste Orzamento.

Sra. Silva, pode vostede mentir, falar de A Coruña, a nós os do Partido Popular de Vigo elíxennos para falar de Vigo, a vostedes elíxenlle para falar ao mellor de A Coruña. Falar de Vigo tamén é falar de Bembrive porque en Bembrive goberna o Partido Socialista de Vigo, do Sr. Caballero, que non vai a Bembrive e nin se fai fotos co Alcalde pedáneo que non vai ser o candidato, xa o anuncio, do Partido Socialista en Bembrive no o vai ser, pero goberna o Partido Socialista da Sra. Silva e do Sr. Caballero e esta semana pasada o secretario interventor de Bembrive di que está en grave risco de desaparición, ou sexa que o Partido Socialista da Sra. Silva e do Sr. Caballero vansen cargar a entidade de Bembrive

porque levan máis dun millón de euros de facturas sen pagar.

Sra. Silva eu víñalle avisando tódolos trimestres cada vez que vostede trae aquí ao Pleno o estado de execución do trimestre, e víñalle dicindo que o seu balance non era bo, e que o que avisa non é traidor, dígolle que o seu balance non é bo, é catastrófico.

Sobre a liquidación do orzamento, volvemos insistir en que o seu goberno está máis preocupado como sempre de recadar que de investir, por moito que o queiran negar, esta ano de ingresos o 104% do presupostado, ou sexa, ingresouse máis do presupostado e gastouse menos do presupostado, gastouse o 90% na execución de gastos, 104% na execución de ingresos e 90% na execución de gastos, por certo, o ano pasado foi o 94%. Por moito que o queiran negar porque politicamente non lle dará votos, vostedes cadran as contas, saben como? Cadran as contas a base de multas de tráfico, e ese escándalo que está pasando coas multas de tráfico non o inventa o Partido Popular, reflícteo os datos. Dende 2008 ata 2014, en sete anos, presupostaron 32 millóns de euros e impuxeron multas por 67 millóns, evidentemente a día de hoxe toda esta cantidade non está cobrada, a día de hoxe, pero xa se encargan vostedes de publicar no BOP 40.000 apremios para ir perseguindo aos vigueses ata que cobren, claro que xa cobrarán, non se preocupen que os cobrarán.

Respecto ao comportamento dos gastos, volve a quedar moi claro cal é o seu punto débil, e é que non saben xestionar, non saben xestionar, é escandaloso que no capítulo de investimentos haxan deixado sen executar dous de cada tres euros, en investimentos dous de cada tres euros, só executaron o 35% do gasto, pola súa absoluta falla de xestión, claro se non se executa o Orzamento na parte de gasto evidentemente hai superávit de 15 millóns de euros porque recadan aos vigueses, estamos facendo un esforzo na parte de ingresos e logo non fan os investimentos, agora están preparándoas para o final do 2015, agora están executando no 2015 os investimentos do 2014, 2013, etc. Aínda estamos esperando pola escola infantil de Lavadores e a reforma de Marqués de Valterra.

Tamén o di o Interventor, que estes cartos non van poder ser utilizado, o do superávit nada máis que para amortizar débeda.

Váiselles caer a careta que remata o carnaval, a presión fiscal sobe cada ano con

vostedes, en 2007 dos 452 euros recadados por habitante destinábanse 100 a investimentos.

SRA. SILVA REGO: A verdade é que eu escoitando á oposición que temos neste Concello de Vigo, neste Pleno do Concello, quédome abraiada porque non fan máis que dicir mentiras, menten dunha forma que non ten cualificativo, mente a voceira do Bloque Nacionalista Galego e o Sr. Fidalgo do Partido Popular, as contas do Concello de Vigo son as mellores de Galicia.

Neste intre e debido aos berros dalgunhas persoas presentes no salón de Plenos prodúcese unha interrupción.

SRA. SILVA REGO: A gran pregunta era en que gastaba os cartos dos vigueses o Partido Popular cando gobernou en Vigo, porque esta cidade estaba abandonada. Fixeron nove rúas, nós máis de 500, onde gastaban vostedes os cartos das viguesas/es? As políticas sociais son hoxe de 22 millóns, con vostedes non chegaban a 10.

Neste intre e debido aos berros dalgunhas persoas presentes no salón de Plenos prodúcese unha interrupción.

PRESIDENCIA: Agora que xa lle quitaron a foto, que lle están a facer agora que era o que buscaban, xa poden marchar se queren.

SRA. SILVA REGO: Para que o saiba todo o mundo, algunha xente da que está berrando aí, ten ilegalidades urbanísticas nesta cidade, o que terían é que explicar por que teñen ilegalidades urbanísticas nesta cidade, por que? Por que teñen multas de tráfico e non as pagan? Teríanolo que explicar, a corrupción está sentada entre eses que berran, que o saiban os medios de comunicación, ilegalidades urbanísticas, están aí sentados entre o público. Sr. Alcalde, están aí sentados entre o público, ilegalidades urbanísticas, e non pagan centos de decenas de multas de tráfico, que o expliquen, aí se que hai corrupción, aí entre

o público, os que se levantan a berrar e poñen esa cara, ilegalidades urbanísticas, calumniadores profesionais.

PRESIDENCIA: Garden silencio. Están nun Pleno, garden silencio. Ordenarei o seu desaloxo desta Sala. Garde silencio. Xa lle están a quitar a foto que viña a buscar do xornal que a viña a buscar, garde silencio. Se continua vostede así terei que mandar o seu desaloxo da sala, se continua interrompendo o Pleno, rebentando o Pleno terei que ordenar o seu desaloxo. Garden silencio.

SRA. SILVA REGO: Quedan 15 minutos simplemente para dicir Alcalde que as contas de estes Concello son as mellores de toda Galicia, que o saben perfectamente o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, noutras intervencións darei datos do Concello de Pontevedra, dicir que me sento avergoñada desta xente que pacta co Norte para danar a imaxe de Vigo, iso é a maior parte dos que están sentados aí.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3.3(31).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 9/2015. SUPLEMENTO DE CRÉDITO. AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA PRÉSTAMOS CONCERTADOS NOS ANOS 2010 E 2014. EXPTE. 29/142 (REXISTRO PLENO 1043/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 4 de febreiro de 2015, a concelleira delegade de Economía e Facenda emite o seguinte informe proposta:

“ Modificación orzamentaria num: (9/2015), Suplemento de Créditos
Expediente: 29/142
Contía do suplemento de crédito: 10.576.254,68 euros

Finalidade: Amortización anticipada e extraordinaria do préstamo do ano 2014 e amortización dunha contía do préstamo do ano 2010,, segundo o detalle que figura no informe de intervención.

Contía da amortización extraordinaria: 10.780.629,21 euros

Entidade financeira:

Préstamo 2014 BSCH:

Contía da amortización ordinaria préstamo 2014 BSCH : 475.625,47 euros.

Amortización extraordinaria: 4.280.629,21 euros.

Capital vivo a 31/12/2015: 0 euros

Préstamo adxudicado pola XGL en sesión do 18 de xullo de 2014, formalizado o 01/08/2014

Préstamo 2010 BBVA:

Contía da amortización Extraordinaria: 6.500.000,00 euros.

Préstamo adxudicado pola XGL en sesión do 20/06/2010, formalizado o 08/10/2010

Capital vivo a 31/12/2015: 2.847.249,48 euros

Data de amortización prevista: 30/06/2015

Órgano: Pleno da Corporación

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de 2 de febreiro de 2015, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (9/2015), que está conformado da seguinte documentación xustificativa: Resolución da Alcaldía Presidencia, na que se xustifica a inaprazabilidade do gasto por supor o acordo un aforro moi importante nos xuros financeiros, tanto os imputables ao exercicio corrente como a exercicios futuros, totalizando 1.283.019,34 euros, calculados ao tipo vixente, sendo o ano de remate das devanditas operacións o 2024 e 2020 respectivamente. Forma parte do expediente, o cadro identificativo da débeda e o plan de amortización extraordinaria-ordinaria dos anos 2014-2020.

Recurso financeiro da modificación de créditos

A modificación orzamentaria financiarase co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na Liquidación Orzamentaria do último exercicio liquidado, isto é, o exercicio do 2014.

O Remanente de Tesourería para gastos xerais que se obtivo da Liquidación do orzamento do ano 2014, cuantificouse en 74.324.280,18 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 6/2015 (Incorporación de remanentes de crédito), por unha contía de 4.767.246,17 euros, de onde resulta que o saldo actual do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais dispoñible é de 69.557.033,71 euros, suficiente para facer fronte á modificación orzamentaria pola contía de 10.576.254,68 euros, para financiar a amortización extraordinaria de préstamos por unha contía de 10.780.629,21 euros.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase

ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro, quedou informada.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Como este Concello ten superávit, como ten as mellores contas de toda Galicia e de case toda España, non o digo eu, dio o Sr. Montoro, traemos a este Pleno a proposta corresponde ao expediente que se tramita que ten como finalidade a aprobación dunha amortización extraordinaria de préstamos que se trae a decisión do Pleno dentro do Plan marcado iniciado no ano 2013 para a amortización total da débeda.

O obxectivo que se persegue é acadar a débeda cero, vai a ser un gran fito na nosa cidade e estou segura que os concelleiros da oposición estarán encantados de que isto sexa así, e polo tanto e tamén sen dúbida, nos apoiarán. Estou segura de que esta amortización extraordinaria terá o apoio unánime dos membros da Corporación porque outra decisión sería inexplicable, porque as decisións de amortización anticipada foron as que permitiron dispoñer de preto de seis millóns de euros para destinalos a políticas sociais que recolle o Orzamento, de non ter tomado esta decisión eses cartos habería que adicalos a pagar aos bancos.

Polo tanto, agora, está a darse outro paso nesta mesma dirección, aforrar en custos financeiros e nas devolucións anuais de pasivos para liberar recursos para un destino social, atendendo, non aos bancos, senón aos cidadáns e aos seus problemas.

Por que é en tempo de crise, cando padecen as súas consecuencias sectores da poboación que constituían as clases medias e traballadoras, cando hai que tomar este tipo de decisións, aforrar nos sistemas de financiamento de débeda para destinar o maior volume de recursos a atender as necesidades que a crise xerou. As consecuencias de non pagar aos bancos e adicar estes recursos ás persoas, ten como consecuencia que se poida rebaixar nun 1,4% o IBI, o Imposto de circulación, a recollida de lixo ou outros impostos. Significa a conxelación de taxas e prezos públicos nas escolas infantís, a conxelación da tarifa do transporte público nos tres últimos anos, a conxelación da taxa de auga nos tres últimos anos, ou a conxelación de tódolos prezos públicos e taxas.

Significa que se incrementara un 22,5% os investimentos en Benestar Social, se aumentase a dotación en bolsas de comedor, sendo a dotación total de dous millóns de euros, que se poida crear un fondo para axudas de alimentos, alugueiros e carencia enerxética por unha contía tamén de dous millóns euros, que se puidera incrementar o gasto en Educación nun 10,23% ou dotas ás políticas de emprego con 5,5 millóns de euros.

De non ter o apoio necesario esta Modificación hoxe non se poderían estar atender necesidades de primeiro orde que están a demandar os colectivos e as persoas necesitadas.

En consecuencia, o posicionamento político neste asunto vai ter incidencia nas políticas sociais de futuro, é dicir, para o ano 2016 e seguintes. Alguén entendería que se votara en contra e tivésemos que estar pagando aos bancos en lugar de adicar os cartos a solventar as necesidades das nosas veciñas/os? Sería unha tolería. Isto mesmo que estou eu a dicir tamén o dixo en xaneiro deste ano o concelleiro de Facenda do Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra, que dicía que co superávit do 2014 ían facer unha modificación orzamentaria para o pagamento da débeda e así ter máis capacidade de investimentos para facer outro tipo de políticas por iso eu entendo, estou convencida que o Bloque Nacionalista Galego neste Pleno vai votar a favor desta amortización, que vai permitir que non teñamos que pagarlle xuros aos bancos e podamos adicar eses cartos a políticas para as persoas. Non teño ningunha dúbida de que será así porque onde gobernan é o que propoñen, e por certo, é que é o que hai que

facer, hai que evitar pagar aos bancos para poder atender ás persoas.

PRESIDENCIA: Á seguinte mando que desaloxen a eses catro de aí atrás.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós no grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vigo a verdade é que procuramos seguir bastante máis a política municipal de Vigo que a política municipal doutras cidades, e procuramos preocuparnos máis pola situación da nosa cidade e por conseguir que se aproveiten os seus recursos que de compararnos con outras cidade e colocarnos no papel de vítimas, porque nós pensamos sinceramente que insistir en colocar a Vigo no papel de vítima, non vai axudarlle moito a mellorar a súa situación nin a valorar tódolos recursos e a tódalas persoas que poderían estar dando moito nesta cidade e que se atopan con dificultades importantes que desgraciadamente non se están a solucionar dende as administracións.

Por iso, nós nos preocupamos máis da amortización da débeda desta cidade e vemos sorprendidos que se amortiza un préstamo que se asinou en agosto do ano pasado, e parécenos bastante contraditorio, pero ao fin ao cabo non deixa de ser tan contraditoria como a política económica, fiscal e social que está levando adiante este goberno. Unha política social absolutamente contraditoria cos supostos ideolóxicos que di defender, e unha política mesmo económica absolutamente contraditoria tamén cos supostos ideolóxicos que defender, non oín falar do Sr. Keynes na intervención da Sra. Tenente de Alcalde, pero supoño que non falarán del porque dende logo o Sr. Keynes non era precisamente defensor de amortizar a débeda senón todo o contrario, canto máis gastamos e máis nos endebedados máis medra a nosa renda, pero aquí utilizamos ao Sr. Keynes pois así como nos convén, cando parece que viste o discurso que é ao que nos adicamos, o goberno local adicase a facer grandes discursos e a traballar moi pouco por esta cidade, adicase a facer campaña electoral e a dar moi poucas contas do que realmente debería dar conta, e neste caso adícase unha vez máis a dar negocio aos bancos asinando un préstamo en agosto do ano pasado e amortizándoo agora, en lugar de adicarse a atender ás necesidades da cidadanía. É realmente sorprendente e contraditorio, pero xa case non nos sorprende nada

despois de que se pacte co Partido Popular para supostamente quitar adiante os grandes problemas e infraestruturas desta cidade, que por certo seguen exactamente no mesmo estado no que estaban antes de asinar o pacto, e neste caso teñen o apoio tamén do Partido Popular, menos mal que contan vostedes co Partido Popular para mellorar a situación da cidade e neste caso tamén van contar co apoio do Partido Popular. Ao fin e ao cabo que o superávit haxa que adicalo á amortizar a débeda cos bancos é responsabilidade do Partido Popular, que vostedes agora asumen porque adican os cartos e o superávit dos concellos non a mellorar a vida das persoas, senón a manter os negocios financeiros, que por certo nos levaron á crise que estamos sufrindo.

Así que non se preocupe Sra. Tenente de Alcalde, que xa contan co apoio do Partido Popular como levan contando nos últimos tempos dunha maneira tan leal a pesares de que logo discutan tanto sobre A Coruña e outras cidades que bastante pouco lle preocupan á xente que está sendo desafiuzada na nosa cidade.

SR. FIDALDO IGLESIAS: Amortización da débeda, antes que me quitou a palabra e non me deu tempo a rematar, quería dicir que se hai superávit no Concello é, primeiro porque pagamos os impostos máis altos de Galicia e segundo porque non se executan os investimentos.

Na liquidación do Orzamento hai unha táboa moi bonita, que o di o Interventor, fíxoa el, quéroo felicitar polo seu traballo, demostra esa táboa como a presión fiscal sobe ano tras ano co Partido Socialista. No 2007 se recadaba de media 452 euros por habitante e ano, en Vigo, deses 452 euros destinábanse a investimentos 100 euros de media, hoxe recádanse 528 euros, pero sabe canto se destina a investimentos? Antes se destinaban 100 euros e agora se destinan 29 euros a investimentos, só 29 euros a investimentos e 500 para gastos correntes, esa é a xestión que fai o Partido Socialista porque o seu problema é de xestión, única e exclusivamente, hoxe traen a Pleno unha amortización extraordinaria de débeda por importe de 10,7 millóns de euros financiada con remanentes, claro hai superávit, só se pode utilizar en depósitos que case non rendan por eles ou estar pagando intereses que son ademais moito máis

elevados porque non saben negociar correctamente cos bancos. Que fai o Partido Popular? Coherentemente apoia que ao menos paguemos menos intereses, apoiámolo en 2013, no 2014 e ímolo a apoiar en 2015, en total apoiamos 60 millóns de euros de amortización de débeda, e por que señores do Bloque Nacionalista Galego? Porque é ou iso, déixallo en conta corrente ou metelo nun depósito ou regalarlle os cartos aos bancos, que sería se estamos a pagar intereses por que? Porque estamos aforrando con estas amortizacións nada menos que 5 millóns de euros de intereses.

Vostedes atoparon no 2007 unhas contas perfectamente saneadas, despois dunha xestión brillante da Sra. Porro e do Sr. Figueroa como concelleiro naquela época. Nós atopamos o Concello con 108 millóns de euros de débeda e deixámolo en 47 millóns de euros, baixamos a débeda en 61 millóns de euros, e a Tesourería a subimos en 35 millóns de euros, había 28 millóns de Tesourería e quedáronlles a vostedes 63 millóns de euros.

Esa é a forma que ten o Partido Popular de facer política, unha forma na que impera o rigor e sobre todo facer máis cobrándolle menos impostos á xente, iso é o que teñen que facer.

Esta amortización, isto é algo que xa está máis que inventado, xa o esta facendo tamén a Deputación de Pontevedra, na Deputación hai un plan de débeda cero en 2018, e tamén a Deputación ten superávit, esta ano 18 millóns de euros, pero o que lle pedimos é que se apliquen, que fagan boa xestión e que non lles pidan aos cidadáns un esforzo inhumano en pagar impostos, en machacalos a multas de tráfico para logo non saber xestionalos, iso é o que teñen que facer, facer máis cobrando menos.

Por suposto que o Partido Popular dentro de 90 días, cando sexan as eleccións, vai presentar un programa económico aos cidadáns no que lle pidamos moito menos esforzo para seguir facendo moitas máis cousas.

SRA. SILVA REGO: Vaian perdendo vostedes toda a posibilidade de gobernar en Vigo en moitos anos, eu calculo que non menos de 25 anos van estar vostedes aí sentados na oposición, por certo, a maioría de vostedes non, outros, porque xa lles dixo o Sr. Feijóo que vostedes non valían, que o fixeron mal, que había que

traer a outra xente, e dentro de 25 anos a xente pensarano moito porque vostedes onde gobernan xestionan fatal, 148% aumentou a débeda da Xunta de Galicia, A Coruña en quebra e intervida, a maioría dos concellos onde vostedes gobernan en Galicia non cumpren co período medio de pago, superan os trinta días, neste Concello temos superávit, 90% de execución neste ano e case o 98% no ano 2013, na Xunta de Galicia o 70% de execución, no IGAPE onde vostede traballa non chegan ao 25%, somos a segunda cidade de España en pago medio a provedores, imos camiño da débeda cero no 2015, a Deputación no 18% e iso parece segundo o Sr. Fidalgo algo extraordinario, nós no 2015 teranos que aplaudir.

Sra. Voceira do Bloque Nacionalista Galego, que sempre foi moi amigo do Partido Popular en Vigo son vostedes, sempre vostedes que apoiaron que a Sra. Porro fora a Alcaldesa, que lle deron todo o apoio, que apoiaron un plan xeral especulativo que enriquecía aos promotores, pero isto tamén ocorre en Pontevedra, na Deputación de Pontevedra, vostedes son moi amigos na Deputación de Pontevedra do Sr. Louzán pero que ademais vostedes son uns demagogos. Vostede Sra. Veloso, mente e é demagoga, no Orzamento aprobado en xaneiro en Pontevedra só o 4,5% dos Orzamentos se adican a políticas sociais, no 2010 era do 5,5%, hoxe do 4,5%; quen reduce as políticas sociais onde gobernan son vostedes e por certo saben canto adican o emprego en Pontevedra, 240.000 euros, Sra. Veloso non me tome o pelo.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o

seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 9/2015, Suplemento de crédito, por unha contía de 10.576.254,68 euros, para financiar a amortización extraordinaria de préstamos por unha contía de 10.780.629,21 euros formalizados coas seguintes Entidades financeiras:

a) BSCH, polo préstamo adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 18 de xullo de 2014, formalizado o 01/08/2014.

Importe da amortización extraordinaria: 4.076.254,68 euros.

Aplicación orzamentaria: 0110.9130500

Amortización ordinaria do ano 2015: 475.625,47 euros.

Cancelación total da operación a data: 30/06/2015.

b) BBVA, polo préstamo adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 20/06/2010, formalizado o 08/10/2010

Importe da amortización extraordinaria: 6.500.000 de euros.

Aplicación orzamentaria: 0110.9130100

Amortización ordinaria do ano 2015: 1.869.449,89 euros

Amortizacións ordinarias para o período 2016-2020: 569.449,90 euros

A Totalidade da operación do ano 2014, liquidarase o 30/06/2015 e coa mesma data, a anualidade extraordinaria do préstamo concertado no ano 2010.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, os orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Apli/concepto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
87000	69.557.033,71	- 10.576.254,68	58.980.779,03	0110.9130500	680.000,00	4.076.254,68	4.756.254,68
				0110.9130100	1.869.449,85	6.500.000,00	8.369.449,85
Total		- 10.576.254,68		Total		10.576.254,68	13.125.704,53

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse

S. Ord. 23.02.2015

denegadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobado definitivamente a modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

3.4(32).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 10/2015. CRÉDITO EXTRAORDINARIO, PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DOS PROXECTOS DE REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO DE FÚTBOL DE BALAIÇOS E OUTROS CAMPOS. EXPTE. 30/142 (REXISTRO PLENO 1057/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de febreiro de 2015, a concelleira delegada de Economía e Facenda emite o seguinte informe proposta:

“ Modificación orzamentaria Núm: (10/2015).
Tipificación da Modificación: Crédito Extraordinario
Expediente: 30/142
Contía do crédito Extraordinario: 3.438.677,38 euros
Finalidade: Financiamento das obras de remodelación e modernización do ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÇOS E CAMPOS DE FÚTBOL.

En execución da Resolución do Sr. Alcalde - Presidente de 2 de febreiro de 2015, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (10/2015), que está conformado da seguinte documentación acreditativa: Memoria xustificativa do Sr. Concelleiro da Área de Fomento e Resolución da Alcaldía Presidencia, na que se

xustifica a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer.

A vista da documentación, para a continuación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, á adopción do seguinte acordo...”.

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro, quedou informada.

DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Agora imos tratar doutra amortización pero na anterior eu quero que as viguesas/es saiban que o Bloque Nacionalista Galego en Vigo votou a favor de que paguemos intereses aos bancos e non adiquemos cartos ás políticas sociais en Vigo, que quede claro é o que votaron na anterior votación, dicindo que queren que lle paguemos intereses e pasivos aos bancos, en Pontevedra sen embargo fan amortizacións para non pagarlle aos bancos e adicar cartos ás persoas, en Vigo non, en Vigo que se lle pague cartos aos bancos, é o que acaba de votar o Bloque Nacionalista Galego, que o saiban os vigueses/as.

Paso agora á aprobación inicial da que estamos falando, o Real Club Celta de Vigo, é unha das sinais de identidade máis salientables da nosa cidade, en Vigo sabemos da importancia de ter un equipo en primeira división, en Vigo queremos e valoramos a nosa propia marea azul. O Celta é o buque insignia dunha cidade que se ergue orgullosa, que ergue orgullosa a cabeza e que quere un Vigo fermoso, un Vigo de primeira, respectado, atendido, admirado e ocupando o lugar que merece, o da primeira cidade de Galicia. Seguramente a todos vostedes lles ten ocorrido que cando saen fora de España e lles preguntan de

onde son e din que son de Vigo, lles din: “ah si, Vigo, co Real Club Celta de Vigo”, a xente de dentro e fora identifica Vigo co seu equipo de fútbol, o Celta, e iso ten lle ocorrido á maioría das persoas que saen fora da nosa cidade. Porque Vigo é sinónimo de Celta, e o Celta é sinónimo de Vigo.

Cando as veciñas/os de Vigo imos ver xogar ao Celta, baixamos ao Val Miñor dende o norte, o sur, dende o leste e dende o oeste, alí atopámonos ás viguesas/es e nos sentimos unidos nunha extraordinaria comunión, imos apoiar ó equipo que tantas alegrías nos da, a última a do partido co Deportivo.

Por iso, polo que significa, pola súa incidencia no recoñecemento da nosa cidade, polo empuxe que da á nosa economía, cada euro investido se multiplica por tres, non podíamos seguir tendo un estadio cunhas instalacións antigas e inadecuadas. E por este motivo polo que este goberno decidiu iniciar o proceso de transformación do estadio municipal de fútbol de Balaídos co fin de modernizalo.

Para conseguilo encargouse a redacción do Plan director de remodelación e modernización do Estadio de Balaídos, para conseguilo acordamos a súa remodelación coa directiva do Celta e propuxemos á Deputación de Pontevedra, á Xunta de Galicia e á Zona Franca que se sumaran a este gran proxecto de cidade, a partires de aquí asinouse un convenio por parte do Alcalde de Vigo co Presidente do Celta, está a piques de firmarse un convenio coa Deputación de Pontevedra e o próximo 25 de febreiro, o Alcalde levará unha moción á Zona Franca para que participen no desenvolvemento deste proxecto que permita construír tamén un gran parque, moción que anunciou o Alcalde no anterior Pleno.

O proxecto comprende a remodelación total do campo de fútbol pero vai máis aló, contempla tamén a humanización de todo o entorno do estadio, algúns parecen que non se decataron, pero a mellora do entorno forma parte do proxecto dende o primeiro momento, a Xunta de Galicia non quixo formar parte deste proxecto e propuxo participar na remodelación das pistas de atletismo situadas tamén no barrio de Balaídos, tamén a mellora das pistas forman parte deste gran proxecto.

Polo tanto, e tendo en conta a necesidade de acometer as melloras nas

infraestruturas deportivas, non só de Balaídos senón tamén nas pistas de herba sintética doutros campos de fútbol da cidade onde fan deporte as nenas/os de Vigo, pídlle que aproben esta modificación orzamentaria, porque isto vai conseguir que Vigo teña un estadio adaptado á fermosura e as necesidades do Celta na nosa cidade.

SR. ALONSO PÉREZ: escoitando a argumentación, a un parécelle que ata os goles de A Coruña os marcou o Sr. Alcalde, é tremendo o intento de apropiación de símbolos da cidade por parte do Goberno Local, é tremendo, e por moito que repitan que o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego pactaron, o único que pactou nesta cidade é o Partido Popular e o Partido Socialista, nós imos votar a favor desta modificación de crédito en base a remanentes porque hai un problema real de seguridade no estadio, hai que afrontar tamén melloras nos campos de fútbol. Pero hai unha cuestión que da lectura de memoria se desprende e é de novo a incapacidade que ten este goberno, de conveniar con ningunha administración, dicíano antes a Sra. Veloso, prefiren ser vítimas, sempre vendendo o vitimismo, non hai aínda ningún convenio nin coa Xunta de Galicia, nin coa Deputación de Pontevedra, nin coa Zona Franca, con ningunha administración, si, aínda que lle doa Sr. Alcalde, non conseguiu conveniar aínda con ninguén, por iso obrigou ao Bloque Nacionalista Galego a facer unha moción extraordinaria porque primeiro o acordo ten que ser con tódalas administracións e tendo en conta todo, non exclusivamente o campo de fútbol, non vale dicir que está a humanización do entorno cando non hai nada concreto conveniado, ningunha administración achega nada.

Xa está ben que a Xunta de Galicia, que leva prometendo seis anos por incumplir un convenio cos atletas da cidade, e de facer un módulo cuberto para que os atletas desta cidade poidan adestrar e competir en circunstancias climatolóxicas adversas, a Xunta de Galicia se ría da cidade, e o Goberno Local e o Alcalde sexa incapaz de conveniar nunca nada en beneficio da cidade, porque prefire dicir “non invisten”, claro que non queren investir pero a capacidade dun goberno é poñerse de acordo con outras administracións en ben da cidade, e non o fan, non son capaces.

O Bloque Nacionalista Galego vai aprobar a modificación de crédito porque somos conscientes e responsables, como unha organización seria e non nos adicamos aquí cando se está discutindo un punto do orde do día a facer campaña electoral, non é a nosa maneira de actuar. Somos rigorosos e serios, e como sabemos que efectivamente hai un problema de seguridade do estadio imos votar a favor, pero pedímoslle ao Goberno que se poña as pilas, que deixe de facer propaganda, non vale a propaganda, hai que coller as outras administracións e involucralas en conseguir melloras para toda a cidade. Por iso o Bloque Nacionalista Galego presenta unha moción extraordinaria para que non se vexa exclusivamente o campo de fútbol, para que se vexa todo o entorno, se solucione o problema de aparcadoiro, se involucre a outras administracións, que aínda non hai ningunha, e dunha vez se arranxe as pistas de atletismo, hai moito descoñecemento do que significou o atletismo nesta cidade, é o deporte quen nos puxo, non no mapa de España, senón no mapa do mundo, atletas desta cidade conseguiron éxitos internacionais durante toda a vida e non pode ser que os atletas segan adestrando en período de choiva sen poder ter un lugar onde facelo, por iso pedimos que a Xunta de Galicia se deixe de promesas e que dunha vez faga o módulo cuberto nas pistas.

SR. FIGUEROA VILA: A min sorpréndeme a intervención do Sr. Alonso que fai unha protesta, unha denuncia dun tema que me sorprende xa que el foi concelleiro de deportes, e o Sr. Domínguez foi director xeral de deportes e non fixeron nada por esta cidade, o que hai que analizar é que fixeron vostedes cando gobernaron na Xunta de Galicia o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, pero sobre todo o BNG, absolutamente nada.

Nós o que estamos a traballar é no futuro desta cidade, o que estamos é a traballar para que esta cidade non se colapse, non vaia para atrás, senón todo o contrario e iso é o que fixemos en varias das nosas actuacións ao longo dos últimos anos, primeiro entendiamos que había que facer amortizacións de débeda, por que? Porque recuperábase a posibilidade de intereses de bancos, que loxicamente viñan ben para facer obras ou melloras nas nosa cidade e para investir e gastar na cidade de Vigo, por que? Porque nós isto xa o fixemos na

Deputación de Pontevedra tamén, dende o ano 2012 estamos amortizando débeda en torno aos 20 millóns de euros, e imos acadar no 2018 que a débeda sexa cero, pero non só isto, se non que o incremento de débeda é cero dende o ano 2012, é dicir, non acudimos a crédito dende o ano 2012, isto que fai posible? Pois fai posible que gracias a isto cando se nos propón a posibilidade de facer a obra de Balaídos teñamos recursos suficientes para que isto poida ter sentido e teña un resultado final positivo. Nós intentamos facer a grada do Estadio de Balaídos loxicamente a cambio dun investimento e tamén dunha serie de cuestións que no próximo convenio que se asinará supoño nas próximas semanas, pois se poida levar a cabo, e para iso nós xa temos aplicación orzamentaria dende a data do 10 de decembro do 2014, por un importe de tres millóns de euros e unha segunda por importe de 450.000 euros para os equipos infantís desta cidade, os campos de fútbol, e tamén unha dotación orzamentaria de 200.000 euros para a Fundación do Real Club Celta.

En definitiva, a Deputación ten 4.700.000 euros xa nos seus orzamentos dun compromiso que adquiriu a propia Deputación de Pontevedra co goberno da cidade de Vigo. Vostedes agora tráennos aquí hoxe, unha modificación de crédito, unha modificación que loxicamente nós dixemos que era necesaria, agora descúbrese que nós diciamos a verdade e que non estabamos enganando a ninguén, pero o importante do tema, o fondo é que hoxe imos aprobar 3,4 millóns de euros, fondos necesarios para a reforma do Estadio Municipal de Balaídos e se cubra unha das partes dese compromiso que hai, polo menos entre a Deputación e propio Concello de Vigo. Iso é no que estamos a traballar, nós queremos un Celta forte, que a cidade avance, e é certo que o fútbol ten unha ligazón directa con tódolos temas sociais e económicos da cidade de Vigo.

Nós tamén dende a Deputación de Pontevedra, por iso se puido levar isto a cabo, fixemos un plan de emprego por importe de 60 millóns de euros nos últimos 5 anos, que deu traballo a máis de 8.000 persoas, e están aí os datos que se poden corroborar e que se poden demostrar claramente.

Polo tanto, estamos a facer as cousas con rigor, primeiro, fixemos un pacto orzamentario porque entendíamos que as grandes obras desta cidade non se podían paralizar como o hospital, a depuradora, a Cidade da Xustiza, como baixar

os impostos que son importantes e necesarios para esta cidade e hai que seguir baixando, e partires de aí, máis obras que se puxeron en marcha como é o tema de Balaídos que é necesario porque Balaídos e o Celta significa a promoción da cidade, dicía don Camilo José Cela que a importancia das cidades se medían pola clasificación da primeira división tódolos luns, Madrid, Barcelona, Sevilla, Bilbao, por suposto Vigo, e os demais. Creo que iso é importante, pero que se faga con rigor, seriedade e nós estamos a traballar nesa liña, esa é a liña do Partido Popular, dun traballo serio, rigoroso, coherente e por iso apoiamos ao Orzamento e por iso creo que temos a lexitimidade para poder falar.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, vostedes apoiáronnos para que a Sra. Porro fora alcaldesa desta cidade, polo tanto, o que teñen que facer é calarse, o Partido Socialista o que ten que ter é un respecto ao Partido Popular porque apoiou uns orzamentos nun momento complicado, e iso é o que hai que facer, ter respecto institucional e político porque imos ter que consensuar moitos temas no futuro para que esta cidade avance e iso eu creo que nós xa o empezamos a facer hai moito tempo, algún lembrará cando pase o temo destes momentos.

SRA. SILVA REGO: Eu cada día entendo menos ao Bloque Nacionalista Galego, non o entendo en absoluto. Veñen aquí a dicir que actuamos de vítimas, non, nós o que denunciemos é que a Deputación non inviste en Vigo, que a Xunta de Galicia non inviste en Vigo, que o Goberno de España non inviste en Vigo, que esta cidade nunca tivo quen a defendera fronte a outras administracións que nunca tivo políticos que levantaran a voz para defendela e agora si as teñen Sr. Alonso, agora ten un Alcalde que defende a cidade e as viguesas/es sábeno, é a primeira vez que cando nos queren quitar un partido xudicial hai un Alcalde que di non, é a primeira vez que cando queren pechar o Aeroporto de Peinador o Alcalde di non, é a primeira vez que cando queren pechar Caixanova o Alcalde sae a rúa e di que a fusión é un disparate, vostedes a apoiaron e hoxe non temos sistema financeiro, nin en Vigo, nin en Galicia, vítimas non. Denunciamos a aldraxe a esta cidade, e vostedes saben que fan, Sr. Alonso, calados, non din nada, porque vostedes son de eses que seguen defendo a vella Galicia, a do centralismo en Santiago de Compostela e A Coruña e que non queren que Vigo ocupe o lugar

que merece, o lugar do motor económico de Galicia. Víctimas non.

Sr. Alonso, de que me fala vostede de convenios? Vostede foi concelleiro de deportes no anterior mandato, como non conveniu vostede coa Xunta de Galicia, coa Zona Franca, co Goberno de España ou “sursun corda” para facer o Estadio de Balaidos? Vostedes non foron capaces nin se queira de poñer o proxecto en marcha, pero de que me fala vostede? E vostede dime que nós temos unha relación moi estreita co Partido Popular, non, vostedes votaron a un Alcalde socialista, ao Sr. Ventura Pérez Mariño, un xuíz recoñecido e vostedes apoiaron á Sra. Porro. Pero tamén o fan na Deputación de Pontevedra, son moi amigos do Sr. Louzán, xa está ben de mentiras.

É certo que nós xa conveniamos e asinadas o convenio co Celta, agora o imos asinar coa Deputación de Pontevedra, non só para o Estadio de Balaídos senón para mellorar os campos de herba sintética, vostedes asinaron un convenio e quedou en nada, debe ser que vostedes non son moi bos xestores, nós si, imos acordar agora tamén que se melloren os campos de herba. Vostede foi concelleiro de deportes e cero sobre certo, é o sinto moito pero tamén tiveron un director xeral de deportes e non foron capaces de facer nada no Estadio de Balaídos, esa é a verdade.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 10/2015, Crédito Extraordinario, por unha contía de 3.438.677,38 euros, cos seguintes empregos:

EMPREGOS

Aplicación	Concepto	Importe
9330.632.00. 10	Obras de remodelación e reforma do Estadio Municipal de Balaídos	3.213.677,38
3410.632.00. 14	Obras de remodelación e reforma de campos de fútbol	225.000,00
Total		3.438.677,38

Ao amparo do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, o concepto que conforma o recurso de financiamento da modificación orzamentaria 10/2015, e o seguinte:

RECURSOS

Aplicación	Concepto	Importe
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	3.438.677,38

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobado definitivamente a modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do crédito extraordinario definitivamente aprobado, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

URBANISMO

3.5(33).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO MONTE DA MINA. EXPTE. 13677/411 (REXISTRO PLENO 1047/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 19 de xaneiro de 2015, a técnica de administración xeral da Oficina de Planeamento e Xestión e o director de Desenvolvemento Urbanístico informan:

“O día 01.03.2012 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos resolveu iniciar a redacción e tramitación, por iniciativa municipal, do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina (Castrelos) e encomendar estes traballos á Oficina de Planeamento - Xestión.

O 15.06.2012, o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica o nomeado Plan Especial, facéndose pública esta Decisión mediante anuncio no DOG nº. 132, do día 11.07.2012 e na páxina web da CMATI.

O día 04.02.2013, o Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade emitiu o informe relativo ás IMDs de tráfico nas distintas rúas da parroquia de Santa María de Castrelos, que obra no expediente.

En sesión ordinaria do 15.03.2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina, elaborado pola Oficina de Planeamento - Xestión en febreiro de 2013, abrir un trámite e información pública polo prazo dun mes mediante anuncio no DOG e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia, notificar individualmente aos titulares catastrais e recabar os informes sectoriais procedentes. O dito anuncio publicouse en Faro de Vigo (páx. 7) e Atlántico Diario (páx.11) o día 12.04.2013 e no DOG nº. 94 do 20.05.2013.

En data 30.07.2013, o Secretario da XMU expediu certificado acreditativo de que durante o prazo de información pública presentáronse un total de 13 alegacións (a última fóra de prazo). Incorporouse tamén ao expediente unha copia do escrito presentado o día 21.03.2013 no Rexistro xeral da XMU (doc. 130033065) pola Asociación de Afectados da Avenida Alcalde Portanet e a Asociación Ecolóxica Parque de Castrelos.

Os días 31.10.2013, 03.12.2013 e 09.01.2014, o topógrafo municipal emitiu os informes que obran no expediente.

As rectificacións esixidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en informe do 18.11.2013, incorporáronse na versión V.2 do plan especial, redactada polos técnicos municipais en febreiro de 2014, reflectíndose nela as modificacións requiridas polo estudo e proposta de estimación dalgunhas das alegacións presentadas. A versión V2 do plan especial consta de:

- Documento 1: Memoria Informativa e os seus anexos
- Documento 2: Memoria Xustificativa e os seus anexos
- Documento 3: Normativa
- Documento 4: Estratexia de actuación e estudo económico financeiro
- Documento 5: Catálogo
- Planos:

- Planos de Información

- Planos de proposta-ordenación

O día 01.10.2014, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140117223) o oficio do 25.09.2014 do Subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dando traslado do informe favorable emitido nesa data pola Directora xeral do Patrimonio Cultural, vista a versión V.2 do plan especial.

O informe de contestación de alegacións revisouse e asinouse en outubro de 2014, unha vez recibido o informe sectorial favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O día 13.10.2014, os servizos técnicos e xurídicos municipais emitiron informe en relación á calidade técnica e legalidade do documento.

En sesión ordinaria do 24.10.2014, a Xunta de Goberno Local acordou estimar parcialmente e desestimar as alegacións presentadas durante o trámite de información pública nos termos reflectidos no dito acordo, aprobar provisionalmente o plan especial na súa versión V.2 redactada polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión en febreiro de 2014 e remitilo, xunto co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a emisión do informe preceptivo e vinculante legalmente previsto. O acordo notificouse aos alegantes.

O día 12.01.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150002769) o informe favorable, previo a aprobación definitiva, emitido o día 07.01.2015 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)

- Lei 8/2013, de 26 de xullo, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio (LOT)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística
- Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia (LVG)
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de Galicia
- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenrolo e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)
- Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Decreto 449/1973, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a

protección do Estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Galicia e Asturias

- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II. O Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina como instrumento de desenvolvemento do PXOM/08

O Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina foi redactado polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión en cumprimento da Resolución do día 01.03.2012 da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos e formulado en aplicación dos artigos 4.1.6 e 4.1.7 das NNUU do PXOM/08 e en desenvolvemento da ficha do sistema xeral de espazos libres SX/EL-ZV/B11 MONTE DA MINA, co obxectivo de asegurar a protección, conservación, catalogación, mellora e posta en valor do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico, a preservación do medio ambiente, da paisaxe e o patrimonio cultural.

Trátase dun instrumento de desenvolvemento previsto no PXOM/08 e nos artigos 68, 69 e 71 da LOUGA, que contén a ordenación pormenorizada do solo urbano consolidado do seu ámbito de aplicación, que establece as medidas necesarias para garantir a conservación e recuperación dos valores obxecto de protección, que determina a ordenación detallada do sistema xeral SX/EL-ZV/B11 e inclúe un catálogo, consonte o artigo 75 da LOUGA, co obxecto complementar o previsto no PXOM vixente. Así mesmo, dende a súa escala, integra a perspectiva global e integral da paisaxe, incorporando o estudo de visibilidade solicitado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O Plan Especial evidencia tamén o valor cultural da Igrexa de Santa María de Castrelos, consagrada no 1216 segundo inscrición reflectida no testeiro da nave e suxire a súa consideración de BIC. A tal fin, previa decisión do órgano competente, resulta procedente a elaboración da documentación técnica necesaria para, considerando o disposto no artigo 12.1 da LPC, instar da Conselleira de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o inicio do procedemento establecido para a súa declaración de BIC polo Consello da Xunta de Galicia.

Finalmente, o seu ámbito abrangue unha superficie de 116.931 m² de solo delimitado nos planos de ordenación Series 1 e 2 do PXOM/08, cos axustes precisos xustificados no documento sometido a aprobación (planos de información I-01 e I-02).

III. Cumprimento da tramitación procedemental

A súa tramitación procedemental axustouse ao disciplinado no artigo 86 da LOUGA, de acordo coa súa natureza de planeamento de desenvolvemento secundario, polo que, atendida a Resolución do 15.06.2012 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental, foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o día 15.03.2013, sendo sometido ao trámite de información pública e notificación individualizada previsto no artigo 86.1.a) da LOUGA e recabado o informe sectorial favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 25.09.2014. Logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais en relación á calidade técnica e legalidade da ordenación, foi aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local e sometido ao informe vinculante e preceptivo previsto no artigo 86.1.d) da LOUGA, dada a súa condición de plan especial dos referidos no artigo 69.4 da LOUGA. O día 07.01.2015, a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe favorable previo a súa aprobación definitiva (dentro do prazo conferido na LOUGA). En aplicación do disposto no artigo 86.1.f) da LOUGA, cumpridos os devanditos trámites, *o Concello procederá a súa aprobación definitiva.*

IV. Publicidade e eficacia.

De acordo co artigo 92.2 da LOUGA, o acordo de aprobación definitiva do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Monte da Mina publicarase no DOG e o documento que conteña a normativa e ordenanzas, no BOP de Pontevedra.

A aprobación definitiva será comunicada a CMATI, a que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran e sobre os que recaira a aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo. No anuncio de publicación da aprobación definitiva farase mención desta remisión.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado definitivamente quedan condicionadas ao cumprimento do disposto no artigo 92 da LOUGA e ao que dispoña ao efecto a lexislación reguladora da Administración actuante.

De conformidade co disposto no artigo 77.3, segundo parágrafo, da LOUGA a suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición determinada pola aprobación inicial do plan especial extinguirase coa súa aprobación definitiva.

A aprobación deste instrumento de planeamento de desenvolvemento conlevará a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens ou dereitos afectados, no seu caso, aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

V. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).

Por todo o anteriormente exposto, ..."

A seguir os asinantes formulan a proposta que se mantén na parte dispositiva do presente acordo.

Con data 6 de febreiro de 2015, o Consello Municipal de Urbanismo ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o «PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ACONDICIONAMENTO DO MONTE DA MINA», redactado polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión na súa versión V2, con data de febreiro de 2014 (exp. 13677/411).

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente,

Territorio e Infraestruturas xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre os que recae a presente aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo.

TERCEIRO: Ordear a publicación do presente acordo no DOG, en cuxo anuncio farase mención á remisión á CMATI da documentación referida no apartado quinto presente acordo e, así mesmo, publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas.

CUARTO: Ordear a publicación do presente acordo xunto coa ordenación definitivamente aprobada, na sede electrónica do Concello de Vigo e practicar as notificacións preceptivas en observancia da lexislación aplicable.

QUINTO: O Plan Especial ten natureza de disposición de carácter xeral polo que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio das accións legais que se estimen convenientes.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA A CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIA DOS CONSELLOS DE SAÚDE DE ÁREA PARA CUMPRIR COA PARTICIPACIÓN SOCIAL E

TERRITORIAL DA CIDADANÍA. EXPTE. 1056/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de febreiro de 2015, número 1056/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O desmantelamento do sistema sanitario público da Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

A día de hoxe a sanidade pública recibe menos orzamento, un recorte de máis do 12% desde o ano 2009, menos medios, presenta listaxes de espera disparadas... Todo isto implica menos saúde pública, confirma o traslado do gasto sanitario ás persoas doentes. O goberno galego recorta en infraestruturas e mantén a estratexia de privatización da sanidade pública. A Xunta entregou xa a empresas privadas -na súa maioría multinacionais, algunha vinculada a fondos financeiros- e de fóra de Galiza unha parte considerábel dos servizos da rede do Sergas. Padecemos un recorte do 21% na atención primaria desde a chegada de Feijóo á Presidencia, a pesar de ser a porta de entrada na sanidade, con case 3.000 profesionais menos, desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010, sometidos/as a un recorte salarial do 30%. A esta redución hai que acrecentar o peche de case 400 camas, o abandono e deteriora das infraestruturas sanitarias e a non construción doutras comprometidas, como o Hospital do Salnés e 15 centros de saúde ao longo de todo o país que carecen de consignación orzamentaria da Xunta.

Esta situación provoca a reacción da cidadanía a través de iniciativas nas institucións que presentan as forzas políticas, como o BNG, ou organizada na Plataforma SOS Sanidade Pública para deter a política de recortes e privatizacións que impulsa o actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas. Porque a sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade, por iso estamos todas e todos comprometidos na mellora deste servizo público, incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e para lograr a redución dos tempos de espera hospitalaria.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos

de saúde de área, reflectindo a súa composición e competencias, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de pacientes.

Lamentablemente, a partir da entrada en vigor desta lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais a negativa da Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou a súa desaparición.

A actual situación de deterioro da sanidade pública obriga a necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbel a participación social que obrigue a Administración sanitaria e o goberno da Xunta de Galiza a escoitar as alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Demandar da Xunta de Galiza a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía, tal como sinala a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, para que se escoiten as alternativas e achegas das galegos e dos galegos para mellorar este servizo público esencial.
2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellaría de Sanidade e grupos parlamentares do Parlamento galego."

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe presentamos esta moción no Pleno do Concello de Vigo que unha moción que se refire á aplicación dunha lei que xa existe no noso país, a Lei do 10 de xullo do 2008, da saúde de Galicia, que recolle no seu artigo 25 a participación territorial a través dos consellos de saúde da área para poder darlle voz, e trasladar directamente ás autoridades sanitarias, ás asociacións veciñais, aos colectivos en distintas áreas, organizacións sindicais, empresariais etc., asociación de pacientes que poidan pedir directamente ás autoridades sanitarias,

reclamar as necesidades da súa área sanitaria, por que facemos esta demanda, por que pedimos que se cren estes consellos de saúde? Se repasamos os últimos Plenos deste Concello xa vemos que é evidente cales son os motivos, neste Concello falamos moitas veces do novo hospital de Vigo, un hospital privatizado que sufriu recortes constantes e que segue a sufrir recortes con respecto ao proxecto inicial que non vai contar con determinados elementos fundamentais para o seu correcto funcionamento e para poder atender as necesidades da nosa área sanitaria, falamos concretamente do laboratorio central, que non vai ter no novo hospital de Vigo, neste Pleno tamén falamos da situación dos pacientes/as de reumatoloxía pediátrica, neste Pleno tamén falamos en varias ocasións hoxe mesmo da situación das persoas enfermas de Hepatite C, desgraciadamente é recorrente que nesta cidade teñamos que falar da situación que están atravesando en moitas ocasións desesperada, moitas persoas que están sufrindo os recortes que está aplicando a Xunta de Galicia en materia sanitaria dende que chegou ao Goberno. Porque a día de hoxe a Sanidade pública recibe menos orzamento, hai un recorte de máis do 12% dende o 2009, temos menos medios, persoal, as listas de espera son absolutamente disparatadas, especialmente nesta cidade, na que ademais vemos como as listas de espera se ven aumentadas enormemente por contar cun recurso sanitario como un hospital privado concertado como é POVISA que ten as listas de espera máis altas de todo o país pero con moita diferenza, un hospital que por certo recibiu 75 millóns de euros, non sabemos aínda exactamente para que o Partido Popular insistía en que era necesario e cando pedíamos ademais que se respectasen os dereitos laborais dos traballadores/as de POVISA era imprescindible asinar ese convenio, vemos que ese convenio non serve nin para dar un mellor servizo sanitario aos pacientes/as da área nin tampouco para garantir os dereitos laborais dos traballadores/as que seguen sufrindo os mesmos conflitos de sempre, porque a realidade é que nesta cidade a atención sanitaria verase absolutamente condicionada polos beneficios empresariais, absolutamente, a través dun hospital privado-concertado e dun hospital privatizado como é o novo hospital de Vigo. Moitas persoas na nosa cidade se organizan a través de plataformas como a plataforma SOS Sanidade Pública, a través das plataformas de enfermos, de

pacientes que ven como se lles negan recursos que son o seu dereito e dos que dependen a súa vida, como os enfermos/as de Hepatite C, e queremos que teñan a posibilidade de ter voz e facer as súas reclamacións a través dun recurso como son os consellos de saúde que están recollidos na Lei, nunha Lei de 2008 e dende entón a Xunta de Galicia non os puxo en marcha, é necesario constituír estes consellos de saúde de Galicia recollidos no artigo 25 da Lei, para dar participación a tódolos axentes sociais e realmente atender as necesidades das distintas áreas sanitarias. No Concello de Vigo estamos moi afeitos a traer estas cuestión ao Pleno do Concello, no Pleno do Concello tódalas organizacións, tódolos partidos políticos que estamos aquí representando á cidadanía deberíamos dar apoio ás persoas que veñen reclamando os seus dereitos a un servizo público básico como é o servizo sanitario, desgraciadamente non sempre é así e hoxe podemos comprobalo, pero é que ademais este tampouco é o lugar onde temos que solucionalo, esta é unha competencia da Xunta de Galicia que ten que escoitar aos cidadáns/as e por iso insistimos en demandarlle á Xunta de Galicia a constitución e convocatoria dos Consellos de Saúde da Área.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: É para min, en nome do grupo Socialista neste Pleno, un honor ter que defender esta moción porque realmente é unha moción que enlaza cos valores mellores e máis sublimes do que é o sistema sanitario, polo tanto paréceme moi oportuna e realmente quero agradecerlle ao Bloque Nacionalista Galego que a trouxera a este Pleno para que o podamos debater.

É un aspecto recoñecido por tódolos coñecedores do sistema sanitario o que un dos grandes problemas que ten o mesmo é o déficit democrático, por ausencia de representación da sociedade civil no mesmo. Un déficit que realmente é un dos elementos que permite unha opacidade, unha menor eficiencia e que é base en ocasións onde anida elementos de corrupción.

Polo tanto, por todo o mundo está descrito que o garantir e aumentar a dose de participación dos cidadáns no sistema sanitario vai non só a mellorar a eficiencia do sistema, senón fundamentalmente a súa maior lexitimación social e, polo tanto que o cidadá o considere máis seu e máis participado, evitando ou minimizando os riscos que neste momentos pode ter nalgúns ámbitos de

opacidade e corrupción.

Un dos aspectos máis novidosos e eu creo que máis singulares e positivos da Lei de sanidade de Galicia do ano 2008, foi precisamente o reforzo de tódolos elementos que garantiran precisamente dos dereitos e deberes dos cidadáns no sistema sanitario, eu creo que no seu momento foi a primeira Lei de sanidade autonómica que realmente recoñecía con tal profundidade e magnitude os dereitos dos cidadás e a súa participación no sistema sanitario, por iso foi unha pena que realmente non se puido desenvolver todo o que a Lei do 2008, liderada polo goberno do Sr. Touriño, pois realmente posibilitou.

É evidente que cando algo non se desenvolve e está recoñecido porque é positivo, ten un motivo, é o motivo non é outro de que ao Partido Popular, ao Goberno do Sr. Nuñez Feijóo, dende o ano 2009 no poder, non lle interesou baixo ningún concepto aumentar a dose de participación e en definitiva de control social na entraña do sistema sanitario porque iso minimiza as posibilidades dese control e aumenta a opacidade e as posibilidades de seguir mentindo e recortando, como dicía a Sra. Veloso, en que a falla de participación é o berce de todos eses elementos negativos aos que se refería ela: maior opacidade na xestión da lista de espera, posibilidade de que se cambie os modelos de financiamento sen criterio de estruturas hospitalarias para poñelas ao servizo, non do cidadá senón de intereses privados, ocultar documentación ao Parlamento sobre os negocios do Sr. Marcial Dorado nese momento relacionado co segundo máximo representante do sistema sanitario como foi naquel momento o Sr. Núñez Feijóo.

Polo tanto, estamos de acordo coa proposta da Sra. Veloso e queremos facer un chamamento para que non só se desenvolva este ámbito do que é os consellos de saúde da área, senón tódolos elementos que ademais ten a propia lei que desenvolve e que realmente daría a posibilidade ao sistema sanitario dunha maior transparencia e lexitimación social. Polo tanto, o noso apoio a esta moción e non cabe dúbida de que poderíamos apoiar a emenda de substitución que formula ou que vai formular o grupo do Partido Popular, porque realmente ten xustificación en si mesma.

SRA. CENDÓN ALONSO: O Partido Popular comparte tamén o fondo desta cuestión porque evidentemente nós apoiamos sempre a participación, pero Sra. Veloso diferimos radicalmente na apocalíptica exposición de motivos que realiza.

Lía iso e a verdade non entendía moi ben se estaba vostede a falar de Galicia ou a falar de Grecia porque desgraciadamente é o país heleno o que deixou a máis de tres millóns de cidadáns fora do sistema público de saúde, e tamén este país vese imposibilitado para mellorar as súas infraestruturas sanitarias e non só mantén desabastecido aos seus hospitais senón que tampouco ten profesionais sanitarios.

En Galicia Sra. Veloso, proxectamos melloras nas infraestruturas a pesares da crise, costa pero a pesares da crise mantémola. Construímos a pesares da crise e se non pásese por Beade e Valladares, aínda que vostede sempre está a demoler este hospital, nós felicitámonos porque podemos inauguralo en poucos meses, o novo hospital público de Vigo, Álvaro Cunqueiro, será unha realidade en meses.

Pásese vostede Sra. Veloso tamén por Navia, onde o máis grande centro de saúde de Galicia está a incrementar progresivamente o número de profesionais sanitarios que alí prestan asistencia, outros quince centros de saúde serán realidade tamén nestes tempos, catro deles concretamente na área de Vigo, Panxón Nigrán iniciaron as obras no mes de outubro, Tui iniciou as obras no mes de novembro, Oia iniciounas o pasado 4 de febreiro, Gondomar comezará de inmediato. Todos eles estarán entregados antes de doce meses, congratulémonos de que a pesares das dificultades económicas, da crise, sigamos avanzando.

Vostedes presentan un panorama desolador e pesimista, pero os magníficos profesionais dos que dispón o sistema público de saúde conseguen superarse cada día. Plan contra as infeccións hospitalarias estatal, recolle un programa deseñado no CHUVI, o mellor residente de España en uroloxía no CHUVI, logra unha beca nacional para estudar a fraxilidade dos anciáns, a UCI do Meixoeiro reduce as infeccións e aforra dous millóns de euros que se reinvesten en Sanidade, os centros de saúde unificarán o seguimento da diabete gracias a un proxecto da endocrinóloga do CHUVI, as matronas do centro de saúde realizarán ecografías para mellorar o seguimento do embarazo, este é tamén un proxecto

deseñado polo xefe de xinecoloxía do CHUVI. Todas estas noticias son da última semana, e felicito aos meus compañeiros aos sanitarios de Vigo, pero as últimas dúas medidas teñen como obxectivo precisamente o que vostede pide, incrementar a capacidade resolutiva en primaria para reducir os tempos de espera hospitalaria.

Da suposta política privatizadora do Partido Popular, Sra. Veloso, imos deixalo para outro día porque tamén a semana pasada titular de prensa: “o SERGAS adica trece millóns de euros menos que o bipartito en derivacións de pacientes a clínicas privadas”, un 20% menos de pacientes derivados á privada polo Goberno do Sr. Feijóo fronte ao goberno do Sr. Touriño.

No que si estamos completamente de acordo é na necesidade de participación social no deseño dos proxectos asistenciais, na necesidade de escoitar a opinión da cidadanía e para iso o mellor instrumento é revitalizar os ceconsellos de saúde, ferramenta de mellora do sistema de saúde.

Apoiamos polo tanto a súa proposta, agora ben, pediríámoslle por favor que teña en conta a emenda que lle propoñemos, porque aínda que no 100% estamos de acordo no que piden, non é posible convocar as áreas de saúde porque xa están extintas, ou sexa, agora o sistema en Galicia funciona coas estruturas organizativas de xestión integrada, a EOXI de Vigo está en marcha, polo tanto, é esta a estrutura que hai que adaptar, hai que convocar dende este foro. O único que pretende a nosa moción é levar a efecto o que vostede solicita, simplemente adaptar a nova realidade ao modelo preexistente que xa está derogado. Nese sentido é a nosa emenda, e comparte, como dicía, o 100% do espírito da súa.

SRA. VELOSO RÍOS: Con respecto á emenda que propón o Partido Popular nós non imos a aceptar unha emenda de substitución do punto completo porque é certo que se está propondo a adaptación ás novas EOXIS do SERGAS, pero tamén é certo que elimina determinadas referencias que a nós nos parecen importantes no noso punto, como que se escoiten as alternativas e as achegas das galegas/as para mellorar este servizo público esencial.

Nós estamos dispostos a aceptar atendendo esta aclaración da necesidade de adaptar ás novas EOXIS, engadir no acordo que propoñemos “demandar da

Xunta de Galicia a constitución e convocatoria dos Consellos de Saúde de Área adaptándose ás novas EOXIS do SERGAS, para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía”, recollemos a súa demanda, pero mantemos o que realmente estamos reclamando que desaparece no punto que vostede redactou, desaparece. Sobre esta emenda aceptamos iso, é unha cuestión lexislativa, que se adapta a nova organización do SERGAS, pero que dende logo non ten moito que ver co espírito da moción que nos estamos presentando.

Porque se nos puxésemos a discutir con vostede Sra. Cendón, tódolos datos que deu, e contraponendo datos non acabaríamos nunca, porque vostede fala de atención primaria e nós podemos facer referencia ao recorte no 21% na atención primaria dende que chegou o Sr. Feijóo á presidencia da Xunta de Galicia, podemos falar de case 3.000 profesionais menos na atención primaria no noso país, podemos falar dun recorte salarial do 30% aos profesionais de atención primaria no noso país, pero que podemos falar con nomes e apelidos e non con datos, con cifras, das persoas que se ven sen atención sanitaria no noso país e na nosa cidade concretamente. As persoas que quedan excluídas polos recortes que se están a producir, xa non persoas que xa non poden acceder ao sistema sanitario porque foron excluídas por lei senón das persoas que quedan excluídas porque non hai medios, non hai profesionais, porque as listas de espera fan que a xente non chegue a tempo, e podemos falar das persoas que estiveron hoxe contándonos as súa situación, como persoas enfermas de Hepatite C, a que vostede lles pediu colaboración pero negándose a aplicar esta transparencia que estamos a pedir aquí, non se lles informa de quen forma parte das subcomisión que decide se ao final reciben o seu tratamento ou non, iso é transparencia? Non. E piden vostedes colaboración dos pacientes para negociar coas multinacionais e que absolutamente surrealista, tan surrealista como os argumentos que acaba de dar vostede. Nos están contando unha historia paralela que isto parece Matrix en vez do Pleno do Concello, vostede tomouse unha pastilla vermella, azul para decidir en que mundo vivía, como en Matrix, pero non vive no mesmo mundo no que a xente morre porque non recibe o tratamento que necesita.

PREDIDENCIA: Acepta o grupo Popular a emenda “in voce” que aceptaba o grupo

do Bloque Nacionalista Galego para proceder a súa votación.

Procedemos polo tanto á votación da emenda do Bloque Nacionalista Galego coa emenda “in voce” que a súa vez de transacción propón o grupo do Bloque Nacionalista Galego.

No transcurso do debate, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, presenta a seguinte emenda de substitución:

“Demandar da Xunta de Galicia as modificacións normativas precisas para adaptar os Consellos de Saúde previstos na Lei de saúde de Galicia ás novas EOXIS do SERGAS, e proceder posteriormente a súa constitución e convocatoria á maior brevidade”.

Ao seren aceptada a anterior emenda de engádeda (non de substitución) pola relatora da moción, Sra. Veloso Rios, a Presidencia sométea a votación.

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acordase incluír a emenda,

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 11.02.2015 (Rex. Nº 1056/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, coa emenda (de engádeda, non de substitución) presentada pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, quedando co seguinte texto:.

1.- Demandar da Xunta de Galiza a constitución e convocatoria dos consellos de

saúde de área, adaptando as novas EOXIS do SERGAS, para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía, tal como sinala a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, para que se escoiten as alternativas e achegas das galegas e dos galegos para mellorar este servizo público esencial.

2.- Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellaría de Sanidade e grupos parlamentares do Parlamento galego.

5.2(35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA A ATENDER OS ARRANXOS NAS ESTRADAS DA CIDADE DA SÚA COMPETENCIA E MANTER A TOTALIDADE DOS VIAIS EN PERFECTO ESTADO. EXPTE. 1059/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de febreiro de 2015, número 1059/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Na cidade de Vigo localízanse algunhas estradas de competencia da Xunta de Galicia, correspondéndolle a esa Administración a conservación e arranxo de todos os danos que se poidan producir.

A Xunta de Galicia non está a cumprir con esta obriga, as queixas dos cidadáns son cada vez máis numerosas asistindo con perplexidade a como o goberno da Xunta atende a outras cidades de Galicia e inclusive concerta plans de humanización como o recente acordo co Alcalde Santiago nunha clara mostra de desprezo a Vigo e de electoralismo co diñeiro de todos os galegos para favorecer os gobernos do PP.

O 19 de Novembro de 2.014 o Alcalde dirixiuse por carta á Xunta de Galicia solicitando tres actuacións:

1. En relación co mal estado dun treito de 450 metros aproximadamente a estrada PO-330 (Vigo-Vincios) - Avenida de Castrelos, a contar desde a intersección coa Estrada de Clara Campoamor.
2. Obras de mellora viaria e adecuación necesarias, comprometidas en

convenio de 2.008, no treito da PO-330 (dende a Praza de América ata a glorieta do Cemiterio de Pereiró)

3. Actuacións de reforma, de adecuación e de mellora funcional nos 450 metros que se sitúan entre a intersección coa Estrada de Clara Campoamor e a Rúa Canteiros, aproximadamente.

Os cidadáns de Vigo que sofren esas situacións están discriminados pola Xunta e o goberno da cidade vese impotente de actuar ao non ser unha competencia municipal. Por todo o traballo que está a realizar o goberno de Vigo, os cidadáns saben que, en caso de corresponder esa tarefa ao Goberno de Abel Caballero, xa se tería procedido ao seu arranxo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- Instar ao Goberno da Xunta a atender de forma inmediata os arranxos e actuacións solicitadas nas estradas competencia da Xunta de Galicia na cidade de Vigo e a manter a totalidade dos viais da súa competencia en perfecto estado.”

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Na cidade de Vigo localízanse estradas de competencia da Xunta de Galicia que lle corresponde a esta administración a conservación, arranxar e tódolos anos producir o seu mantemento. A Xunta de Galicia non está a cumprir con esta obriga, a Xunta de Galicia está nesta tarefa tamén a desatender á cidade de Vigo e sobre todo está a desatender ás viguesas/es. A Xunta de Galicia non atende as queixas dos cidadáns que cada vez son máis numerosas, instando a que arranxe estes viais, días atrás lembramos como un grupo de veciños e comerciantes de Pereiró se dirixían a este Concello e á Xunta de Galicia para que esta zona da cidade fose arranxada de forma inmediata. Zonas da cidade que están completamente abandonadas, sen beirarrúas, con estradas en mal estado e sen unha atención digna para unha cidade como a nosa.

O 19 de novembro do ano 2014 o Alcalde dirixiuse por carta á Xunta de Galicia

solicitando distintas actuacións, en relación co mal estado dun treito de 450 metros na estrada PO-330 Vigo-Vincios, Avenida de Castrelos, a contar dende a intercesión coa estrada Campoamor, tamén as obras de mellora viaria necesarias comprendidas no convenio do ano 2008 coa Xunta de Galicia, no treito de PO-330, dende a Praza de América ata glorieta do cemiterio de Pereiró, non entendemos como esta obra ten os distintos afundimentos que ten nestes momentos, non entendemos como a Xunta de Galicia non lles esixe ás empresas construtoras como si o facemos na cidade de Vigo, que arranxe esta obra que entendemos que tería que estar en garantía, e as actuacións tamén de reforma e adecuación da mellora funcional dos 450 metros da estrada Campoamor e da rúa Canteiros.

Non entendemos como o Goberno da Xunta de Galicia non atende as veciñas/os da nosa cidade, non entendemos como non atenden aos seus comerciantes, non entendemos como non atenden á cidade de Vigo. O Partido Popular está traizoando á cidade de Vigo, día tras día tódalas súas circunstancias, unha vez tras outra, traizoounos a Vigo en CaixaVigo, nos aeroportos, no Partido Xudicial, nas infraestruturas e nos investimentos, vemos como si asinan un plan de actuacións en Santiago de Compostela, vemos como unha oferta millonaria para o túnel do Parrote, este é o goberno, o noso, o da confianza, o goberno do Sr. Abel Caballero é o goberno da confianza das viguesas/es, que actúa nas súas parroquias, nos seus barrios e no centro da cidade.

Vostedes señores do Partido Popular son o goberno do medo, o medo dos cidadáns a perder os seus dereitos, o seu traballo, o medo que cada venres a que nos Consellos de Ministros que vostedes realizan recorten e recorten en Sanidade, en Benestar Social día tras día, fronte a isto o Goberno de Vigo, do Sr. Abel Caballero, que aposta polas políticas sociais, de integración social, un programa de Benestar Social que incrementou nun 22,52%, un aumento de dotación en bolsas de comedor de 200.000 euros, un 1,8 millóns de euros e 5.000 bolsas para facer fronte a unha situación de crise, crea unha dotación de dous millóns de euros para alimentación, pobreza enerxética, para alugueres e hipotecas, axudas de emerxencia, 538.000 euros, para atender situacións de excepcionalidade, incluídas xa dende o ano que ven e incluídas neste ano, no ano

pasado e no ano anterior, mantéñense as axudas ao bono taxi, á xente con mobilidade reducida para poder moverse pola cidade, segue facéndose fronte á Teleasistencia que abandonou a Deputación de Pontevedra e mentres vemos unha Xunta de Galicia que abandona non só as políticas sociais senón tamén as políticas de investimentos nesta cidade.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Como no anterior Pleno e hoxe tamén se repite, dixo o Alcalde que non ía impedir ningún debate á totalidade e que en cada moción se podía falar do que se queira, eu como o que acaba de dicir o Sr. Figueroa hai uns intres, que nos calásemos porque apoiamos a Sra. Porro, tamén dende a bancada socialista se dixo, voume permitir facer unha breve introdución de rigor histórico para ver que pasou realmente co Goberno da Sra. Porro, e vouno facer eu porque dos tres que compoñemos hoxe o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, só eu estaba e formaba parte daquela corporación, rigor histórico para ver se aquí nos clarexamos un pouco, porque ademais nas filas socialistas creo que daquela só estaba, se a memoria non me falla, a Sra. Abelairas, creo que estaba, pois das filas socialistas non había ninguén dos actuais, e do Partido Popular creo que estaban o Sr. Figueroa e Sra. Iglesias, polo tanto un pouco de rigor histórico. Quero aproveitar esta intervención para dicir unha cousa, o Bloque Nacionalista Galego investiu a un Alcalde Socialista como foi o Sr. Ventura Pérez Mariño, porque así o viu facendo sempre, é dicir, o Bloque Nacionalista Galego sempre dixo por activa e por pasiva que non permitiría nunca que nesta cidade gobernara o Partido Popular e así o fixemos e estámolo facendo dende sempre, sempre que o Partido Popular sega coas políticas que está levando adiante. Naquel momento foi o Sr. Ventura Pérez Mariño quen expulsou do goberno aos concelleiros do Bloque Nacionalista Galego, e hai unha cousa que non se di moito, señores do Partido Socialista e do Partido Popular, agora que falamos tanto de Vigo, A Coruña, o Sr. Ventura Pérez Mariño preséntase el só a unha moción de confianza obrigado polo Sr. Vázquez, porque o Partido Socialista non podía permitirse o luxo de perder a Deputación de A Coruña, esa é a realidade de por que nesta cidade gobernou a Sra. Porro, porque os socialistas de Galicia cambiaron a esta cidade polo goberno na Deputación de A Coruña, e iso é

exactamente rigor histórico. Tamén por que seguiu e gobernou a Sra. Porro? porque o Partido Socialista de Vigo empeñouse en non poñer a outro candidato ao fronte do Partido Socialista, porque o Bloque Nacionalista Galego dixo sempre, naquel momento, que calquera outro candidato do Partido Socialista naquel momento que non fora o Sr. Ventura Pérez Mariño quen nos expulsara, tería sido Alcalde desta cidade e non tería gobernado a Sra. Porro.

Polo tanto, rigor histórico a ver por que gobernou a Sra. Porro naqueles anos.

Agora paso xa ao contido da moción, moción que por suposto imos apoiar, entre outras cousas, porque nos parece ata vergonzoso que nunha Corporación como a de Vigo teña que estar día si e día tamén reclamando que as administracións cumpran coas súas obrigas. Parécenos vergonzoso que cando aquí estamos falando de coherencia, de amortización de débedas, organismos e institucións como a Xunta de Galicia e como a Deputación se enorgullezan de no ano 2018 ter déficit cero, e sen embargo teñan as nosas rúas da cidade que son competencia dela e da Xunta de Galicia absolutamente desatendida, é dicir, preferimos darlles os cartos aos bancos que arranxar algo tan elemental como son o noso sistema viario na cidade.

Por iso, imos apoiar esta moción que ademais nos alegra tamén que a raíz dun roubo do Bloque Nacionalista Galego para a iluminación de certas zonas desa rúa Clara Campoamor pois que agora evidentemente o goberno municipal faga esta reclamación de que se actúe precisamente nesa rúa e polo tanto, por coherencia e porque estamos de acordo niso, imos apoiar esta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Xa se falou do investimento da Xunta de Galicia en Vigo e na área sanitaria, xa falou antes a Sra. Cendón, a Consellería de Infraestruturas e Medio Ambiente no 2009 investiu en Vigo 402 millóns de euros, xa en moitas outras actividades e outras necesidades da cidade que non só rúas, porque as rúas son importantes pero hai vida máis aló das rúas, vostede que pasou de puntillas pola rúa e polo miolo desta moción, fíxoo porque xa sabe que está en proceso de licitación, a Xunta de Galicia xa ten os orzamentos aprobados para o 2015 e a Avenida Clara Campoamor xa está en proceso de licitación para arranxarse, non hai nin mais nin menos que un millón de euros para a PO-330 e

outros treitos, ademais doutros investimentos en estradas en que, insisto, dende o ano 2009 foron 2,5 millóns, entón vostede quere arranxar esa rúa porque da acceso ao hospital público de Vigo, claro que si, que vai quedar perfectamente arranxada e ademais gracias ao apoio noso aos orzamentos poderán os vigueses ter un acceso decente a ese hospital porque vai ser de moita utilidade o hospital público de Vigo, de moita utilidade para tódolos vigueses.

O que a min chámame a atención é que imos falar agora de políticas decentes e de humildade porque é o que os vigueses queren e por iso a Sra. Muñoz vaise sentar nesa cadeira a partires do mes de maio. Pasaron vostedes de non coñecer á Sra. Muñoz a culpala agora de ata a morte de Manuelete se me apuran, entón parece que de non saber quen era, agora resulta que tódolos erros da súa xestión foron culpa da Sra. Muñoz, que é unha muller que ten a capacidade e ten perfectamente as cousas moi claras, coñece ben aos vigueses, é unha viguesa que traballou, estudou e que ten fillos e que traballa aquí é unha política normal e humilde e non está subida na cadeira do emperador que é o que nos está pasando, estamos acostumbrados agora nesta cidade.

Volvendo ao tema das infraestruturas, vostedes teñen que fixarse tamén un pouco nas que fan falla, porque xa dixemos aquí varias veces que hai un Vigo de segunda, porque moita rúa, moito investimento nas rúas pero aquí temos moitas deficiencias e moitas parroquias que reclaman dende que están vostedes no goberno, xa da anterior lexislatura, moitas necesidades e arranxos en moitas das súas estradas e xa falaba vostede de beirarrúas, de iluminación, pois atendan moito tamén aos servizos municipais, sobre todo nos carrís de servizo da Avenida de Madrid, que falamos moitas veces diso, é moi importante que vaian arranxando xa.

E deixen de compararse tamén con outros concellos, incluso nun texto dunha moción do Concello de Vigo, vostedes falan doutro concello, eu creo que iso é síntoma de complexo, como dicía outro concelleiro desta corporación é un síntoma de “vitimismo” no que Vigo, esta cidade, nunca foi así. Os vigueses teñen outro espírito, saben como saír adiante e saben ben o que vale un euro, saben ben cando os euros son investimento e cando os euros son malgasto e despilfarro. Se temos un Alcalde que goberna para si mesmo e que lle interesa a

publicidade, eu creo que vostede Sr. Regades ten coñecemento de que ese treito está en licitación, está preparando xa os carteis, porque o que fan vostedes que aínda que outra administración faga as obras e os investimentos importantes, vostede vai despois co cartel do Concello de Vigo, como eses que temos visto agora e repártenos entre os afiliados, iso é o máis bonito que fan vostedes, o mar que tiña publicidade, xa os coñecemos moito, xa os temos moi coñecidos, entón a Xunta de Galicia fai as obras, os investimentos, soluciona os problemas pero despois imos detrás correndo cos carteis co Concello de Vigo, iso é penoso, patético, iso é un tema que esta cidade non o vai permitir por iso vostedes o Goberno do Partido Socialista vai deixar esta Corporación no mes de maio e sentarase aí a Sra. Muñoz que é unha persoa normal, unha política humilde, unha persoa que sabe moi ben como investir os euros porque sabe moito de contas.

Eu quero lembrar que sexan un pouco sensatos e coherentes co que din, porque hai 15 días non a coñecían de nada e agora resulta que a Tenente de Alcalde acúsalle de tódolos males desta cidade que precisamente son os vosos erros, de non saber como investir ben os cartos e o presuposto do Concello de Vigo e porque non son quen de ter un orzamento ademais a medida desta cidade, que teñen que pedir axuda ao resto da Corporación, que con responsabilidade aproba o Orzamento.

Nós sabemos, pero non só nos, toda a cidade sabe como gobernan vostedes para vostedes mesmos, como saben que metro por rúa vai porcentaxe de votos, pero tamén saben moitos cidadáns desta cidade que están tirados e abandonados por un goberno municipal que só se mira o seu propio embigo. Temos claramente unha candidata que vai traballar e que vai investir os euros como fai a Xunta de Galicia para os beneficios dos cidadáns e non en beneficio propio.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade eu cando dixen que ían traer agora candidatos para liderar a oposición que son normais eu considérolle a vostedes tamén normais, cando din que o Partido Popular vai traer a políticos normais, eu creo que vostedes son políticos normais porque eu lles teño moito respecto e como ten que ser, o Pleno non ten que ser un campo de batalla, xa lle teño dito outras veces, ten que ser un campo das ideas, eu creo que, e os defendo a

vostedes mesmos, que aínda que o Partido Popular en Galicia non conte con vostedes son políticos normais, igual que os políticos que vaian a vir en cuestións posteriores.

A rúa Clara Campoamor, claro Sra. Egerique, eu dicíalle temas moi importantes, estradas competencia da comunidade autónoma en Vigo, enlace da VG-20 coa estrada de Baiona, enlace da Avenida de Galicia, a rúa Arquitecto Román e a rúa Canido, a rúa Ricardo Mella, a Avenida de Castrelos, a estrada de Valladares, a de Zamáns, a Avenida de Florida e a estrada de Camposantos, Avenida de Ramón Nieto e, Sra. Egerique a Avenida á Ponte, por que os cidadáns que pasan pola Avenida da Ponte teñen que sufrir esas fochas e non poden circular polas súas beirarrúas porque a maleza invade as beirarrúas, e vostede limitábase a falar da rúa Clara Campoamor, eu non sei se lle pasa como a súa candidata que os do Partido Popular de aquí de Vigo IIE están dicindo Sra. Muñoz, date a coñecer, pero o problema é que a Sra. Muñoz non se da a coñecer pola seguinte circunstancia porque se se da a coñecer ten que dicirnos como consellería de Facenda subiu o canón da auga, se se da a coñecer teranos que dicir porque multiplicaron por tres o canón da auga mentres en Vigo se conxelou durante tres anos consecutivos. Pero tamén nos ten que dicir como viña hoxe nos xornais porque Galicia é a única comunidade que paga os impostos de sucesión máis altos de España sendo a comunidade de Galicia a máis pobre de España, por que responsable a conselleira de Facenda, e por que o canón de SOGAMA fai que se empobreza toda a poboación subíndolle o imposto do lixo, menos en Vigo, porque en Vigo o asumimos dende o Concello e conxelouse. Entón a Sr. Egerique eu dígolle que cando lle di a esta candidata normal, igual que vostedes, normais, igual que tódolos que estamos neste Pleno, normais, data a coñecer, ter coidado porque se se da a coñecer imos saber tódalas súas carencias, tódalas súas debilidades e todo o prexudicou á cidade de Vigo.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 12.02.2015 (Rex. Nº 1059/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(36).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CUMPRIR O SEU COMPROMISO COA CIDADE E DOTAR ORZAMENTARIAMENTE O PLAN DE INFRAESTRUTURAS PROMETIDO HAI SEIS ANOS. EXPTE. 1060/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de febreiro de 2015, número 1059/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Sr. Núñez Feijóo, entón candidato a Presidente á Xunta, comprometeu en Vigo en Febreiro de 2.009 un Plan de Infraestruturas para a cidade de Vigo.

Literalmente manifestou que "propoño un plan de infraestruturas realista para a cidade. Faremos catro, cinco, seis túneles.... na cidade. Prolongarase o túnel de Beiramar, o de Aragón-Martínez Garrido, o de Camelias con Venezuela, o de Avenida de Castelao con Grove, o de Guixar e o de Praza de España. Estes túneles formarán unha rede subterránea que aliviará o tráfico rodado na superficie da cidade".

Xa como Presidente da Xunta, o Sr. Núñez Feijóo realiza unha visita oficial ao Concello de Vigo o 22 de Xullo de 2.009 e nesa visita aposta polo crecemento de Vigo.

Dende aquel momento o Sr. Núñez Feijóo ninguneou a esta cidade e non cumpriu ningún destes compromisos.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- Instar ó Presidente da Xunta a cumprir o seu compromiso coa cidade de Vigo e dotar orzamentariamente o Plan de Infraestruturas prometido fai seis anos.”

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Acontecía o ano 2009 o Sr. Feijóo era candidato á Xunta de Galicia e tiña de moda naqueles momentos ir a notarios para asinar propostas e compromisos con Galicia e coa cidade de Vigo, Sr. Fidalgo, vostede xa fixo os méritos suficientes pode encabezar a lista noutra cidade, en Vigo non porque xa lle dixo o seu partido que non, así que atenda e escoite as exposicións porque eu creo que o Pleno pódelle enriquecer.

O Sr. Feijóo naqueles momentos candidato á Xunta de Galicia literalmente manifestou, propoño un Plan de infraestruturas realista para a cidade de Vigo, faremos este Plan en catro, cinco ou seis anos e faremos túneles, a prolongación do túnel de Beiramar, o de Aragón en Martínez Garrido, o de Camelias con Venezuela, o da Avenida de Castelao co Grove, o de Guixar coa Praza de España, túneles que formarán unha rede subterránea que aliviará o tráfico rodado desta cidade, a verdade é que se esperamos polo Sr. Feijóo, pola Xunta de Galicia, nin habería tráfico rodado fluído, que si o hai, nin habería túneles como nestes momentos vemos que non os hai na cidade de Vigo.

O Sr. Feijóo e o Partido Popular mangonea á cidade de Vigo, comprometeuse en campaña electoral pero non se comprometeu cando foi presidente do goberno autonómico.

Vemos que os investimentos da Xunta de Galicia en Vigo é cero, por iso lle instamos ao Presidente da Xunta de Galicia a comprometerse e a cumprir o seu compromiso coa cidade de Vigo, e adoptar orzamentariamente o Plan de infraestrutura prometida hai uns anos na cidade.

Vimos como o Sr. Touriño cando foi presidente da Xunta de Galicia si se comprometeu con Vigo, cando os socialistas gobernamos a Xunta de Galicia si

nos comprometemos coa primeira cidade de Galicia, fixemos un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial para arranxar as rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández, este é o compromiso dos socialistas cando gobernamos a Xunta de Galicia. Pero non só iso, o Goberno Socialista da Xunta de Galicia tamén se comprometeu en Vigo asinando un convenio coa Consellería de Política Territorial para mellorar a seguridade vial na PO-330, a Avenida de Castrelos e a mellora da seguridade vial no PO-552 Avenida de Florida, isto é o Goberno Socialista en Santiago de Compostela, é o Goberno Socialista da Xunta de Galicia. Vemos que cando o Partido Popular goberna a Xunta de Galicia e cando o Partido Popular goberna a Deputación de Pontevedra abandona á cidade de Vigo.

Esta fin de semana podíamos ler nos medios de comunicación, “a Deputación de Pontevedra ampliou a dotación do Plan Provincial de Obras e Servizos, e dispón dunha cantidade de máis de doce millóns de euros” e cando nos poñemos a ler os 59 concellos que conforman ese Plan de acción, non podemos ler e non podemos ver ao Concello de Vigo, o Concello que achega máis de 30 millóns de euros tódolos anos á Deputación, o goberno que achega o 33% das achegas dos fondos propios da Deputación de Pontevedra, vemos como fan actuacións por máis de doce millóns de euros, fan actuacións en 59 millóns, en 59 concellos da nosa provincia e non fan actuacións en Vigo, por que? A verdade que antes dicíamos o Partido Popular está traizoando Vigo, a esta cidade e non podemos entender como membros desta Corporación poden estar e ser membros da dirección da Deputación de Pontevedra e permitir este abuso constante día tras día e hora tras hora, pero a esta circunstancia quédanlle escasamente 90 días porque estamos convencidos, e así vai ser ,que a próxima Deputación de Pontevedra vai estar gobernada por unha socialista de Vigo, que si vai velar por intereses da nosa cidade, que si vai velar para que en Vigo se invista, porque ese 33% de fondos que achega aos orzamentos o Concello de Vigo véxanse reflectidos nos orzamentos e nos presupostos, e sobre todo, nas actuacións e na mellora das vixuesas/es.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu a verdade é que non sei para que imos celebrar as

eleccións o 24 de maio, creo que nos podíamos aforrar miles de millóns de euros porque aquí uns están dicindo que non, que a Sra. Munoz vaise sentar aí, outros están dicindo que 25 anos máis, e agora nos están a dicir tamén quen vai ser a próxima presidenta da Deputación de Pontevedra, co cal para que eleccións? Xa o teñen vostedes todo decidido. Afortunadamente señores do Partido Socialista e do Partido Popular, que xa se lles ve absolutamente inmersos en campaña electoral e non é bo, e dígoo con cariño, non é bo utilizar unha institución soberana como é o Pleno da Corporación Municipal, que representa a tódolos vigueses/as, non é bo de verdade que utilicemos esta institución para facer campaña política, electoral, porque ademais hai unha cousa que creo que están esquecendo os que din que a Sra. Muñoz vai ser a próxima presidenta do Pleno, ou os que din que aquí gobernaremos 25 anos máis, estamos nunha democracia e por sorte para todos/as, van decidir os veciños/as de Vigo. Os veciños/as de Vigo son os que cos seus votos van decidir quen están aí, non somos ningún dos que estamos aquí. Polo tanto, un pouco de respecto á democracia e á decisión dos veciños/as que son gracias a eles polos que nós estamos hoxe aquí.

Plan de Infraestruturas da Xunta de Galicia, imos á moción, Sr. Regades nos imos, evidentemente, votar a favor desta moción, non podería ser doutro xeito porque o Bloque Nacionalista Galego sempre é coherente na defensa das infraestruturas e en particular, e de Vigo en xeral, e polo tanto, parécenos que é necesario mocións como esta que lembren sempre á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra, que están unha vez discriminando a nosa cidade. Ímola apoiar porque todos lembramos as grandes promesas do actual presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo cando viña aquí en campaña electoral no 2009, imos rematar co desemprego en 45 días, Vigo vai ser un claro referente de onde máis se vai investir de toda Galicia, eu síntome un vigués e polo tanto vou facer unha política como nunca se fixo para Vigo, e despois de case dous mandatos estamos vendo que nada de nada.

Nós non somos optimistas, que quere que lle diga, igual que xa fai tempo que non somos optimistas cos acordos que se forman aquí e que afectan ao Goberno Municipal, que logo non se cumpren, pois tampouco somos optimistas con esta moción que se vai aprobar, porque o Bloque Nacionalista Galego vaina apoiar

porque evidentemente por desgracia para a nosa cidade estamos gobernados dende Galicia e dende a Deputación de Pontevedra por unha forza política que fai política clientelista e caciquil, como se facía durante hai moitos anos e discrimina evidentemente á cidade de Vigo única e exclusivamente por meros cores políticos.

Nós iso si, presentamos unha emenda a súa moción porque nos parece que para que polo menos teñamos un pouco máis de elementos e de forza para que se poida cumprir e esixir á propia Xunta de Galicia o cumprimento deste Plan de infraestruturas, presentamos unha moción na que dicimos “instar ao Goberno da Xunta de Galicia e ao Goberno Municipal a asinar un convenio para garantir o desenvolvemento de dito Plan”.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Domínguez paréceme moi ben que vostede faga un discurso e o contrario ao mesmo tempo, que diga que hai que respectar os votos das persoas, dos cidadáns de Vigo en cada elección e despois diga todo o contrario, diga que os cidadáns de Vigo votan a persoas que están en institucións como a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia e que son caciquís, pois non o entendo, é dicir parece vostede que está asociando aos cidadáns que votan libremente en virtude do que consideran máis oportuno ou máis conveniente para a cidade, e así o fan, cando votan maioritariamente ao Partido Popular, loxicamente será por algo, porque facemos as cousas razoablemente ben.

Sr. Regades eu non quería entrar no fondo deste tema senón falar única e exclusivamente deste Plan de Infraestruturas pero lémbreme un plan que presentaron vostedes no mes de maio do 2006, en Vigo faremos máis, 6.000 vivendas protexida, cantas? Cero. 40% do solo urbanizable aplicado á vivenda protexidas, cero; trece centros de día para maiores, cero; 47 escolas infantís e garderías, cero; seis centros de atención primaria, cero; saneamento a Ría de Vigo, nin se sabe; centro de terceira idade, ningún; un Vigo igualitario para tódolos barrios e parroquias, xa ven vostedes o que fan; un Vigo con poder en España, igual; esta era a súa mensaxe o seu plan de infraestruturas, é dicir, dese Plan de infraestruturas non se cumpre absolutamente nada.

Polo contraio, hai un goberno da Xunta de Galicia que ten en marcha o novo hospital de Vigo, antes falaba do vial Campoamor, é un vial que está construíndose para a utilización do hospital si ou non? Si. Con temas relacionados co naval, creo que está clara as xestións do presidente en toda a xestión do naval cousa que non fixo o Alcalde durante os últimos anos. O Tax lease, resolto gracias a un goberno do Partido Popular, autopista do mar, resolto gracias a un goberno do Partido Popular, o apoio á automoción, creo que está claro e é evidente que o Presidente da Xunta de Galicia gracias a el, ao apoio del institucional, indo a París conseguiu que as furgonetas se poidan construír e producir na cidade de Vigo, polo tanto, outro dos grandes éxitos acadados. Depuradora, estaba totalmente paralizada e tivo que vir un goberno do Partido Popular para pola en marcha, o Casco Vello, supoño que tampouco negaran que esta é unha xestión no seu momento da Sra. Porro e do propio Presidente da Xunta de Galicia.

Con respecto ao AVE, creo que é evidente que se está a construír unha instalación importante para a cidade de Vigo, para o futuro da cidade, e con respecto ao Partido Popular nesta cidade, creo que deu mostras de coherencia, de rigor, de sensatez en todo o seu proceso durante os últimos catro anos, creo que hai unha xestión brillante do noso partido á hora de facilitar que as cousas funcionasen correctamente e que non se paralizasen as obras, que houbera acordos orzamentarios coa rebaixa fiscal, que houbera bonificacións fiscais, que houbera equipamento nas parroquias, que houbera partidas para que tódolos temas relacionados co social poidan chegar a esas cifras tan importantes que temos agora mesmo en Vigo. O Plan Educativo “Vigo por Dentro” estaba paralizado, gracias ao noso apoio tamén hoxe se pode dicir que está en marcha, está en proceso a Cidade da Xustiza que estaba paralizado, creo que isto é realmente un beneficio para a cidade de Vigo e así o fixemos ver, porque nós por enriba de todo están os intereses dos cidadáns, dos veciños/as de Vigo e nesa liña imos seguir traballando. Fixemos a amortización de débeda para que vostedes puidesen ter superávit e remanentes para facer investimentos, o Estadio de Balaídos, foi unha xestión do propio Presidente da Deputación que dixo que había que colaborar, e aí están, 4.700.000 euros a disposición do Concello de Vigo e do Celta para que se poida levar a cabo ese estadio.

Polo tanto, creo que todas estas infraestruturas, todos estes apoios que fixo o Partido Popular e que está a facer coherentemente con rigor e sensatez, creo que son merecedores polo menos dun respecto por parte de vostedes á hora de facer un pronunciamento sobre as bancadas que están aquí. Nós non tiñamos porque facer ningún apoio, pero o fixemos por riba de todo, polos intereses de Vigo, das viguesas/es.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade, Sr. Figueroa, vostede cre que se fixeron cousas, pero vostedes xa o di, cre, pero está equivocado, cre mal, Sr. Figueroa. A verdade, ese compromiso que tiñamos no 2007, non no 2006, porque o Sr. Caballero é Alcalde no 2007, un compromiso que fixemos coas viguesas/es e que estamos cumprindo, onte mesmo pola mañá estábamos nun centro de cultura da cidade e dicíanlle ao Alcalde “Vigo nace de novo cada mañá, Vigo reinventase tódolos días e Vigo naceu, Sr. Alcalde, novamente con orgullo e con impulso no ano 2007 cando vostede chegou á Alcaldía” e non o dicimos os concelleiros, e non o di o Alcalde, dio a sociedade, dino as viguesas/es aí fora, e llo din tamén a vostedes cando saen á rúa a dicilo.

Garderías, cando chegamos ao goberno da cidade había catro garderías, nestes momentos hai oito garderías construídas, como vostedes saben se non llo lembro, en funcionamento, a de Bouzas, Tomás Alonso, e en construción e finalizadas a de Navia e a de Castrelos. Depuradora, convenio que se adquiriu e que conseguiu o Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero, cando era ministra a Sra. Espinosa, compromiso e acordo que se levou a cabo non só iso, o Sr. Feijóo cando era presidente díxolle ao Alcalde de Vigo, Sr. Caballero, na Xunta de Galicia non temos un duro, como podemos facer? Fala ti coa Sra. Espinosa, coa ministra a ver se nos pode financiar, e ese compromiso da cidade é o que fai que o día de mañá a Ría de Vigo estea saneada, ese compromiso de que o Goberno de España da Sra. Espinosa, do Sr. Zapatero, Socialista, comprometése e financiase ao Goberno da Xunta a Depuradora de Vigo. Se falamos de industria eu a verdade é que quedo sorprendido, o Partido Popular non debería falar de industria, hoxe podíamos ler nun xornal que o emprendemento caeu 21% e podíamos ler tamén que caeu no 42% os novos negocios en Galicia, todos estes son datos e froito da

xestión do Partido Popular.

Se falamos con Citroën o Sr. Caballero é o pai de Citroën, e é o pai do novo proxecto de Citroën, non se poñan nerviosos, o novo proxecto de Citroën ten futuro porque ten garantido por parte deste Concello unha ampliación, ten a ampliación de Citroën, de máis de 50.000 metros cadrados para que Citroën poida consolidar o seu proxecto, eu de verdade que entendo que se molesten e que lle pareza mal, porque a realidade é que o Goberno de Vigo é un Goberno comprometido co Benestar, co Emprego e coas industrias.

En relación á proposta da emenda de adición polo Bloque Nacionalista Galego por suposto que a aceptamos porque xa dicíamos que o Goberno Socialista do Sr. Touriño chegamos a dous acordos con eles, gustaríanos non dous acordos pero un acordo co Sr. Feijóo sería fundamental para as viguesas/es.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, presenta a seguinte emenda de engadida:

Engadir un segundo punto co seguinte texto:

“2.- Instar ó goberno da Xunta de Galicia e ó goberno municipal a asinar un convenio para garantir o desenvolvemento de dito plan.”

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

(Neste momento preside o Pleno o 2º Tenente de Alcalde Sr. López Font)

VOTACIÓN DA EMENDA: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón

Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acordase incluír a emenda,

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 12.02.2015 (Rex. Nº 1060/1101), polo voceiro do grupo municipal socialista, Sr. López Font, coa emenda de engádeda presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, , quedando co seguinte texto:

1.- Instar ó Presidente da Xunta a cumprir o seu compromiso coa cidade de Vigo e dotar orzamentariamente o Plan de Infraestruturas prometido fai seis anos.”

“2.- Instar ó goberno da Xunta de Galicia e ó goberno municipal a asinar un convenio para garantir o desenvolvemento de dito plan.”

5.4(37).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E Ó GOBERNO DO ESTADO A DERROGACIÓN DA REFORMA LABORAL, A ELIMINAR A DISCRIMINACIÓN SALARIAL XUVENIL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1061/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro de 2015, número 1061/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Lago Rey, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Segundo a EPA, o paro no cuarto trimestre do 2014 ascende en Galicia a un total de 263.800 persoas, que representa un aumento trimestral de 5.600 persoas: un + 2,16 % fronte + 0,55 % que se da a nivel de España, case que catro veces superior.

Esta cifra de persoas paradas supón un aumento de 101.100 persoas máis desempregadas con respecto ao I trimestre de 2009, cifra ca que Núñez Feijoo accedeu ao goberno galego.

Así, dende aquela, durante a etapa Feijoo, o paro sufriu un aumento en Galicia do 62 %, fronte ao 36 % do conxunto de España (un diferencial dun 72 % máis), sendo a segunda Comunidade onde mais aumentou o paro neste período.

Con respecto á actual Lexislatura (dende o III trimestre de 2012) a diminución é practicamente inexistente para Galicia (200 persoas menos), que representa unicamente un - 0,08 %, cando a nivel de España se reflicte unha baixada moi superior do - 5,55 %. Galicia ten pois un comportamento mais débil na creación de emprego.

Os problemas demográficos, dun país que encolle cada día en termos da poboación, reflíctense na taxa de actividade (activos/poboación) se sitúa en Galicia no 53,5 %, a segunda mais baixa das CCAA e moi por detrás da media española do 59,8 %.

Ademais, a estes problemas demográficos, únense os problemas de risco de pobreza e exclusión social. O número de fogares nos que todos os seus membros son parados, situase para Galicia en 88.400, aumentando un 97 % respecto ao 2009 (III trimestre), con 43.600 familias máis; superior ao trimestre anterior (+ 600 familias). Con respecto ao III trimestre de 2012 (comezo da actual Lexislatura) o aumento é do 8,3 %, con 6.800 familias mais.

En canto ao paro rexistrado para xaneiro do 2014, en Galicia, ascende a 259.002 persoas, cunha variación respecto ao mes anterior de + 7.084 persoas (+ 2,81 %, fronte ao + 1,75 % producido a nivel estatal; un 60 % superior). Polo que nos últimos catro meses o paro rexistrado aumentou en Galicia en 20.799 persoas.

Respecto á poboación ocupada, no cuarto trimestre do 2014 en Galicia, o número de persoas ocupadas ascende a 1.000.400, que en relación ao 1º trimestre de 2009 (gobernos Feijóo) representan 168.100 ocupados menos; cun descenso do -

14,39 %, superior nun 80 %, ao dato de España do - 7,97 %; e sitúan a Galicia como a primeira de todas as Comunidade Autónoma onde o descenso foi mais elevado.

Para Galicia supón a existencia de 16.900 persoas ocupadas menos respecto ao trimestre anterior, que representa un - 1,66 %, o que contrasta co aumento producido a nivel de España, con 65.100 persoas ocupadas máis (+ 0,37 %).

Os datos de variación na actual Lexislatura (dende o TIII do 2012) indican que Galicia ten 57.300 ocupados menos, un - 4,5 %, o segundo peor comportamento das CCAA (por detrás de Baleares); cando a nivel de España o dato é de signo contrario, cun aumento do 1,4 % (248.800 persoas máis ocupadas).

Para o último ano (en relación ao IV trimestre de 2013), en Galicia o aumento é de 13.100 persoas, un + 1,3 %, cando a nivel do Estado o aumento é do 4,84 % (case que catro veces superior), sendo Galicia a Comunidade Autónoma que rexistra un aumento menor neste período.

No ano 2009 existían 1.034.468 afiliados á Seguridade Social en Galicia, polo que 121.139 afiliacións desapareceron dende aquela (un - 11,72 %). No comezo da actual Lexislatura (outubro de 2012) o número de afiliados era de 945.072, polo que se da un descenso dende entón de 31.743 afiliacións (- 3,36 %).

Son máis de 45.000 os mozos e mozas menores de 30 anos que engrosan as listas de paro neste mes de xaneiro; tendo en conta que no ano 2009 partíamos dunha mellor situación que outras comunidades autónomas, avanzamos moito máis rápido na destrución de emprego xuvenil.

Igualmente, dos afiliados menores de 35 anos que había cando Feijóo chegou a Presidencia da Xunta de Galicia (341.618 mozos e mozas), mais de 100.000 destas persoas, case que unha terceira parte do total, perderon o seu emprego.

Os datos da Enquisa de Poboación Activa mostran tamén o mesmo panorama desesperanzador, nos últimos catro anos, baixo o Goberno de Núñez Feijóo en Galicia, os mozos e mozas menores de 35 anos ocupados baixaron dende os 392.000 (terceiro trimestre de 2009) a 270.000 no 2013 (cuarto trimestre); o que nos ven a indicar que 120.000 persoas dos que entón estaban a traballar, están actualmente sen ocupación. O que sitúa a taxa de desemprego xuvenil (para as persoas entre 16 e 29 anos) case no 40%, un 60 % superior a do 2009.

Estes preocupantes datos demográficos e laborais, non obteñen ningunha resposta por parte do goberno galego. Esquecese do rural, e esquecense dos grandes núcleos urbanos de Galicia. Como Vigo. Para eles, para a xeración mellor formada da nosa historia o Goberno galego aplica políticas que os conducen á emigración como o fixeron os seus avós, un ha perda de capital humano que a economía industrial e de servizos avanzados dunha cidade como Vigo non será capaz de resistir durante moito tempo.

O que xa se converteu nunha metáfora é o regalo do Sr. Feijóo aos mozos e mozas de mellores expedientes académicos, unha maleta. E a partires desa metáfora todo un amplo abano de recortes brutais que inciden de xeito directo na xuventude galega e que afogan calquera esperanza razoable de desenvolver aquí o seu proxecto de vida.

O elevado paro xuvenil é un lastre que non ten precedentes na nosa economía, un problema gravísimo no curto prazo e crítico no medio e longo prazo, conxelando a evolución vital dunha xeración e poñendo en tela de xuízo o benestar social, económico e demográfico do noso país. Faltan medidas de acción positiva ante este drama social.

Son moitos os mozos e mozas que posuíndo unha alta cualificación académica e profesional teñen que saír fóra para atopar as oportunidades que aquí non conseguen. A consecuencia desta situación é a perda dos recursos humanos nos que as administracións públicas investiron millóns de euros en formación; investimento que non reverterá na nosa sociedade nin no noso sistema económico, pola fuga de talentos que non sabemos reter. Soamente no período que vai do 2009 ao 2013, saíron case 100.000 persoas mozas de entre 16 a 34 anos fora de Galicia, deles 30.000 ao estranxeiro, mais alá daqueles que non se rexistran, que lamantablemente son moitos.

Ao mesmo tempo, non debemos esquecer que, durante demasiados anos, moitos mozos e mozas abandonaron o sistema educativo para ocupar postos de traballo precarios, pouco cualificados e moi fráxiles, ligados á burbulla da construción, empregos que xa non existen. Para eles debemos establecer un compromiso tanto nos países nos que se instalaran en busca de emprego como aplicando medidas formativas específicas e incentivos para a súa contratación e a ampliación da súa experiencia laboral aquí.

Os galegos descoñecemos cantos mozos e mozas emigraron en busca de emprego, en que condicións viven, que experiencia laboral están tendo, cal é a súa formación e cualificación, en que condicións retornan os que o fan..., etc., todo un largo interrogante que de obter estes datos podería darnos unha visión moito máis completa da realidade dos mozos e mozas exiliados e adoptar así decisións políticas para poder atender mellor as súas necesidades.

Ademais do despilfarro de recursos públicos que supón a marcha de Galicia dos mozos e mozas, das dramáticas consecuencias que estas decisións teñen tamén no plano persoal e familiar, estamos incorporando en moitos casos man de obra altamente especializada en tecidos produtivos doutros países que compiten coa nosa economía, nós formamos, nós especializamos e logo compiten con nós, de novo Vigo especialmente perxudicada.

As decisións adoptadas dende que goberna Feijoo retirando apoio á investigación universitaria en Galicia, recortando bolsas e becas, incrementando as taxas universitarias para a segunda, terceira, cuarta e seguintes matrículas, os recortes

do Goberno Rajoy que en canto chegou suprimiu a renda básica de emancipación que había facilitado en Galicia o acceso á vivenda de máis de 20.000 mozos e mozas, e por último a reforma laboral que permite que mozos e mozas poidan ser aprendices eternos por un salario indecente (ata os 33 anos por menos de 500 euros), son algunhas das medidas políticas da dereita que só aportan máis precariedade ao xa de por si escaso emprego xuvenil e máis desesperanza que os aboca á emigración.

A reforma laboral do PP está mostrando un balance desastroso, a economía de noso país atópase en recesión e, polo tanto, isto conleva a una intensa destrución de emprego e insoportable crecemento do paro. Moi lonxe de avanzar na “flexibilidade interna” para facer última a opción do despido observamos xustamente o contrario, aumento dos despedimentos, contratacións eventuais e precarias e deterioro das condicións laborais e salariais.

No ano 2009, antes das reformas, por cada décima de caída do PIB se destruíron 32.730 empregos. No ano 2014 esta relación increméntase de forma máis que considerable. O resultado: o valor do indicador dos efectos da recesión e emprego e multiplicado case por dous, e a explicación atópase na reforma laboral, polo tanto, non é certo que a nova reforma laboral reduza a caída da actividade económica senón que acentúa os efectos da crise e os agrava servindo tan so pois para aumentar a perda de emprego. Non hai unha verdadeira política transversal de xuventude, só medidas espalladas, inconexas e estigmatizadoras.

E isto prodúcese despois que de Núñez Feijoo prometera na súa primeira lexislatura poñer á xuventude galega en primeiro plano e aprobar un plan de emprego xuvenil antes do remate de 2009.

Ante esta situación, consideramos imprescindible un compromiso real e dotado de orzamento, tanto por parte do Goberno autonómico con competencias en materia de políticas activas de emprego, como por parte do Goberno central pola implicación da política europea e exterior, para afrontar a desesperanza da xuventude e crear oportunidades de emprego aquí, ao mesmo tempo que debemos atender as necesidades dos mozos e mozas que xa están no exterior.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

1. O Concello de Vigo insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno de España que:

1.1) Derroque a reforma laboral que por ser o primeiro motivo da destrución de emprego do noso país.

1.2) Elimine toda discriminación salarial xuvenil.

1.3) FISCALIDADE. Estableza medidas e beneficios fiscais para evitar que os

mozos e mozas teñan que emigrar, cunha bonificación do 100 % das cotizacións á seguridade social no primeiro ano de contrato en prácticas para licenciaturas e FP e unha bonificación do 75 % no segundo ano sempre que as empresas beneficiarias non aplicasen nos dous últimos anos despedimentos obxectivos ou EREs extintivos.

1.4) BOLSAS. Implante de novo a cotización das persoas bolseiras coa mellora das súas condicións, entre outras: recoñecemento do dereito a ser dados de alta na seguridade social das persoas que participan en programas de formación remunerados vinculados a estudos universitarios ou de formación profesional.

1.5) INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN. Recupere o investimento en I+D+i, aos niveis cando menos do 2010 e garanta o cumprimento dos prazos establecidos nas convocatorias dos programas de investigación dedicados á “acollida para recuperación de talentos”, así como outras axudas para xoves investigadores como os FPI para evitar a fuga de cerebros.

1.6) EMIGRACIÓN.

1.6.1) Poña en marcha mecanismos de investigación, seguimento e avaliación dos fluxos migratorios creando para elo un Observatorio de Xoves e Emigración.

1.6.2) Realice unha enquisa nacional anual de xuventude, emprego e emigración e unha consulta que dea cabida á participación da poboación da mocidade emigrada.

1.6.3) Deseñe un plan para a atención á cidadanía que busca emprego ou se desprazou recentemente a traballar noutros países, que inclúa cando menos:

1.6.3.1) O seguimento estatístico que reflecta os datos obxectivos da nova emigración.

1.6.3.2) A sistematización e difusión por todas as canles que faciliten acceso da información relevante para novos emigrantes, con información actualizada en diferentes países, especialmente naqueles que son destinos preferentes da nova emigración, e información especialmente destinada a aqueles mozos que pretenden iniciar a súa primeira experiencia laboral, relacionada con becas, prácticas laborais, voluntariado e ofertas laborais ás que puideran concorrer como candidatos.

1.6.3.3) A mellora dos recursos informativos da Administración estatal para que os que se prantexen emigrar ou xa o fixeran, coñezan ben os seus dereitos relacionados con situacións de desemprego, cotizacións á seguridade social ou outras prestacións que puideran estar percibindo.

1.6.3.4) A atención aos novos emigrantes como prioridade política nas relacións do goberno con outros países a onde se desprazaran maioritariamente, especialmente a través dos ministerios de Asuntos Exteriores e Cooperación e de

Emprego e Seguridade Social, elaborando unha axenda de xuntanzas para abordar a situación laboral e social dos expatriados, favorecendo a súa inclusión en programas de apoio xa existentes ou instando aquelas actuacións que poidan favorecerlos como colectivo.

1.6.3.5) A inclusión de programas de adaptación e integración da cidadanía recentemente desprazada, facilitando xestións relacionadas coa vivenda, cursos de linguas, oportunidades de traballo, etcétera, tanto nas asociacións como en consellerías laborais ou consulados.

1.6.3.6) A difusión entre os expatriados recentes do coñecemento das asociacións de emigrantes nacionais existentes nos países onde se atopen, así como dos Consellos de Residentes e do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior.

1.6.3.7) Impulsar convenios de reciprocidade para a homologación de títulos, tomando as medidas pertinentes para axilizar a tramitación de convalidacións e favorecer a extensión dos servizos da UNED nas sedes da administración exterior (exames, probas de selectividade, acceso universidade para maiores de 25 anos, etc.) como oferta de formación en niveis educativos superiores para as persoas desprazadas.

1.6.3.8) Adaptar os recursos da administración electrónica dependente da Administración Xeral do Estado que facilite a realización de todo tipo de trámites administrativos as persoas que se atopen noutros países.

1.6.3.9) Presentar as necesarias modificacións da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que permita facilitar o acceso ao dereito ao voto da cidadanía no exterior.

1.6.3.10) Diseñar unha Estratexia Nacional de Emigración e Integración para o período 2013-2018 que teña en conta o retorno das persoas que se desprazaran temporalmente ao exterior.

1.7) COMUNIDADES AUTÓNOMAS. Incremente os recursos destinados ás comunidades autónomas para formación e políticas activas de emprego, especialmente para mozos e mozas desempregados de longa duración, que manifestaran a intención ou corran o risco de emigrar por cuestións económicas e non desexen facelo.

1.8) UNIÓN EUROPEA. Recabe o apoio da Unión Europea para dotar ao Goberno de España e das comunidades autónomas dun maior orzamento e implicación para a loita contra o desemprego xuvenil cun reparto equitativo por poboación xuvenil das axudas nas comunidades autónomas.

2. O Concello de Vigo insta a Xunta de Galicia a:

2.1) Poñer en marcha un plan de formación e emprego xuvenil, deseñado en

colaboración coas organizacións do tecido asociativo xuvenil, que contemple entre outros:

2.1.1) Formación:

2.1.1.1) Impartir cursos nos concellos sobre emprendemento, tanto individual e colectivo, con seminarios de maduración de ideas e realización de prácticas, coa realización de plans de empresa supostos.

2.1.1.2) Escolas taller. Obradoiros de emprego para rehabilitación do patrimonio cultural e creación dun centro formativo de artesanía.

2.1.1.3) Realizar encontros de mozos e mozas desempregados con emprendedores.

2.1.1.4) Traballo conxunto coa xuventude nos sindicatos. Elaboración de cursos e axudas os mozos e mozas desempregados. A retirada dunha gran parte das subvencións a sindicatos conlevou unha redución dun 90 % dos cursos.

2.1.1.5) Rebaixa das taxas universitarias. Son excesivos os castigos por segundas, terceiras ou cuartas matrículas (aumento do 20, 66 e 90 %).

2.1.1.6) Plans de "Volta o estudo" da xuventude que deixou os estudos moi cedo para dedicarse aos traballos coma a construción.

2.1.1.7) Rebaixa das condicións de beca evitando exclusións e abandono dos estudos. O 90 % dos créditos é unha porcentaxe moi excesiva. Se non superas unha materia de 9 ou 12 ect's xa perdes automaticamente a beca, levando así a que moitos estudantes deixen os seus estudos ademais da necesidade dun 6,5 nas probas de acceso á universidade.

2.1.1.8) Axudas para pago de taxas, como por exemplo nas probas de acceso a universidade (actual selectividade) e exencións en función da renda.

2.2) Fomento do emprendemento individual e colectivo:

2.2.1) Realizar encontros de mozos e mozas desempregados, de perfís profesionais semellantes, coa finalidade de crear grupos piloto que xeren intereses participativos de cara ao emprendemento de iniciativas empresariais que teñan como base a economía social.

2.2.2) Crear iniciativas locais de emprego, para proxectos de emprendemento individual ou colectivo para mozos e mozas, por medio de empresas cooperativas ou sociedades laborais, co apoio, de ser necesario, de fondos do IGAPE que avalen o capital preciso para a súa posta en marcha.

2.2.3) Posta en marcha e fomento de viveiros de empresa individuais e colectivos nos municipios.

2.2.4) Sector Primario. Mellor aproveitamento das axudas europeas nos eixos de acción dos grupos de desenvolvemento rural e de acción costeira. Establecer programas e incentivos específicos para a empregabilidade de mozos e mozas na diversificación do sector primario do agro e do mar e na transformación dos produtos destes sectores. Proxectos piloto para evitar o abandono do rural, recuperar o coidado dos bosques e as antigas formas de conservación dos produtos tradicionais (salazóns, afumados, secados, etc.)

2.2.5) Turismo rural e mariñeiro. Promoción entre mozos e mozas de novas fórmulas de empregabilidade ao abeiro das iniciativas turísticas que pretenden poñer en valor o territorio, a paisaxe, o patrimonio cultural, material e inmaterial das actividades tradicionais do agro e do mar.

2.2.6) Estudar e potenciar o desenrolo de novos sectores industriais para alcanzar a diversificación industrial necesaria para evitar a emigración.

2.2.7) Tutelar a posta en marcha destas iniciativas durante os primeiros dous anos, por medio da participación de capital público ata o máximo do 51 % que permite a lexislación vixente, incluíndo a utilización de contratos de colaboración social no caso de perceptores que non poidan capitalizar.”

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. LAGO REY: Traemos aquí unha moción sobre emprego xuvenil, o grupo municipal Socialista presenta unha moción que propón solucións aos problemas reais que sofren os mozos, na nosa moción aparecen datos oficiais sobre o emprego na nosa comunidade e como esta terrible drama social afecta aos mozos galegos e vigueses e como provoca entre outras graves cuestións a emigración forzosa provocada polas políticas do Partido Popular na Xunta de Galicia e no Goberno de España.

Como resumen do gran número de datos oficiais que expoñemos na nosa iniciativa quero subliñar que en Galicia o paro sufriu un aumento do 62% dende que o Sr. Feijóo goberna en Galicia, que temos unha taxa de actividade do 53,3% a segunda máis baixa das comunidades autónomas de España, que o número de fogares con tódolos seus membros en paro ascende a 88.400, cun aumento do

97% dende que governa o Sr. Feijóo que hai 168.100 ocupados menos dende que o Partido Popular governa en Galicia.

Se trasladamos estes datos á situación que padecen os nosos mozos, atopámonos que son máis de 45.000 os menores de 30 anos que engrosan as listas de paro no mes de xaneiro, dende que o Sr. Feijóo é presidente máis de 100.000 mozos menores de 35 anos perderon o seu emprego, dende que o Partido Popular governa a nosa comunidade, os menores de 35 anos ocupados, baixaron de 392.000 a 270.000, que é a realidade das políticas suicidas do Partido Popular.

Estes terribles datos non teñen ningunha resposta por parte do Goberno autonómico, ningunha política para promover a formación, o emprego ou o emprendemento, a única resposta que da o Sr. Feijóo aos mozos é unha maleta para emigrar fuxindo do desemprego e a pobreza como antes fixeran os nosos avós. Son moitos os mozos que posuíndo unha alta cualificación académica e profesional, teñen que saír para buscar as oportunidades que aquí non conseguen, só no período que vai de 2009 a 2013 saíron de Galicia 100.000 mozos, é o que din as cifras oficiais, porque hai moitas máis que as cifras non recollen para evitar perder dereitos e por iso non rexistran as súas saídas.

Esta situación afecta dunha forma moi importante a mozos vigueses xa que esta é a cidade máis poboada e o desemprego e a emigración forzosa aféctana en maior proporción. Case 42.300 persoas abandonaron a provincia no ano pasado para traballar, 18.000 na provincia de Pontevedra, mozos, só mozos, que fan fronte a esta terrible situación os gobernos do Partido Popular en España e en Galicia? Que fai a comunidade autónoma e goberno de España que son os que teñen competencias para loitar contra este terrible drama? Moi fácil, miran para o outro lado, desenténdense e seguen aplicando políticas de recortes, recortes no apoio á investigación, en becas e bolsas de estudo, incrementos de taxas universitarias, supresión da renda básica da emancipación, salarios indecentes como aprendices eternos, precariedade laboral e recortes de dereitos laborais promovidos pola reforma laboral da dereita, e todo isto se produce cando o Sr. Feijóo prometera poñer á xuventude galega no primeiro plano e aprobar un emprego xuvenil antes de 2009. A este goberno local preocúpalle sobre maneira

esta situación, preocúpalle de verdade os mozos vigueses e por iso presentamos unha moción seria cun análise serio, real e rigoroso da realidade e con propostas serias que permitiran paliar o sufrimento de miles de mozos e de miles de familias.

Vostedes adícanse a propoñer cousas menores, nós propoñemos medidas serias e realizables. Espero que aproben esta moción porque se non o fan vostedes retractaranse unha vez máis, xa saben os mozos de Vigo que a vostedes non lles importa nada, pero que se votan en contra acabaráselles tamén a pobre demagogia que utilizan.

Voten esta moción que propón medidas contra a precariedade laboral, medidas fiscais para promover os contratos, que propón aumentar recursos para promover o emprego, para reducir as taxas universitarias e aumentar as becas para que xa se adican máis cartos á investigación e á innovación para loitar contra a emigración, para favorecer a formación. Déixense de traer aquí cousas menores e apoien a única forma de facer as políticas que demandan os mozos.

Lembren que dende hai un ano a taxa de paro xuvenil xa supera á da ocupación, repítollo, quédese con este dato que é arrepiante, dende hai un ano a taxa de paro xuvenil supera á da ocupación.

No total do mandato deste Goberno demos 2.006 becas de inglés, 40% de vivenda protexida, plans de emprego para a contratación directa dos mozos, axudas a emprendedores mozos, á contratación de mozos en empresas, once millóns investidos en educación, 5,4 millóns de euros en postos directos de traballo.

SR. ALONSO PÉREZ: Eu lendo a moción de dez páxinas empecei a ler e dinme conta de que basicamente é un programa electoral do Partido Socialista e cheguei a un punto da lectura, nos acordos, que efectivamente había algo interesante e é que o Partido Socialista cambia de opinión respecto á reforma laboral que eles fixeron e pide a derogación da reforma laboral, con isto pareceume suficiente para votar a favor da moción, pero o resto é campaña electoral e a verdade non entro a analizalo.

SR. PÉREZ DÁVILA: Sra. Lago, para presentar aquí cousas obrigueina a falar no día de hoxe.

Antes de nada quero expresar a miña máis completa felicidade, por poder dar dunha vez por todas catro anos despois a benvida a este Pleno municipal á excelentísima concelleira de Xuventude do Goberno de Vigo, benvida pediría un aplauso pero paréceme excesivo. Fixeron falla catro anos repetindo constantemente unha e outra vez a total inutilidade deste Goberno municipal en materia de política xuvenil e traendo a este Pleno unha e outra vez máis dunha ducia de propostas xuvenís en positivo para que vostedes entenderan, aínda que só sexa entender que a xuventude e a mocidade neste país e nesta cidade que vostedes gobernan, existe. Catro anos fixeron falla, custoulle moito pero aínda así benvidos señores/as do Goberno Municipal, e benvida Sra. Lago.

Teño que admitir que despois de ler esta macromoción, a máis extensa que se lembra neste Concello, pois teño que admitir que estaba equivocado, Sra. Lago levo anos dicíndolle que vostede non fixo absolutamente nada en materia de política xuvenil, que é o seu traballo, levo anos dicíndolle que non foi capaz unha soa nova idea para a mocidade viguesa e que a xestión política xuvenil neste Concello é unha auténtica hecatombe, pois ben, estaba equivocado e o admito, non levaba vostede catro anos de vacacións, leva vostede catro anos para escribir unha moción.

O meu máis sincero parabén, Sra. Lago, o seu ratio de efectividade como gobernante é impresionante, esta é a primeira moción que presenta vostede, iniciativa propia nesta lexislatura e obrigada por este grupo municipal por quedar en evidencia. Poñéndome serio téñolle que dicir que esta moción é a certificación de que vostede ten que cubrir un expediente de traballo baleiro tres meses antes de deixar o Goberno Local, despois que dun partido que conta cun gran número de mozos/as traballando por un proxecto novo para Vigo, teña quitado día a día de forma continuada os cores a un Goberno rancio, esgotado, antigo, antidemocrático, e que quedou sen ideas. Hoxe, con esta moción vostede certifica e asume que o Partido Popular acertou en materia de política xuvenil, por iso ten que facer este ridículo e que ten que buscar unha moción gardada no caixón, errada e que chega tarde, moi tarde para tratar de facer o que fai e o que

non fixo e xa que neste tempo, e sobre todo no último Pleno quedou vostede en evidencia e todo o Goberno Municipal, miúdo ridículo Sra. Lago.

Presenta vostede unha moción instando e pedindo ao Goberno de Galicia e ao de España que faga todo aquilo que vostede non sabe, non quere e nin se queira acepta cando llo propoñemos os demais, indignidade política chámase a isto.

Esta moción podía tela presentada o Sr. Caballero no Parlamento Galego cando intentou chegar ao Goberno Galego pero os galegos non o quixeron e tivo os peores resultados do Partido Socialista, nunca ninguén tivo menos votos. Pola contra o goberno Galego do Sr. Feijóo, do que formou parte a próxima Alcaldesa de Vigo, foi quen de aprobar un Plan de emprego xuvenil que recolle a gran maioría das iniciativas que vostede propón nesta moción, xa o fixemos Sra. Lago, volva das vacacións dunha vez por todas, un Plan de emprego xuvenil, lle soa? Eu mesmo lles propuxen neste Pleno un Plan de emprego xuvenil e dixeron non, propoñen facer aos demais gobernos o que vostedes non queren facer, Sra. Lago, vostede ten responsabilidades de goberno e a capacidade de resolver os problemas en Vigo, fáleme de Vigo entón, se quere que esta moción se debata no Congreso dos Deputados pásella á Sra. Silva así polo menos podería facer algo no Congreso.

Señores/as somos concelleiros en Vigo e temos a responsabilidade de resolvelos problemas da mocidade viguesa, que son moitos porque vostedes a teñen desatendida, se lles falo da Xunta de Galicia ou do Goberno Español entre no seu xogo e non se fala de Vigo, e eu cumpro coas miñas responsabilidades, poderíalles dicir que o Goberno do Sr. Feijóo aprobou un Plan emprego xuvenil municipal dotado con 100 millóns de euros no que constan xa as medidas que vostede propón, podería dicirlle que as medidas da Xunta de Galicia están sendo efectivas e nos menores de 30 anos reduciuse o paro un 16,5%, poderíalle dicir que mentres vostedes recortaban o 50% o Orzamento en materia xuvenil neste concello, a Xunta de Galicia blindou o orzamento da Dirección Xeral de Xuventude, poderíalle dicir que o Goberno do Sr. Rajoy foi o primeiro que aprobou a estratexia de emprendemento e emprego mozo 2013-2016, aquí a teño por se quere ler, e nela aparecen a gran maioría das propostas que vostede fai neste moción, e podería dicirlle que mentres que o goberno socialista no Estado

falábase de rescate e recesión, agora fálase de recuperación e dunha previsión do crecemento do PIB do 2%. Se tiña, Sra. Lago, a solución para a crise podería terlla dado, aínda que fora por mensaxe, ao Sr. Zapatero hai moitos anos, os mozos desta cidade e deste país non estaría así por culpa dun goberno irresponsable socialista.

A súa responsabilidade é Vigo e porque non me fala de Vigo? Eu lle presentei aquí cousas graves e importantes, fáleme porque despois de aprobar por primeira vez na historia desta cidade, por esixencia do Partido Popular, medio millón de euros para un Plan de emprego xuvenil, vostedes só souberon gastar 28.000 euros, fáleme diso. Fáleme de por que non quere crear a tarxeta de transporte Vigo Xove que lle propuxemos, fáleme diso, fáleme de por que non quere redactar o Plan xuvenil municipal que lle propuxemos, fáleme de por que non poñen a disposición das agrupacións musicais o estudo de gravación Vigosónico, fáleme de que por que non queren aprobar un Plan de emprego xuvenil que lle propuxemos, fáleme de por que non crean unha lanzadeira de transporte á Universidade, a U-3 que lle propuxen, e fáleme de por que non poñen en marcha dunha vez por todas o Plan Julio Verne que lles propuxen tamén para a mocidade desta cidade, fixo o aniversario e nin sequera nos acordamos neste concello, fáleme en definitiva, Sra. Lago, das súas responsabilidades e das cousas que dende este Pleno e dende este Concello podemos solucionar, fálema de Vigo, Sra. Lago, moitas gracias.

SRA. LAGO REY: Quero lembrarlle ao Bloque Nacionalista Galego que esta mesma moción foi pactada conxuntamente polo Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista no Parlamento Galego.

Sr. Pérez Dávila, pregue as súas ás de galo político e escóitame ben porque ningún home obrigoume nunca a nada, iso para empezar. Polo que vexo de respostas vostede nada de nada, se o que teñen é ser mozos e estar no Partido Popular iso si que é un delito, e o que ten mérito é ser mozo e sobrevivir as súas políticas, escoite ben.

Vostedes saben que os datos que aparecen na moción son reais, son datos oficiais, que non teñen nin trampa nin cartón, que vostedes menten, sábeno, por

iso non ten respostas, que vostedes son os responsables da situación dos mozos en Galicia e en Vigo, que vostedes teñen as competencias en educación, en formación, emprendemento, en industria e en emprego, que son vostedes que non se decatan. Vostedes tiran balóns fora pedindo que este goberno faga o que é a súa competencia, a competencia do Sr. Feijóo e do Sr. Rajoy, deixen de ser fieis vasallos dos seus xefes e díganlle dunha vez que dean respostas aos problemas que de verdade lle importan aos mozos que é o tremendo desemprego, deixe de traer “cousiñas” e responda.

Cando os mozos os escoitan deben sentir unha gran indignación, porque as políticas de recorte do Partido Popular obríganos a irse Sr. Pérez Dávila, este goberno dálle mil voltas aos seus noutros concellos, despois falaremos na Xunta de Galicia e no Goberno de España e sen ter competencias, nós temos políticas de emprego para mozos, becas de inglés para que teñan as mellores oportunidades, vivendas cando quitamos paquetes de aluguer, subvencións de centos de miles de euros en transporte público á universidade, promovemos a cultura, o deporte, a música e tantas políticas dirixidas aos mozos vigueses, deixe de mentir, de dicir parvadas que os mozos deben de estar escoitándovos e deben sentirse tremendamente doidos.

Voten esta moción que propoñen medidas contra a precariedade laboral, que propoñen medidas fiscais para promover os contratos que propón, aumentar recursos para reducir as taxas universitarias e aumentar as becas, para que se adiquen máis cartos a investimentos.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias

Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.02.2015 (Rex. Nº 1061/1101), pola voceira do grupo municipal Socialista, Sra. Lago Rey, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(38).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 4 de febreiro e 19 de febreiro de 2015.

1.2(39).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías

delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 4 de febreiro e 19 de febreiro de 2015.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(40).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CREACIÓN DO PLAN “VIGO INDUSTRIA 4.0” PARA O APOIO E FOMENTO DO SECTOR INDUSTRIAL DE VIGO. EXPTE. 1052/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de febreiro de 2015, número 1052/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Axenda da Competitividade persegue incrementar o peso da industria no PIB en 6,5 puntos ata acadar o 20% no ano 2020, creando 50.000 novos empregos de calidade durante este período.

Co desenvolvemento da Axenda, a Xunta aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade. Desta forma, fixarase tecido industrial con capacidade para recuperar o emprego e xerar novos postos de traballo.

Para acadar estes retos, a Axenda aposta polo equilibrio entre o reforzo dos sectores tradicionais e o impulso dos emerxentes así como pola diversificación de produtos. Facilitarase ademais a hibridación multisectorial, que supón a interconexión de sectores distintos na procura de aproveitar as sinerxías entre eles para mellorar a súa competitividade no mercado global.

A axenda ten unha clara orientación sectorial co obxectivo tanto de reforzar sectores estratéxicos da economía galega -agroalimentario, automoción, naval, forestal ou téxtil-, como de impulsar outros emerxentes e de maior valor engadido, como o aeronáutico, o biotecnolóxico ou as TIC.

Deste xeito, búscase consolidar en Galicia a denominada Industria 4.0, composta por fábricas intelixentes, automatizadas, flexibles, interconectadas, sostibles e sociais, que conta con espazos compartidos entre humanos e máquinas, e outorga máis responsabilidades ás persoas, máis cualificadas e ben formadas, capaces de xestionar eficientemente os novos ámbitos produtivos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar o Concello de Vigo á creación do Plan "Vigo industria 4.0" para o apoio e fomento do sector industrial de Vigo e a súa área de influencia co obxectivo de crear as condicións necesarias para o seu óptimo desenvolvemento."

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Dende o ano 2010 Europa 2020 é a estratexia de crecemento para Europa, a Comisión Europea busca orientar as súas políticas cara unha economía intelixente, sostible e integradora para obter un alto nivel de emprego, produtividade e cohesión social, para iso preténdese ter en conta toda a cadea de valor e de subministro, dende o acceso á enerxía e as materias primas e aos servizos post venta, e ata a reciclaxe con solucións adaptadas para cada sector. Está demostrado que aqueles países cun maior peso da súa industria no PIB, foron máis resistentes a este ciclo económico adverso, perdendo menos emprego e aumentando as exportacións, contribuíndo así a contrarestar a caída da demanda interna e mellorando a súa balanza de pagos, para xerar este

cambio créanse en Alemaña o concepto industria 4.0, Fábrica Intelixente, entendida como unha carta revolución industrial onde se busca unha industria eficiente en termos de enerxía, con todos os seus procesos definidos e optimizados e sometidos a un proceso de automatización e conectividade por medio das TIC, pero non de forma illada senón buscando a interconexión de tódalas súas infraestruturas e soportes loxísticos ao igual que cos seus provedores e clientes.

Para afrontar esta nova etapa dentro da estratexia Europea 2020, Galicia ten identificados os seus desafíos a futuro agrupados en tres categorías, problemas demográficos, competitividade económica e aproveitamento enerxético. Para conseguir o obxectivo global de crecemento sostible, creación de emprego e aumento da cohesión social e equilibrio territorial, Galicia necesita a industria como sector económico tractor para impulsar a mellora da competitividade baseándose no concepto Industria 4.0. Vigo, como a cidade máis industrial de Galicia non pode ser allea a este proceso e debe liderar esta transformación, coa correcta aplicación deste Plan está prevista a creación de máis de 24.000 empregos en Vigo e a súa área de influencia, cun volume de investimentos próximo aos 800 millóns de euros. Isto debeulles de emocionar, incentivar o investimento por medio do gasto público, non como na moción que trouxeron no Pleno pasado fomentando a especulación e o atrancamento financeiro. Para iso, consideramos básico que dende a administración local se faga todo o que estea ao seu alcance para conseguir os obxectivos marcados, pois é o camiño para a recuperación económica de Vigo e a súa área de influencia. A administración ten que ser un elemento facilitador para o desenvolvemento da actividade industrial en Vigo, que acompañe no proceso eliminando as trabas e posibilitando a existencia dunha industria viguesa competitiva nun mercado global, e para iso será necesario evolucionar a unha industria 4.0, a Fábrica Intelixente.

Por este motivo, hoxe presentamos esta moción instando ao Concello de Vigo a crear o Plan Vigo Industria 4.0, alienado totalmente co exposto anteriormente para o apoio e o fomento do sector industrial de Vigo e a súa área de influencia, co obxectivo de crear as condicións necesarias para o seu óptimo desenvolvemento establecendo as sinerxias adecuadas entre tódolos axentes,

empresas, administracións, centros tecnolóxicos involucrados neste proceso. O Plan Vigo Industria 4.0 é un plan de futuro, para os vigueses do futuro, que despois falará o meu compañeiro o Sr. Pérez Dávila.

SR. ALONSO PÉREZ: A verdade é que alucino porque parece que estamos noutro país, noutro mundo, estamos propoñendo dar saltos no baleiro, falando de crear fábricas intelixentes e eu creo que o que precisa é precisamente a Xunta de Galicia un pouco de intelixencia para que as fábricas normais non as peche, iso é o primeiro, fábrica intelixente é unha fábrica que ten traballadores/as, que ten dereitos, que cobran igual, que teñen un salario, iso é unha fábrica intelixente, empezando por aí, e partires de aí tódolos procesos de mellora tecnolóxica benvidos, pero é un contra sentido estar facendo un salto no baleiro, pedindo fábricas intelixentes mentres en Freyre Mar, aí ao lado, cando os propios traballadores son os principais acredores da empresa, estanse manifestando para que non se leven de alí o material e a Xunta de Galicia manda á Policía. Entón, é un contrasentido que se peche Bernardo Alfageme que unha fábrica que ten posibilidades porque a Xunta de Galicia se mete no medio, é un contra sentido que se gasten 18 millóns de euros para privatizar o IGAPE de exterior. Como se piden fábricas intelixentes cando no ano 2013 e 2014 se fixeron 53 expedientes de EREs para mandar a xente en despidos colectivos e a Xunta de Galicia é incapaz de ter unha política industrial, se se lle da a Citroën cartos para reducir 3.000 empregos. A min gustaríame, a verdade e o digo sinceramente, gustaríame algún día poder aprobar unha moción do Partido Popular en materia de emprego e industria, gustaríame, pero teñen que cambiar e ver a realidade que son eles os responsables de que as fábricas normais se pechen, entón como veñen aquí a propoñer salto no baleiro de fábricas intelixentes cando están pechando os sectores básicos pola súa incapacidade, falla de aposta nos sectores básicos industriais de Galicia e da comarca de Vigo. Por iso non podemos votarlle a favor desta moción tampouco.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Dende logo a min sorprendeume moito esta moción, é máximo cando vendo o texto é o mesmo que ten colgado o Conselleiro de

Industria na súa páxina web, trasladada literal á moción. Que é o concepto de Industria 4.0? Eu quéro lle dicir Sr. Álvarez que proposto dende o Partido Popular, dende a Xunta de Galicia para Galicia é publicidade e propaganda, e propoñelo a nivel municipal significa que non sabe do que está a falar. Con isto vostedes non arranxan no atraso que nos teñen metidos aquí en Galicia a dereita e o Partido Popular, porque o concepto, o que vostede propón aquí é que se trata dunha idea de produción industrial, entre outras, esa fábrica intelixente, a internet das cousas e tamén en impresión en tres dimensións. Vostedes sabe porque vexo que consultou os textos, de que se atopa nas primeiras fases de deseño nos países máis avanzados, entre eles Alemaña e tamén Estados Unidos, en Alemaña a través de Siemens, pero en Alemaña Sr. Álvarez, adica á investigación un 3% do PIB, e para Alemaña o seu núcleo industrial é a columna vertebral do seu éxito económico, porque o coidan dende sempre, non como vostedes que pechan as empresas.

En Galicia vostedes, o Partido Popular e o Sr. Feijóo, adican o 0,86% do PIB para innovación e dende que gobernan vostedes, dende hai seis anos, reducírono un 20%, como queren vostedes facer fábricas intelixentes se recortan en I+D+I, porque vostedes saben que isto é moi difícil de recuperar fronte aos competidores.

Vostedes o Partido Popular, o Goberno do Sr. Feijóo reduciu o Orzamento do IGAPE un 75% dende 2010, o presuposto do Instituto Galego de Promoción Económica, de 320 millóns de euros a 85 de millóns de euros para 2015, vostedes se cren que con esta política orzamentaria que resulta crible falar de industria 4.0? Pero é máis, non só reducen os orzamentos se non que os escasos orzamentos que teñen non os executan nas súa totalidade. A execución destes orzamentos de dinamización empresarial, que agora volven tamén a quitar para 2015 quédanse no 25% do presupostado, é dicir, só un 25% do presupostado gastaron vostedes, isto é unha auténtica vergoña que se suma á vergoña dos recortes. Isto que está vostede propoñendo aquí, a nivel municipal, para calquera experto en innovación é unha tomadura de pelo, a dereita, vostedes o Partido Popular, sempre pensaron e dino e o peor é que o fan, que a mellor política industrial é a que non existe, que non haxa subvencións agás para os seus

amigos, os seus datos orzamentarios e de execución así o manifestan. Pero mentres a produción industrial en España baixou un 8,7%, Galicia baixou un 20,7%, isto é o que lle ten que preocupar señores do Partido Popular, Sr. Álvarez, que a media en España o é 8,7%, aquí o 20,7%, e ademais a deslocalización de empresas, que están facendo vostedes coa deslocalización das empresas, cando temos aquí ao outro lado, o metro cadrado de chan industrial a 1 euro, pero ademais a reforma laboral porque para facer esta reforma de fábricas intelixentes hai que ter emprego estable na industria, emprego que ademais é fundamental nesa calidade, pois co 27% de desemprego, coa precariedade e a rotación, non é posible, a innovación. A min só me queda dicirlle que a intención desta moción é que como vostede sabe que o seu partido, tanto no goberno da Xunta de Galicia como no goberno do Estado, tanto o Sr. Rajoy como o Sr. Feijóo, non van levar a cabo ningunha política industrial que beneficie a Galicia nin a esta cidade, recorre unha vez máis na confianza do noso Alcalde, o Sr. Caballero, o mellor alcalde por certo da historia desta cidade, para que faga esa atención. Por certo, en Citroën liberamos terreos para que se expanda, e con nós había 10.000 traballadores e con vostedes hai escasamente 6.000.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Non vou falar das limitacións estratéxicas e de visión do Bloque Nacionalista Galego, deberían aprender que é aportar valor engadido no mundo competitivo.

Sr. Rodríguez Díaz, RIS3 non sei se o coñece, a estratexia de especialización intelixente en investigación e innovación dentro das políticas de cohesión 2014-2020 do Plan Europa 2020, que busca converter a innovación nunha prioridade para Galicia, sabe vostede que hai acceso a 10.000 millóns de euros? En investigación, non é fume, é unha realidade. Saben onde está o fume? O fume está na publicidade e propaganda, sabe canto se gastaron vostedes en publicidade e propaganda no seu goberno? 35 millóns de euros, por que non o din? Iso si que é fume e propaganda.

Saben o preocupante? a súa incapacidade para xestionar a súa falla de visión, nestes oitos anos de goberno o único que souberon facer é cambiar beirarrúas, hipotecando o futuro da concesionaria da auga cos cartos dos vigueses, e poñer

un barco nunha rotonda co rexeitamento de tódolos vigueses, iso é o único que foron capaces de facer ata agora, porque mentres nós construíamos un hospital público, vostedes intentaron bloquealo, utilizan a política do bloqueo, nós construimos unha depuradora que vostedes intentaron bloquear, a Cidade da Xustiza bloqueada por vostedes, nós arrancam os transportes metropolitanos, vostedes bloqueando, nós traemos o AVE, vostedes facían falsas promesas, non foron vostedes os que prometeron o AVE para 2009, esqueceronse xa diso? O bloqueo da biblioteca estatal, que pasa coa situación da biblioteca? Como pode ser iso? Posta en marcha de novos servizos para os cidadáns da antiga ETEA, iso non existe, a construción do túnel de Julián Estévez, pero que fixeron en todo en este tempo de goberno? Onde están as súas xestións de Peinador? Porque quebraron o Auditorio? A exclusión de Vigo do mapa dos grandes portos europeos, iso tampouco o mencionamos? Non fixeron absolutamente nada, puxemos en marcha a Autopista do Mar, iso tampouco parece que vai con vostedes. Vostedes antepoñen os seus intereses políticos e electoralistas ao interese de Vigo, iso é o que está pasando. Onde estaban vostedes mentres nós apoiabamos aos sectores estratéxicos de Vigo? Onde estaban vostedes co noso apoio incondicional a Citroën? Onde estaban vostedes co apoio ao Naval? Solucionando o Tax Lease, a contratación de novos buques, onde están as 6.000 vivendas que ían construír? O mar de grúas que ía ter esta cidade, das 47 garderías, onde está IKEA? Como é que chegaron a prometer ata negociacións co Vaticano para converter a Colegiata nunha Catedral? Porque se lles vai a forza pola boca, non foi vostede quen prometeu un túnel entre España e Marruecos? Con que nos vai aparecer agora? Esa é a súa política, a política da falacia, do enfrontamento, da destrución, a política que busca a destrución de Vigo polo fillo adoptivo de A Coruña, é increíble, unha estratexia na sombra que levou a esta cidade a ter 35.000 parados.

PRESIDENCIA: Menos mal que era 4.0, que se chega a ser 5.0 estamos aquí ata o luns. O da Catedral, Sr. Álvarez, fracasou porque o Papa anterior non quería, pero seguro que o actual vai querer.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 11.02.2015 (Rex. Nº 1052/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(41).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A RECUPERACIÓN DO PROGRAMA “NOITES VIVAS” ACTUALIZADO ÁS NECESIDADES DA MOCIDADE VIGUESA NO ANO 2015. EXPTE. 1053/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de febreiro de 2015, número 1053/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Hai xa varios anos, en concreto no 2008, a concellería de xuventude pechou o programa "noites vivas" polo que os xóvenes desta cidade quedaron sen actividades nocturnas alternativas organizadas dende este Concello.

Este plan levaba tempo implantado na cidade con un notable éxito de participación e moi boa acollida; Neste tempo o goberno municipal non foi quen de implantar novas iniciativas sobre política xuvenil que ofreceran unha

alternativa ao programa eliminado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal á recuperación do programa "Noites Vivas" actualizado ás necesidades da mocidade viguesa no ano 2015."

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. PÉREZ DÁVILA: Hoxe o Grupo municipal do Partido Popular queremos realizar unha nova proposta para o que Goberno Local faga algo en materia de xuventude e seguimos facendo propostas positivas para que os mozos/as a pesares de que os responsables de levalas adiante, vostedes señores do Goberno non as queiran escoitar, as voten en contra ou fagan algo máis grave, as voten a favor por non atreverse a rexeitalas incumprindo de forma reiterada os acordos plenarios desta Corporación que a adopta de forma democrática. Pero a democracia non é seu forte señores do Goberno.

Despois de ter posto na orde do día deste Pleno durante esta lexislatura cuestións importantes, non "cousiñas", para a mocidade como a mellora do acceso ao transporte público para mozos/as creando a tarxeta "Vigo xoven", unha nova lanzadeira para a Universidade a U3, elaborar un Plan Xuvenil municipal que de prioridade á mocidade, crear un programa de actividades para a época estival no que participen mozos/as de Vigo e que sexamos capaces de atraer á xente doutros lugares, explicamos cal é a situación do estudo de gravación de Vigosónico e propuxemos que se poña á disposición dos colectivos culturais, falamos neste Pleno de emprego propoñendo a relación dun plan de emprego xuvenil acordando entre tódolos grupos adicar o 25% da partida orzamentaria, todo sen que este Goberno municipal tivese a ben acoller de forma positiva unha soa destas propostas demostrando a súa realidade actual, a dun goberno esgotado, rancio e sen propostas que agora a tres meses de deixar de

ser goberno intenta cubrir un expediente baleiro presentando por primeira vez nesta lexislatura, repito, por primeira vez nesta lexislatura unha moción sobre mocidade como vimos antes, ou facendo anuncio baleiros en prensa dalgunha actividade xuvenil vella que tratan de vestir de innovadora, pero o tempo señores do Goberno Municipal, fixo “tic, tac” e rematou para vostedes.

Hoxe quero falarlles de ocio alternativo, un dos piares de traballo do Partido Popular de Vigo que forma parte das 15 propostas de política xuvenil do Partido Popular, instamos a recuperación dun programa de ocio xuvenil eliminado non 2008, no que puidemos participar miles de mozos/as durante os venres e sábados dos oitos anos, fálolle das Noites Vivas, neste Concello non só temos que pedir que presenten novas ideas para a mocidade das que carecen ou que acepten as que nós lle propoñemos, se non que temos que pedir case por favor, que deixen de pechar espazos municipais e que recuperen iniciativas que eran todo un éxito, non nos gusta admitir que as Noites Vivas foron un programa tremendamente exitoso, e eu engado que foi unhas das maiores e mellores iniciativas en canto a política xuvenil que se levaron adiante neste Concello, por iso, as potenciamos cando o Partido Popular gobernou Vigo, pero de nada vale crear e conseguir o éxito dun programa coa cantidade de recursos necesarios se cando está implantado o eliminamos. Iso foi o que pasou coas Noites Vivas, creadas no ano 2000 e eliminadas oito anos despois alegando nese momento, a Tenencia de Alcaldía responsable do programa, que o Concello quería darlle unha volta ao proxecto, afirmando que era un programa exitoso con moi boa acollida, así o recolleron os medios, pasaron sete anos dende a desaparición das Noites Vivas para darlle supostamente, unha volta e a día de hoxe, no ano 2015, este Concello está aínda perdido e dando voltas, sen saber que facer nin que ofrecerlle á mocidade.

A inquietude do Partido Popular pola mocidade e este programa desaparecido non é nova, e xa naquel momento, meses despois de que morreran as Noites Vivas, na sesión Plenaria do 23 de febreiro de 2009, hoxe xusto hai seis anos, esta Grupo propuxo recuperar as Noites Vivas nunha moción que foi aprobada e unha vez máis o seu goberno, Sr. Caballero, fixo gala total da súa falla de democracia incumprindo outro acordo.

En lugar de darlle unha volta cando se fala de xuventude están vostedes perdidos e dando voltas, por iso mesmo dende o Partido Popular de Vigo queremos, unha vez máis, marcarlle o camiño en materia de política xuvenil a esta goberno esgotado, durante os poucos meses que lle quedan, xa que despois unha alcaldesa nova e coñecedora da realidade e necesidades dos mozos/as porá no eixo central dun novo goberno aos 90.000 mozos e menores de 35 anos que conforman un terzo da corporación desta cidade.

Recuperar os concertos de música directo en Musicalia, a liga xuvenil de improvisación teatral, actividades de capoeira, de batuka, de break dance, dance do ventre, deporte ao aire libre, clases de cociña xuvenil, clases de masaxe, actividades físicas, clases para facer tatuaxes, e un sen fin de actividades para tódolos gustos da mocidade é o que pedimos recuperar no día de hoxe.

Solicitamos polo tanto, a recuperación do programa daquelas marabillosas Noites Vivas que vostedes señores do Goberno de Vigo deixaron morrer, ademais do amplo abanico de actividades que se facían pedimos que lle dean tamén unha volta, iso si que non sexan outros sete anos, para que as novas Noites Vivas se adapten aos gustos e necesidades da mocidade do ano 2015. Estou completamente convencido de que moitos dos rapaces/as que naqueles anos participaron hai anos naquelas marabillosas Noites Vivas, estarán e estarían moi ilusionados e orgullosos de que algún día os seus fillos participen nas novas Noites Vivas de Vigo. Déanlle vostedes a oportunidade no día de hoxe, está nas súas mans.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Marabillosas as Noites Vivas, só lle faltou dicir que foi unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, cando gobernaba esta cidade e había un Alcalde nacionalista. Efectivamente, polo ano 2000 se puxeron en marcha as Noites Vivas cun gran éxito de público e de mozos/as que participaron, daquela o Partido Popular non tiña tan claro aquilo, eu lémbrome que cando empezamos coas Noites Vivas houbo aquí no Pleno un debate nada máis e nada menos porque unha das actividades “eran técnicas para ligar”, e o Partido Popular naquel Pleno fixeran vostedes unha moción para ver que era iso de “técnicas para ligar” e como se nos ocorría facer unha actividade que era

“técnicas para ligar”, si sabían o que eran as técnicas para ligar pero crían que íamos a facer outras cousas. Naquel momento houbo unha polémica que nos veu moi ben, saímos nas televisións estatais, saíu Vigo gracias a esa polémica creada polo Partido Popular, e eu en concreto lémbrome que como concelleiro de xuventude por aquela, visitei a primeira vez que se facían as técnicas para ligar, a ver se aprendía algo tamén, non? E a verdade é que foi un tremendo éxito, no meu caso persoal non, pero creo que foi un tremendo éxito en canto á afluencia de mozos/as.

Polo tanto, benvidos a recuperar ese programa, que nos estamos completamente de acordo en que sería bo, señora concelleira de Xuventude, recuperar esa actividade, non é certo que nós as pecháramos senón que naquel momento lle demos un xiro distinto e naquel momento no 2008 si existían na nosa cidade alternativas de abondo para os mozos/as, incluso tamén en horario nocturno que a miña compañeira a Sra. Veloso puxo en marcha.

Efectivamente, dende aquela non hai nin esas alternativas nin as Noites Vivas, polo cal parécenos moi ben e señora concelleira, ánimoa a que recupere as Noites Vivas e recupere tamén aquel famoso taller obradoiro de “técnicas para ligar” que seguro que nesta ocasión algún membro/a do Partido Popular se anotaría a esas actividades, estou convencido de que si.

Nós imos apoiar esta moción, pero queríamos para que sexan “cousiñas” só o que de cara a mocidade aquí se propón, eu non vou cualificar as súas mocións, señor concelleiro do Partido Popular de “cousiñas” ou non, eu xa o dixen no último Pleno, é que o problema é que o Partido Popular non é crible, nin fiable cando nos ven a dar leccións aos demais de políticas para a mocidade, debería darllas ao Sr. Feijóo, ao Goberno da Xunta de Galicia que está absolutamente desatendendo e deixando como única actividade para os mozos/as galegos/as o feito de ter que emigrar para buscar un traballo, esa é a única actividade que está a promover o Partido Popular dende a Xunta de Galicia, facer que os nosos mozos/as teñan que emigrar por non atopar oportunidades no noso país, neste caso tamén na nosa cidade.

Queremos engadirlle á recuperación de Noites Vivas cousas que nos parecen importantes, como a reapertura da actividade Súbete ao Castro, señora

concelleira acabamos de ver que agora queren mandalo para o Auditorio, non entendemos porque estiveron pechadas esas actividades, non entendemos tamén porque agora a raíz dunha presión vostedes van cambiar, esperemos que se manteña o corpo desas actividades, queremos ademais solicitar dunha vez por todas, a descentralización dos servizos de información xuvenil para que se acheguen ós nosos barrios e as nosas parroquias, o Bloque Nacionalista Galego daquela potenciou a Casa da Xuventude como elemento fundamental e daquela empezáramos xa a derivar informacións xuvenís ás nosas asociacións de veciños, aos barrios e parroquias. Queremos pedir tamén a creación dun recinto cuberto para deportes urbanos, preocúpanos o futuro do Marisquiño, dun evento que pon a Vigo no máis alto do mundo, e que é un evento dos máis valorados pola mocidade, preocúpanos a súa continuidade na nosa cidade e por iso tamén lle pedimos que fagan tódolos esforzos para revitalizalo e recuperalo.

SRA. LAGO REY: Antes que nada quero facer unha puntualización ao Sr. Larrauri que está no publico, que acaba de dicir que eu son unha muller floreiro, xa sabemos que Xuntos e Podemos son un partido de machistas, as mulleres estamos fartas de homes cavernícolas como vostedes, cavernícolas. A min non me subiron a ningún sitio, cheguei mas lonxe e máis alto que ningún dos homes que coñezo en España.

Quero puntualizar outra cousa, a Lei de igualdade que propuxo o Partido Socialista foi un fito na historia, no 2007 a súa aprobación, un fito, faga o favor de respectarnos ás mulleres, a min vostede non me ofende porque non pode, cálese que non é a súa quenda.

Sr. Domínguez, as Noites Vivas morréronlle a vostedes, no 2008, anda mal de datos, eu non cheguei ata o 2011, agora sete anos despois recuperamos as Noites Vivas, pero morréronlle a vostedes e ben mortas, saben por que? Porque non ían os mozos, porque a partires das 11 da noite aos mozos non lles interesaban esas iniciativas, son datos recollidos e gardados na concellería, non lles interesaban. É certo que tiveron un boom en Vigo e en toda España e morreron, excepto en catro sitios de España, pero fóronse apagando, aos mozos non lles interesaba isto. Colla estes datos, Sr. Domínguez e dígollo dende o

cariño, o programa que se chama agora Ocio Alternativo de Vigo, iniciouse por este goberno no 2011, foi recoñecido por terceiro ano consecutivo polo propio Ministerio de Sanidade e Consumo, Sr. Pérez, e concedeulle as subvencións máis altas de toda España. Está dotada de 92.820 euros, é unha das máis altas de España e moito máis elevado onde vostedes gobernan en Galicia, Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Ferrol, contou durante o ano 2014 cun total de 78.211 usuarios, e superou no 2014 o 32% da expectativa de participación con relación a anos anteriores, a subvención é máis alta que cando gobernaba o Partido Popular e como cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego, é o dobre, a participación de usuarios duplicouse dende que vostedes non están, collan ese dato. Ampliouse o horario de tódolos servizos a partir de 2011, non antes, pasando a permanecer abertos tódalas tardes e tódalas semanas, e hoxe por hoxe ao menos un permanece aberto tódolos días do ano, excepto algún festivo moi sinalado. Ampliouse a oferta de ocio de verán, lémbrolle 4.000 prazas, a máis grande na historia desta cidade, un verdadeiro exemplo da conciliación da vida laboral e lémbrolle que a inscrición telemática é unha cousa deste Goberno que por segundo ano consecutivo eliminou as colas tan indignas e a xente que tiña que madrugar as tres, catro da mañá para coller praza, a páxina web ten visitas individualizadas, 68.000 é outro récord ata o punto de necesitar contratar.

O Vigosónico onde vai esconder os 600 temas gravados? Nese almacén que vostede chama almacén hai 100 grupos, 600 mozos ensaiando cada semana, graváronse xa 600 temas, onde os vai esconder? Sempre di que é mentira, demóstreo, os datos están colgados, Vigosónico está aberto e segue mentindo.

No 2014, celebráronse 140 concertos cunha asistencia de 18.000 mozos, por iso nos dan a subvención, porque chegamos aos mozos. No Súbete ao Castro no Vigosónico, en salas como a Iguana Club, A Fábrica de Chocolate, o Contrabaixo, a Sala Gus, Bonus Track, a Pecera, de Catro a Catro, a Cova do Trasnó, unha alternativa ao inverno e onde non se serven bebidas alcohólicas mentres os mozos están facendo as súas actividades; o Síntome Ben, dende que está na Casa da Xuventude participaron 16.676 mozos, que acoden a programas de actividade física, cursos de primeiros auxilios, teñen consellos sobre hábitos

saudables, medio ambientais, os hortos urbanos, que tampouco lle gustan, pero son os únicos que se rexistran practicamente en toda Galicia por que? Porque están apoiados por mozos que ensinan a mozos, e son todo un éxito e por iso veñen aquí os concelleiros de tódolos demais concellos a ver por que é un éxito.

SR. PÉREZ DÁVILA: “Cousiñas”, Sra. Lago, as súas responsabilidades son “cousiñas”. Non me preocupa nada que diga que eu non intereso, seguramente tamén teña que ir vostede a esas técnicas de ligar, eu vou ir tamén se as poñemos en marcha. O que me preocupa bastante é que a vostede non lle interesen as súas responsabilidades e as súas cousas, iso si que me preocupa bastante e quero empezar a replica como empezou o Sr. Domínguez Olveira e dicía as maravillosas Noites Vivas só lle faltou dicir ao Partido Popular que as puxemos en marcha nós non, o Bloque Nacionalista Galego, eu xa o dixen, xa o poño en riba da mesa, pero a vostede tamén lle faltou dicir que as pecharon vostedes, dicía o 2 de decembro de 2009 Atlántico Diario, “o Bloque Nacionalista Galego suspende o programa Noites Vivas por primeira vez en dez anos. A edición de outono non se desenvolverá porque o Concello quere darlle unha volta ao proxecto” como dixen antes xa, démoslle tantas voltas que sete anos despois non temos nada. O Partido Popular nesta cidade sempre recoñeceu Noites Vivas e proba diso é que as potenciamos e mantivemos cando gobernamos. Polo tanto, xa lle adianto que dixen tamén adaptar esas Noites Vivas ás novas necesidades da cidadanía no 2015, se as técnicas de ligar son as necesidades, as poñemos e eu son o primeiro en apuntarme, se quere tamén podemos poñer o Tuppersex que propuxera a Sra. Veloso, eu tamén me apunto e incluso un taller de lectura de “50 sombras de Grey” eu tamén me apunto e así polo menos facemos a cousa moi entretida.

Di vostede que o Partido Popular non é crible pero non é crible en materia de xuventude, pero vostedes menos porque cada día a xuventude e a mocidade e a sociedade en xeral os vota menos e por iso cada día son menos, por iso é a diferenza entre un Partido Popular que si presenta aquí unha mocións que despois a Sra. Lago certifica do seu éxito presentando iniciativas e instando a este Goberno que faga cousa que xa temos feitas dende a Xunta de Galicia cun

Plan de Emprego Xuvenil de 100 millóns de euros que lle propuxen aquí, e vostede dixo non. escoite un pouco Sra. Lago, para ser “cousiñas” vostede non é capaz de encargarse delas, encárguese un pouco das cousas, nós xa lle dixemos 15 cousas das que se ten que encargar durante estes tres meses que lle quedan, e despois xa as facemos nós Sra. Lago cunha alcaldesa nova, que por certo, no seu grupo non coñecen o que pasa coa xuventude porque de mocidade no seu grupo non hai ninguén.

“Cousiñas” de 500.000 euros, medio millón de euros non son “cousiñas”, medio millón de euros que aprobamos nun Plan de Emprego Xuvenil por primeira vez na historia desta cidade, gracias a esixencia deste Partido Popular e vostedes só foron capaces de gastar “euritos”, de 500.000 euros vostedes gastaron 28.000 euros, o resto de todos eses “eurazos” que faltaron por gastar para un Plan de Emprego Xuvenil, non os utilizaron vostedes e esa é a súa responsabilidade.

Sra. Lago é unha auténtica vergoña que despois de ter presentado aquí quince propostas en materia xuvenil redactadas por mozos desta cidade, a concelleira da décimo carta cidade desta país, con 90.000 mozos e cun terzo da poboación nova o única que saiba dicir para responder e para dar iniciativa xuvenís, hai que dicir que ser mozo e ser do Partido Popular é que é raro.

De 100.000 afiliados neste país a maioría son mozos/as.

PRESIDENCIA: Creo que hai unha emenda sobre a que se ten que pronunciar.

SR. PÉREZ DÁVILA: Si, aceptamos a emenda.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, presenta a seguinte emenda de engádeda:

Engadir o seguinte:

- .- Instar ao goberno municipal a reapertura da actividade “Súbete ó Castro”.
- .- Descentralizar os servizos de información xuvenil para achegalos aos distintos barrios da cidade.
- .- Creación dun recinto cuberto para deportes urbanos.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Pérez Davila, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, acórdase incluír a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 11.02.2015 (Rex. Nº 1053/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, coa emenda de engádeda presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, co seguinte texto:

1.- Instar ao goberno municipal á recuperación do programa "Noites Vivas" actualizado ás necesidades da mocidade viguesa no ano 2015."

2.- Instar ao goberno municipal a reapertura da actividade "Súbete ó Castro".

3.- Descentralizar os servizos de información xuvenil para achegalos aos distintos barrios da cidade.

4.- Creación dun recinto cuberto para deportes urbanos.

4.3(42).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ADAPTACIÓN DA ESCALEIRA MECÁNICA DA RÚA II REPÚBLICA QUE PERMITA A UTILIZACIÓN AS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. EXPTE. 1055/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de febreiro de 2015, número 1055/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Semanas atrás foi inaugurada unha escaleira mecánica na rúa II república, que salva un desnivel aproximado de 10 metros entre a Porta do sol e a rúa Abeleira Menéndez.

A obra, segundo informou o alcalde de Vigo, basease en proxectos ensaiados noutras cidades, como Barcelona, Sevilla, Vitoria, ou Santander.

Está ben que poñamos en funcionamento sistemas para mellorar a accesibilidade no casco urbán de Vigo, pero sempre tendo en conta as persoas con mobilidade reducida en primeiro lugar, algo que parece non se tivo en conta nesta actuación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguintes acordos:

1. Realizar a adaptación da escaleira mecánica da rúa II Republica para que

permita a utilización as persoas con mobilidades reducida.

2. Ter en conta as necesidades deste colectivo nas actuacións de mellora de vías na cidade.”

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CENDÓN ALONSO: Como é a miña última intervención neste Pleno gustárame hoxe, 23 de febreiro, día do nacemento do Sr. Laxeiro, un pintor de Lalín que viviu moitos anos nesta cidade, gustárame ter un recordo cara o Sr. Laxeiro no día de hoxe.

Semanas atrás foi inaugurada unha escaleira mecánica na rúa Segunda República que salva un nivel aproximado de dez metros entre a Porto do Sol e a rúa Abeleira Menéndez. A obra, segundo asinou no seu día o Alcalde de Vigo basease en proxectos ensaiados noutras cidades de España como Barcelona, Sevilla, Vitoria ou Santander, pero dista moito de conseguir os resultados acadados nestas cidades.

Foi inaugurada entre protestas veciñais por considerar que o Orzamento é desproporcionado para unha cidade na que moitas familias están a pasar serias dificultades económicas e non contou coa presenza de ningún usuario de cadeira de rodas, e isto é o que máis nos preocupa. A orografía de Vigo presenta barreiras que dificultan os desprazamentos a pe, e está ben que poñamos en funcionamento sistemas para mellorar a accesibilidade no casco urbano, pero sempre tendo en conta en primeiro lugar ás persoas con mobilidade reducida, sempre elas en primeiro lugar, aqueles que teñen máis dificultades para desprazarse, algo que parece que non se tivo en conta nesta actuación.

Non só non se lles tivo en conta na actuación senón que nin sequera se lles escoitou, chamaron a este Concello e non foron recibidos. Como poden explicar que nun proxecto para mellorar a accesibilidade se instale unha escaleira que non permite a utilización a persoas con mobilidade reducida, a maiores que

portan carros da compra, a maiores que portan maletas, nais que levan os seus nenos en cadeiras para bebés, como se explica esta actuación? Unha cidade humanizada é aquela que consegue entregar a todos aqueles que a habitan, aquela que acada a convivencia entre nenos, adultos e maiores, a que consegue normalizar as actividades de tódolos discapacitados, os usuarios, de tódolos que teñen algunha discapacidade, tanto física, psíquica como sensorial. Cidadáns de pleno dereito, con ambicións, con desexos e gañas de participar na sociedade. A accesibilidade universal é un concepto clave para facer a vida cómoda para todos, sen distinguir capacidades, e aquela que existe pero pasa desapercibida para a maioría dos usuarios. Vostedes conseguiron con esta actuación molestar a tódalas persoas que máis a precisaban, ás persoas con problemas de mobilidade. Por todo isto, e dado que este proxecto non está aínda rematado o Partido Popular propón o seguinte, “realizar a adaptación da escaleira mecánica da rúa Segunda República para que permita a utilización a persoas con mobilidade reducida, ter en conta as necesidades deste colectivo nas actuacións de mellora de viais na cidade e no proxecto de Vigo Vertical”.

SR. ALONSO PÉREZ: É evidente que hai un problema de orografía na cidade que precisa actuacións que teñan en conta a globalidade do problema, non ir poñendo parches e ademais que non reúnan as condicións que precisan, é preciso estudar as cousas e darlle unha solución global.

Cando o Bloque Nacionalista Galego estabamos no goberno local, fíxose un estudo da situación e da necesidade de salvar eses desniveis e ademais, cun proxecto moi interesante xa que era un funicular con catro paradas en Berbés, Poboadores, Alfonso XII e o Concello, que permitía que moita xente poidera acceder a este funicular e resolvía o problema que agora propón a moción do Partido Popular da cuestión das persoas con mobilidade reducida.

Eu creo que o Goberno Local ten que actuar para dar solución a este problema, non só as nais levan carros, tamén os avós e os pais levan carros de nenas/os, e hai xente con mobilidade reducida que precisa salvar ese desnivel; polo tanto, imos votar a favor, cremos que hai que seguir estudando non de maneira independente cada actuación, hai que velo de maneira global e hai que pensar

en tódolos cidadáns e sobre todo en aqueles que teñen máis dificultades, por iso imos votar a favor da moción.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Non sei como se pode votar a favor desta moción porque tecnicamente non é posible, a min chámame moito a atención, eu dígoo polo Sr. Alonso, do Bloque Nacionalista Galego, sorpréndeme moito que non houbera estudado o tema e que diga que se poida facer algo que é imposible facelo tecnicamente e se ten algún sitio onde estea feito, me leva e o vemos, o vemos xuntos porque eu non o coñezo, nin o coñece ninguén.

Ideas, xenialidades do Partido Popular que aquí vimos a debater, un Partido Popular que traizoa á cidade, ás viguesas/es, e á xente máis necesitada, á xente con mobilidade reducida tamén.

Vemos como o Partido Popular cando gobernaba nesta cidade, suprimiu os bancos das rúas porque dicía que había que suprimilos porque neles se sentaba a xente máis necesitada e que non querían esa imaxe no centro da cidade, iso fai o Partido Popular cando goberna en favor da mobilidade e da nosa xente maior.

As ramplas mecánicas unicamente poden encaixar en tramos con pequenas pendentes, podendo chegar a unha inclinación do 12%, nun ámbito do proxecto a inclinación media das escaleira existentes na rúa de Segunda República é un 17%, chegando incluso nalgúns tramos a un 21%, polo cal é tecnicamente imposible. Polo trazado, lonxitude e ancho da rúa é imposible o encaixe dun ascensor, xa que existen vivendas en ámbolos marxes e a rúa non é recta, polo que a colocación dun ascensor perde sentido, coa escaleira mecánica case non se vía a rasante, é dicir, mantemos a rasante da propia rúa, se se modificase dita rasante como é unha zona do Casco Vello, unha zona de protección patrimonial, non sería aprobado o proxecto, pola complexión de Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia.

Vigo, a miña cidade, a nosa cidade, unha cidade na cremos e sobre todo que gobernamos para os máis necesitados, na cidade hai 567 prazas para un colectivo de persoas de mobilidade reducida, dende que o Sr. Caballero é Alcalde, dende que goberna a cidade creáronse desas 567, 291 prazas.

Vigo converteuse na primeira cidade galega co 100% da frota de autobuses

urbanos accesibles, Vigo no Plan FEIL converteuse na cidade que investiu na eliminación de barreiras arquitectónicas, lembrámoslles, o Concello levou a cabo melloras de accesibilidade nos equipamentos e instalacións públicas, en función das limitacións dos inmobles, por que non o fixo o Partido Popular cando gobernaba? Nós si o fixemos, naquel goberno tamén estaba o Bloque Nacionalista Galego, fixémoslo en colaboración coa ONCE e con COGAMI, como ata agora, sempre traballando cos colectivos, e destinamos naquel momento 2.300.000 euros en facilitar a mobilidade en máis de 20 equipamentos e dependencias municipais, 20 equipamentos e edificios municipais que agora son accesibles, no mundo do deporte, da cultura, da xuventude, da igualdade, pavillóns como os das Travesas, o Berbés, Lavadores, Coruxo, Valladares, Monte da Mina, non eran accesibles, agora son accesibles. Pero tamén as UBAS, de CEDRO, tamén a Casa da Acollida da Muller, gracias a esta Plan fomos capaces de facer un Vigo máis accesible, pero como vostedes saben, a Sra. Egerique sempre me di “dáme vostede unha relación de rúas, cantas rúas”, xa lle digo eu que se humanizou moito en Vigo”, claro que se humanizou moito en Vigo, Sra. Egerique, sabe canto? 510 rúas, e sabe o que se fixo nesas rúas nas que se investiron máis de 160 millóns de euros? Fixéronse rúas accesibles, integradas, para que a xente con mobilidade reducida poida saír da casa, fixemos un plan de ascensores en Coia e dinos a xente e veciños/as de Coia que agora poden saír da casa, que antes vivindo nun terceiro piso non podían baixar da casa.

No marco de todas estas actuacións máis de 770 persoas se benefician anualmente do servizo municipal de Axuda no Fogar, iso é accesibilidade.

Por suposto que hai moitas cousas que facer, e por suposto que imos seguir traballando porque nós non somos o Partido Popular, non estamos traizoando á cidade, nós somos o partido que goberna esta cidade e co Alcalde ao fronte estámoslle a dicir tódolos cidadáns que imos seguir facendo e construíndo un Vigo moito máis accesible, seguiremos traballando na supresión de barreiras arquitectónicas, nos edificios municipais xa non podemos facer máis porque xa está todo feito, cousa que cando gobernaban vostedes non estaba feito. Pero nas rúas, na vida, no ocio da xente se imos seguir traballando.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Parece que unha vez máis “cousiñas” menores do Partido Popular. Sr. Regades, vostedes en accesibilidade cero patatero que é o que é o que din as asociacións, polo menos podían ter a decencia de convocar os consellos que lle corresponden.

Ninguén lle pedía orixinalidade porque vostedes cando pretenden ser orixinais saímos na prensa nacional e en tódolos telexornais nacionais, só lle pedíamos que copiaran actuacións que se teñen feito, tampouco pedíamos que copiaran vostedes a actuación de Toledo que evidentemente é premio internacional, non lle pedíamos iso porque non están os tempos para un investimento tan importante.

Pero dicía que non se podía facer, este proxecto está consensuado con empresas que o fan, isto se pode facer por unha cidade máis accesible, se pode facer con esta pendente porque o temos consultado. Sr. Regades, cale que xa tivo o seu tempo de intervención, fálame de prazas para persoas con mobilidade reducida, de que prazas me fala? De prazas que non permiten o uso ao vehículos con apertura posterior? Que son os que máis utilizan precisamente esas persoas, de que me fala? De prazas que non se poden abrir a porta lateralmente porque están rotuladas onde hai árbores, onde hai sinais, papeleiras, de que me fala? De beirarrúas que están sen rotular e que lle permiten aparcadoiros ás motos fronte as prazas de persoas con mobilidade reducida? Pero tanto custa un Bote de pintura para rotular a beirarrúa? É que realmente esas prazas sexan verdadeiramente accesibles.

Miren, copien de A Coruña, que o fai bastante mellor. Ademais non nos doen prendas, copien a Pontevedra que a temos aí ao carón, si a Pontevedra, o Alcalde sempre se lle enche a boca e di, e Pontevedra, Pontevedra ten un premio internacional, foi recoñecida pola ONU como a cidade máis accesible e ademais voulle ler o que di a ONU porque é importante, di “un modelo transferible que pode ser executado noutro municipio sen ningún tipo de problema” isto dicía o veredicto, ou sexa que o único que teñen que facer é copiar as actuacións de outros, e non sexan orixinais, queremos unha cidade accesible e isto Sr. Regades non son “cousiñas” menores do Partido Popular.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 11.02.2015 (Rex. Nº 1055/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

4.A(43).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CHEGAR A ACORDOS COAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PARA A REMODELACIÓN DE BALAÍDOS, CONTEMPLANDO O ENTORNO DO ESTADIO, CON SOLUCIÓN AO APARCADOIRO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1063/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro de 2015, número 1063/1101, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"No pleno do próximo luns 23 de febreiro vaise debater a aprobación do crédito extraordinario para o financiamento das obras dos proxectos da remodelación de modernización do estadio de fútbol de Balaídos e outros campos, cun importe de 3.438.677€.

O BNG está dacordo na remodelación para garantir a seguridade e a funcionalidade do estadio e na reparación dos outros campos de fútbol.

Pero da lectura do informe da memoria incluída no expediente despréndese que o concello de Vigo non ten nada conveniado con ningunha administración (Xunta, Deputación, Zona Franca...), e dada a incapacidade deste goberno local para chegar a acordos con outras administracións, e como o BNG quere que a remodelación sexa un proxecto integral propón á Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar ao goberno local a chegar a acordos coas distintas administracións para

1. A remodelación do estadio de Balaídos contemplando o entorno do estadio, con solución ao aparcamento.
2. Se acometa dunha vez o investimento nas pistas de atletismo para unha reforma integral que contemple un módulo cuberto."

DEBATE:

PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente do Bloque Nacionalista Galego que considero que a van retirar porque o tema de Balaídos xa foi tratado.

SR. ALONSO PÉREZ: Non a imos retirar.

PRESIDENCIA: Procede polo tanto pronunciarse sobre a urxencia.

SR. ALONSO PÉREZ: Explicamos para ver a urxencia?

PRESIDENCIA: Ten vostede 30 segundos.

SR. ALONSO PÉREZ: Basicamente é a preocupación de que de novo as pistas de

atletismo non entren dentro do investimento, esa é a razón fundamental da moción, porque non aparece nin ten nada que ver coa modificación de crédito que discutimos antes.

PRESIDENCIA: Sometemos a votación a urxencia porque nas previsións de convenio están as pistas de atletismo e non ten absolutamente ningunha urxencia esa cuestión.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, doce abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e once votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitada a urxencia da moción.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1(44).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO Á LIMPEZA DO PAU DE NAVIA.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Despois de estar con veciños do Pau de Navia, queren que se lle trasladen ao Pleno deste Concello un rogo que é relativo á limpeza do Pau, parece que as condicións de limpeza no Pau de Navia non son as que teñen que ser para poboación que alí vive, entón queremos rogar ao Concello que se

preocupe pola limpeza desa zona.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Como toda a cidade “niquelado”, o Pau de Navia niquelado.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(45).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO AOS ERROS INFORMÁTICOS DA FACTURA ELECTRÓNICA.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dende o 15 de xaneiro do 2015 entrou en vigor a obrigatoriedade da factura electrónica para a facturación ás administracións por un importe superior a 5.000 euros, coa finalidade de axilizar o pago de empresas e provedores, chégannos noticias, por iso a pregunta, parece que hai un erro informático e que hai bastantes facturas deste tipo bloqueadas, con aras de seguir mantendo a obriga de pagos tal e como se está facendo agora mesmo e recoñecemos que se está facendo, a pregunta é se é certo que existe este problema e cales son as medidas que o Goberno municipal ten previsto para que este problema se solucione?

PRESIDENCIA: Son dúas preguntas.

SR. SILVA REGO: Si ten vostede razón Sr. Domínguez, está a haber un serio problema con Facenda que non ten o produto ben elaborado e cando as persoas que teñen que rexistrarse na páxina de Facenda ao intentalo os rexeita, nós xa nos temos posto en contacto con Facenda para dicirlle que non pode ser que os concellos se sumen a esa proposta de factura electrónica e que o Ministerio de Facenda non teña a estrutura necesaria para que aqueles que queren e teñen obriga de pagar a través desa factura electrónica non o poidan facer, o certo é que iso é o que nos atopamos sempre co Partido Popular, as cousas fanse

bastante mal.

6.2(46).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO AO CUSTO DO TRASLADO DO BERNARDO ALFAGEME.

SR. ALONSO PÉREZ: Quería saber que xustificación ten o goberno municipal para esta desproporcionada actuación policial no traslado do Bernardo Alfageme e cal foi o custo da operación?.

PRESIDENCIA: Xa superou, xa fixeron dúas preguntas, agora outras dúas superou as tres regulamentarias, contestarémolle por escrito.

6.3(47).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. ALONSO ALONSO, RELATIVO AO CRITERIO DE INTERVENCIÓN NO PLENO DE COLECTIVOS.

SRA. ALONSO ALONSO: Quixeramos saber dende o noso grupo do Partido Popular que criterios se están a seguir na actualidade para proceder ás intervencións neste Pleno que se fan en solicitude por parte dos colectivos.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

6.4(48).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. ALONSO ALONSO, RELATIVO AO USO DO NOVO CENTRO VECIÑAL DA MIÑOCA.

SRA. ALONSO ALONSO: No novo Centro Veciñal da Miñooca quixeramos saber se vai ser o uso en totalidade para o Centro Veciñal ou se vai adicar a outro tipo de colectivos no novo centro veciñal.

PRESIDENCIA: O importante é que hai un centro estupendo na Miñooca e cando vostedes gobernaban non había.

6.5(49).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO AO ASFALTADO DOS SENDEIROS DO PARQUE DE CASTRELOS .

SR. ARAÚJO PEREIRA: Facéndonos eco das propostas de corredores e veciños que usan as pistas de Castrelos, sobre todo en temas medio ambientais e do que sae hoxe na prensa que di que o concello asfalta os sendeiros do parque de Castrelos, queremos saber como nun ben de interese cultural se fai ese asfaltado.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

PRESIDENCIA: Xa están as tres preguntas formuladas.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Alcalde unha cuestión de orde, o Regulamento di catro preguntas por grupo.

PRESIDENCIA: Seguinte pregunta do Grupo Popular.

6.6(50).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO

MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GARCÍA MÍGUEZ, RELATIVO AS ASOCIACIÓN S QUE COMEZARON A CONTRATACIÓN A TRAVÉS DO PLAN DE EMPREGO DO 2015.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Na Xunta de Goberno do pasado venres aprobouse a Convocatoria e bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego do 2015, o Plan de Emprego co que traballa o Concello de Vigo e o período de contratación é do 1 de xaneiro ao 30 de setembro deste ano, dende o 1 de xaneiro é imposible facer a contratacións a día de hoxe. Queremos saber exactamente que asociacións son as que comezaron as contratacións dende o día 1 de xaneiro porque alguén tivo que avisarlle de que a contratación se podía facer.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

PRESIDENCIA: No habendo máis cuestións levántase a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.